En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9407**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“a situación na que se atopa a elaboración polo Goberno galego do balance anual de seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 correspondente ao exercicio 2019”**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten xa publicado o balance anual de seguimento do Plan Estratéxico correspondente ao ano 2019.

Enlace á publicación:

Seguimento do Plan Estratéxico 2015-2020 Informe Final

[file:///C:/Users/ffercid/Downloads/Seguimento\\_PE\\_Informe\\_final.pdf](file:///C:/Users/ffercid/Downloads/Seguimento_PE_Informe_final.pdf)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:32:24  
**Nº Rexistro: 24011**  
Data envío: 22/10/2021 13:32:24.874

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:32:21**

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número: 9751**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á demanda ao Goberno central da convocatoria da Comisión mixta de transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da Autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios, así como as xestións realizadas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Parlamento galego aprobou ata en tres ocasión e por unanimidade a proposición de lei para impulsar a transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma galega, coa fin de conseguir unha xestión directa da principal arteria de comunicación de Galicia.

A postura do Goberno galego foi tamén dende 2009 favorable a esta transferencia da titularidade da autoestrada para xestionala de xeito máis eficiente, pegada ao territorio e máis acorde aos intereses dos galegos.

A tramitación no Congreso da proposición de lei, iniciada o pasado mes de febreiro, estase a demorar no tempo, como proba o feito de que a presentación de emendas se prorrogara ata en 15 ocasións. Ademais, de maneira sorprendente o Grupo Socialista presentou unhas emendas ao texto legal que supoñen a renuncia explícita a que a autoestrada sexa plenamente galega, alegando que o traspaso podería poñer en risco as bonificacións das peaxes comprometidas polo Goberno central.

O Goberno galego seguirá a defender, como fixo sempre, que o traspaso da titularidade da AP-9 se faga coas garantías necesarias para asegurar unha xestión óptima e beneficiosa para o interese xeral dos galegos e acompañada dos recursos económicos e técnicos necesarios para a súa correcta xestión ata o remate da concesión, así como para acometer todas as obras previstas que seguen pendentes.





A maiores que se resalta que o goberno galego ten reclamado, por diferentes vías, a convocatoria da Comisión Mixta para abrir unha interlocución coa finalidade de analizar as materias susceptibles de traspaso á nosa Comunidade Autónoma, entre eles nomeadamente o traspaso da AP9.

Tanto por carta como en cada reunión que os membros do goberno galego manteñen cos representantes do goberno central se está insistindo no interese que ten Galicia na apertura da Comisión.

No pasado mes de abril o anterior Ministro de Política Territorial e Función Pública manifestou por carta a súa vontade de iniciar os contactos pertinentes de cara á convocatoria da Comisión Mixta que dende o goberno galego esperamos se materialice nunha convocatoria formal por parte da actual Ministra e poidamos empezar a falar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:32:15  
**Nº Rexistro: 24010**  
Data envío: 22/10/2021 13:32:15.937

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:32:12**

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10018**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **“a petición de desculpas polo presidente da Xunta de Galicia en relación co cuestionamento público do labor exercido polos corpos e forzas de seguridade durante esta pandemia”**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A situación sen precedentes xerada pola pandemia requiriu un compromiso total por parte de toda a sociedade en xeral, pero cunha especial implicación dalgúns colectivos determinados: profesionais da sanidade, dos servizos de emerxencia e dos servizos de seguridade, entre outros. A suma dos esforzos de todos estes colectivos, xunto coa implicación de toda a sociedade, motivou que esteamos afortunadamente avanzando para superar esta crise. A especial dedicación de todos estes colectivos foi recoñecida en moitas ocasións por parte da Xunta de Galicia e do seu Presidente, tanto en xuntanzas cos seus representantes como en declaracións públicas e privadas e, mesmo co recoñecemento coa Medalla de Galicia 2021 pola súa implicación e participación no dispositivo de vacinación en Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:31:46  
**Nº Rexistro: 24007**  
Data envío: 22/10/2021 13:31:46.202

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:31:42**

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10357**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias de Galicia”**, (publicada no BOPG número 96 do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é o principal destino termal de España. O número de mananciais existentes na comunidade supera os 300, o que a converte nunha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais.

Os nosos balnearios contan cunha longa tradición como centros terapéuticos, de relax e de lecer, ofrecendo experiencias turísticas termais para vivir Galicia dunha maneira diferente, a través da auga, conxugando o mellor da nosa terra co descanso en balnearios e talasos co obxectivo de chegar a todo tipo de visitantes e grupos de idades.

Dende a Xunta de Galicia apostouse polo termalismo mediante a inclusión na convocatoria ordinaria dos Plans de Sustentabilidade turística do proxecto Ourense Termal que finalmente foi aprobado pola Conferencia Sectorial de Turismo. O proxecto Ourense Termal, desenvolvido pola Deputación Provincial de Ourense é, ademais, unha oportunidade para xerar emprego na provincia, fixar poboación e frear a emigración. O Plan de Sustentabilidade Ourense Termal conta cun orzamento de 3,1 millóns de euros, dos que a Xunta aporta 1.350.000.

Dende a Xunta de Galicia estase a traballar nestes intres en vindeiras convocatorias dos Plans de Sustentabilidade Turística en destino para apostar por unha visión autonómica da programación e promoción do turismo termal en Galicia, a través do contacto e participación



de outras administracións, organizacións, asociacións, empresas, etc, como vehículo para fortalecer esa visión conxunta de ‘Galicia Termal’”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/10/2021 13:31:28**  
**Nº Rexistro: 24005**  
Data envío: 22/10/2021 13:31:28.327

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:31:24**

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -número: 8526, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para solucionar a situación laboral en que se atopan os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago, anteriormente inserida na liña Lugo-Santiago con anexos”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e a Consellería de Emprego e Igualdade** que ten o seguinte contido:

“Nos contratos de concesión de servizos de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral por estrada de titularidade autonómica, incluídos no Plan de Transporte Público de Galicia, estanse a respectar con absoluta pulcritude os requisitos de subrogación do persoal que se derivan dos diferentes convenios colectivos do sector do transporte de viaxeiros por estrada, en cada provincia de Galicia, así como dos acordos marco, a nivel autonómico e estatal, en relación a esa materia.

Tamén se están a respectar as condicións de subrogación, así como o resto de cláusulas de contido social, que se incorporaron aos pregos de condicións que rexeron a licitación dos contratos que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia a partir do acordo acadado en marzo do ano 2019 entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e as organizacións sindicais máis representativas do sector en Galicia.

En relación ao servizo de transporte que conecta a cidade de Santiago de Compostela co aeroporto de Lavacolla, hai que recordar que esta viña sendo prestada, por razóns históricas, a través dunha concesión de titularidade autonómica, a que conectaba as cidades de Santiago de Compostela e Lugo.





Ao tratarse dunha concesión implantada antes da posta en funcionamento do servizo de transporte urbano colectivo da cidade de Santiago de Compostela, o seu operador mantivo o dereito á prestación dese servizo ata decembro de 2020, momento no que se produciu a renovación da concesión.

Nese sentido, como parte dos traballos preparatorios do Plan de Transporte Público de Galicia, a Dirección Xeral de Mobilidade mantivo os contactos necesarios co Concello de Santiago de Compostela, que era o competente para a prestación dese servizo, ao tratarse dun tráfico intramunicipal.

Como resultado deses contactos, o Concello de Santiago de Compostela manifestou, de xeito expreso, a súa intención de prestar directamente o servizo entre o centro da cidade e o aeroporto de Lavacolla.

Do mesmo xeito, o Concello de Santiago de Compostela recibiu da Dirección Xeral de Mobilidade a información relativa ao persoal desa liña que debía subrogar ao abeiro dos convenios colectivos e acordos marco aplicables.

En consecuencia, e respectando a vontade do Concello de Santiago de Compostela, no exercicio das súas competencias propias, así como da súa autonomía local, a Dirección Xeral de Mobilidade excluíu o servizo de transporte entre a cidade de Santiago de Compostela e o aeroporto de Lavacolla das novas concesións de transporte público que desenvolveron o Plan de Transporte Público de Galicia.

Porén, chegado o momento no que se produciu a renovación das concesións afectadas, o 23 de decembro de 2020, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tivo coñecemento de que a Concello de Santiago de Compostela se opuxo a proceder á subrogación do persoal que, ata entón, viña prestando servizos nesa liña de transporte. E iso, a pesar de que, a partir desa mesma data, o servizo de transporte urbano municipal do Concello de Santiago de Compostela pasou a prestar ese mesmo servizo, mediante a prolongación dunha liña xa existente.

Por outra banda, cumpre sinalar que o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRLL) constitúese como o ente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais e, no desenvolvemento das súas funcións, actúa con autonomía respecto á Xunta de Galicia e de calquera outra institución da comunidade autónoma.



Así mesmo, o Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) (resolución de 26 de decembro de 2019), establece nos seus artigos 46.1 e 52.1 a lexitimación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e as organizacións sindicais Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (SN de CC.OO. de Galicia), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia), e ás propias persoas traballadoras e ás empresas afectadas polos conflitos, a solicitar os servizos de solución extraxudicial dos mesmos, entre os que se atopa a mediación laboral.

Polo tanto, é o CGRRLL o organismo previsto para o exercicio das funcións de mediación na comunidade autónoma de Galicia, e as partes afectadas polos mesmos conflitos as que poden exercer este dereito a solicitar esta mediación nos conflitos como o descrito.

No seu defecto, as persoas traballadoras poderán recorrer igualmente á reclamación dos seus dereitos a través da presentación das correspondentes demandas de conflito colectivo ou individual ante a xurisdición social, conforme ao previsto no artigo 2 da lei reguladora desta xurisdición”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:32:40  
**Nº Rexistro: 24013**  
Data envío: 22/10/2021 13:32:40.921

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:32:37**

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª -número: 8982, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir a seguridade durante a execución das obras de desmantelamento e derrubamento da estación de autobuses de Ourense, a realización dalgún control do seu cumprimento e a súa opinión respecto da existencia dalgún risco para a integridade das persoas”**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 8983, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 1 do BOPG número 187, do 13 de agosto de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:32:33  
**Nº Rexistro: 24012**  
Data envío: 22/10/2021 13:32:33.343

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:32:29**

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 1ª- **número: 9755**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á demanda ao Goberno central da convocatoria da Comisión mixta de transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da Autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios, así como as xestións realizadas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Parlamento galego aprobou ata en tres ocasión e por unanimidade a proposición de lei para impulsar a transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma galega, coa fin de conseguir unha xestión directa da principal arteria de comunicación de Galicia.

A postura do Goberno galego foi tamén dende 2009 favorable a esta transferencia da titularidade da autoestrada para xestionala de xeito máis eficiente, pegada ao territorio e máis acorde aos intereses dos galegos.

A tramitación no Congreso da proposición de lei, iniciada o pasado mes de febreiro, estase a demorar no tempo, como proba o feito de que a presentación de emendas se prorrogara ata en 15 ocasións. Ademais, de maneira sorprendente o Grupo Socialista presentou unhas emendas ao texto legal que supoñen a renuncia explícita a que a autoestrada sexa plenamente galega, alegando que o traspaso podería poñer en risco as bonificacións das peaxes comprometidas polo Goberno central.

O Goberno galego seguirá a defender, como fixo sempre, que o traspaso da titularidade da AP-9 se faga coas garantías necesarias para asegurar unha xestión óptima e beneficiosa para o interese xeral dos galegos e acompañada dos recursos económicos e técnicos necesarios para a súa correcta xestión ata o remate da concesión, así como para acometer todas as obras previstas que seguen pendentes.



A maiores que se resalta que o goberno galego ten reclamado, por diferentes vías, a convocatoria da Comisión Mixta para abrir unha interlocución coa finalidade de analizar as materias susceptibles de traspaso á nosa Comunidade Autónoma, entre eles nomeadamente o traspaso da AP9.

Tanto por carta como en cada reunión que os membros do goberno galego manteñen cos representantes do goberno central se está insistindo no interese que ten Galicia na apertura da Comisión.

No pasado mes de abril o anterior Ministro de Política Territorial e Función Pública manifestou por carta a súa vontade de iniciar os contactos pertinentes de cara á convocatoria da Comisión Mixta que dende o goberno galego esperamos se materialice nunha convocatoria formal por parte da actual Ministra e poidamos empezar a falar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:32:07  
**Nº Rexistro: 24009**  
Data envío: 22/10/2021 13:32:07.874

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:32:03**

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10019**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **“a valoración pola Xunta de Galicia do traballo desenvolto polas forzas e corpos de seguridade a prol da seguridade de todos os galegos e galegas en cumprimento das normas sanitarias establecidas polo Goberno galego”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A situación sen precedentes xerada pola pandemia requiriu un compromiso total por parte de toda a sociedade en xeral, pero cunha especial implicación dalgúns colectivos determinados: profesionais da sanidade, dos servizos de emerxencia e dos servizos de seguridade, entre outros. A suma dos esforzos de todos estes colectivos, xunto coa implicación de toda a sociedade, motivou que esteamos afortunadamente avanzando para superar esta crise. A especial dedicación de todos estes colectivos foi recoñecida en moitas ocasións por parte da Xunta de Galicia e do seu Presidente, tanto en xuntanzas cos seus representantes como en declaracións públicas e privadas e, mesmo co recoñecemento coa Medalla de Galicia 2021 pola súa implicación e participación no dispositivo de vacinación en Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:31:36  
**Nº Rexistro: 24006**  
Data envío: 22/10/2021 13:31:36.890

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:31:32**

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **10358**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias de Galicia”**, (publicada no BOPG número 97 do 18 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é o principal destino termal de España. O número de mananciais existentes na comunidade supera os 300, o que a converte nunha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais.

Os nosos balnearios contan cunha longa tradición como centros terapéuticos, de relax e de lecer, ofrecendo experiencias turísticas termais para vivir Galicia dunha maneira diferente, a través da auga, conxugando o mellor da nosa terra co descanso en balnearios e talasos co obxectivo de chegar a todo tipo de visitantes e grupos de idades.

Dende a Xunta de Galicia apostouse polo termalismo mediante a inclusión na convocatoria ordinaria dos Plans de Sustentabilidade turística do proxecto Ourense Termal que finalmente foi aprobado pola Conferencia Sectorial de Turismo. O proxecto Ourense Termal, desenvolvido pola Deputación Provincial de Ourense é, ademais, unha oportunidade para xerar emprego na provincia, fixar poboación e frear a emigración. O Plan de Sustentabilidade Ourense Termal conta cun orzamento de 3,1 millóns de euros, dos que a Xunta aporta 1.350.000.

Dende a Xunta de Galicia estase a traballar nestes intres en vindeiras convocatorias dos Plans de Sustentabilidade Turística en destino para apostar por unha visión autonómica da programación e promoción do turismo termal en Galicia, a través do contacto e participación



de outras administracións, organizacións, asociacións, empresas, etc, como vehículo para fortalecer esa visión conxunta de ‘Galicia Termal’”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/10/2021 13:31:20  
**Nº Rexistro: 24004**  
Data envío: 22/10/2021 13:31:20.030

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/10/2021 13:31:16


CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA


25 OUT. 2021

Núm. 24047



**Fiscalía  
Superior**

**Comunidade  
Autónoma  
de Galicia**



*Memoria* **2020**

CSV: BOPGDSPG-0eU8U1.MAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Fiscalía  
Superior**

**Comunidade  
Autónoma  
de Galicia**

# *Memoria* **2020**





CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# ÍNDICE XERAL

## PRESENTACIÓN

### **CAPÍTULO I. INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS..... 12**

SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR... 15

SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS ..... 19

SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA ..... 22

SECCIÓN 3.1. ORGANIGRAMA XERAL  
DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA ..... 22

SECCIÓN 3.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES  
DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA ..... 23

SECCIÓN 3.3. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO  
NA FISCALÍA AUTÓNOMICA..... 27

SECCIÓN 3.4. REUNIÓNS DA XUNTA DE FISCAIS  
DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA ..... 30

SECCIÓN 3.5. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA  
COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL  
NA COMUNIDADE AUTÓNOMA ..... 31

SECCIÓN 3.5.1 ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA  
COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA ..... 31

SECCIÓN 3.5.1.1. INSTRUCIÓNS XERAIS IMPARTIDAS ÁS  
FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. NOTAS DE SERVIZO. .... 31

SECCIÓN 3.5.1.2. REUNIÓNS DA XUNTA DE  
FISCAIS XEFES PROVINCIAIS DE GALICIA..... 35

SECCIÓN 3.5.1.3. XUNTAS DE COORDINACIÓN  
EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS..... 37

SECCIÓN 3.5.1.4. ACTIVIDADE INSPECTORA:  
INSPECCIÓNS E VISITAS INSTITUCIONAIS  
ÁS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA ..... 40

SECCIÓN 3.5.2.ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA  
COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA..... 41

SECCIÓN 3.5.2.1. ACTIVIDADES DE RELACIÓN  
COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS  
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA ..... 41



SECCIÓN 3.5.2.2. ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS.....	44
<b>SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS.....</b>	<b>47</b>
<b>SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA .....</b>	<b>48</b>
<b>SECCIÓN 6. INSTRUCIÓNS XERAIS E CONSULTAS .....</b>	<b>52</b>
<b>SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS .....</b>	<b>53</b>
<b>SECCIÓN 7.1. RESUMO DO CADRO ORGÁNICO     DE FISCAIS EN 2020 EN GALICIA.....</b>	<b>53</b>
<b>SECCIÓN 7.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL     DO CADRO DE FISCAIS EN 2020.....</b>	<b>56</b>
<b>CAPÍTULO II. ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS.....</b>	<b>60</b>
<b>SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS.....</b>	<b>63</b>
<b>SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL.....</b>	<b>63</b>
<b>SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA             DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS.             SÍNTESE GRÁFICA .....</b>	<b>63</b>
<b>SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS .....</b>	<b>64</b>
SECCIÓN 1.1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS .....	64
SECCIÓN 1.1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA .....	71
SECCIÓN 1.1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS.....	77
SECCIÓN 1.1.1.3.1. DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO (DP).....	77
SECCIÓN 1.1.1.3.2. PROCEDEMENTOS ABREVIADOS (PA) EN XULGADOS DE INSTRUCIÓN.....	87
SECCIÓN 1.1.1.3.3. DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (DU) .....	89
SECCIÓN 1.1.1.3.4. XUÍZO SOBRE DELITOS LEVES (XDL).....	92



SECCIÓN 1.1.1.3.5. SUMARIOS (SU) .....	95
SECCIÓN 1.1.1.3.6. PROCEDEMENTO DO TRIBUNAL DO XURADO (PX) .....	98
SECCIÓN 1.1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL.....	100
SECCIÓN 1.1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN .....	107
SECCIÓN 1.1.1.6. XUÍZOS .....	109
SECCIÓN 1.1.1.7. SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL (XP) E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS (AP) .....	114
SECCIÓN 1.1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). REFERENCIA A DILIXENCIAS PREPROCESUAIS (DPP) E EXPEDIENTES GOBERNATIVOS (EG) .....	123
SECCIÓN 1.1.1.9. EXECUTORIAS.....	129
<b>SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS) .....</b>	<b>131</b>
SECCIÓN 1.1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS) .....	131
SECCIÓN 1.1.2.1.1. RESUMO DOS DELITOS .....	132
SECCIÓN 1.1.2.1.2. EXAME DOS DELITOS INCOADOS .....	133
SECCIÓN 1.1.2.1.3. EXAME DOS DELITOS CUALIFICADOS.....	138
SECCIÓN 1.1.2.1.4. EXAME DOS DELITOS SENTENCIADOS .....	144
SECCIÓN 1.1.2.2. EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DELITUOSOS .....	148
§ 1. DELITOS CONTRA A VIDA (HOMICIDIOS) .....	148
§ 2. DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE FÍSICA (LESIÓNS) .....	156
§ 3. DELITOS DE TORTURAS E CONTRA A INTEGRIDADE MORAL..	164
§ 4. DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAIS .....	170
§ 5. DELITOS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA .....	183
§ 6. DELITOS CONTRA AS RELACIÓNS FAMILIARES .....	183
§ 7. DELITOS CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA.....	191
§ 8. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.....	208
§ 9. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.....	217
SECCIÓN 1.1.2.3. EXAME ESPECIAL DE DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA .....	228



SECCIÓN 1.1.2.4. EXAME ESPECIAL DE DELITOS NO ÁMBITO DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA: EN DIP E MEDIDAS DE PRISIÓN.....	230
<b>SECCIÓN 1.2. ÁREA CIVIL .....</b>	<b>233</b>
<b>SECCIÓN 1.2.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL     NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....</b>	<b>233</b>
<b>SECCIÓN 1.2.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL     NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.....</b>	<b>236</b>
<b>SECCIÓN 1.3. ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA.....</b>	<b>238</b>
<b>SECCIÓN 1.3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-     ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....</b>	<b>238</b>
<b>SECCIÓN 1.3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-     ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA.....</b>	<b>240</b>
<b>SECCIÓN 1.4. ÁREA SOCIAL.....</b>	<b>243</b>
<b>SECCIÓN 1.4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL     NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....</b>	<b>243</b>
<b>SECCIÓN 1.4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL     NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA .....</b>	<b>244</b>
<b>SECCIÓN 2. ÁREAS ESPECIALIZADAS.....</b>	<b>246</b>
<b>SECCIÓN 2.1. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIOLENCIA DOMÉSTICA     E DE XÉNERO .....</b>	<b>246</b>
<b>SECCIÓN 2.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA .....</b>	<b>247</b>
<b>SECCIÓN 2.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO.....</b>	<b>251</b>
<b>SECCIÓN 2.2. ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL....</b>	<b>262</b>
<b>SECCIÓN 2.3. ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE     E URBANISMO .....</b>	<b>273</b>
<b>SECCIÓN 2.4. ÁREA ESPECIALIZADA DE ESTRANXEIRÍA.....</b>	<b>289</b>
<b>SECCIÓN 2.5. ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA .....</b>	<b>298</b>
<b>SECCIÓN 2.6. ÁREA ESPECIALIZADA DE MENORES.....</b>	<b>311</b>
<b>SECCIÓN 2.7. ÁREA ESPECIALIZADA     DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL .....</b>	<b>335</b>



SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS INFORMÁTICOS .....	343
SECCIÓN 2.9. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL .....	362
SECCIÓN 2.10. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA.....	366
SECCIÓN 2.11. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS ECONÓMICOS.....	377
SECCIÓN 2.12. ÁREA ESPECIALIZADA DE TUTELA PENAL DA IGUALDADE E CONTRA A DISCRIMINACIÓN (“DELITOS DE ODIO”) .....	383
<b>CAPÍTULO III: TEMA ESPECÍFICO DE OBRIGADO TRATAMENTO: INCIDENCIA DA PANDEMIA POR CORONAVIRUS NA ACTIVIDADE ESPECIALIZADA DO MINISTERIO FISCAL.....</b>	<b>388</b>
<b>CAPÍTULO IV: PROPOSTAS DE REFORMAS LEXISLATIVAS.....</b>	<b>416</b>
<b>ANEXO: .....</b>	<b>424</b>
ALGUNHAS ABREVIATURAS UTILIZADAS .....	427
NOTAS .....	429





Fernando Suanzes



# PRESENTACIÓN

A Memoria da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2020 reflicte dun modo inequívoco e sen fisuras o firme compromiso do Ministerio Fiscal cos cidadáns e coas institucións. Dar visibilidade ao noso traballo a través deste documento é, ademais dunha necesidade, un deber e unha responsabilidade.

A actividade realizada debemos enmarcala nun ano no que a crise sanitaria mundial da COVID-19 e a grave situación económica e social provocada pola mesma veu a cambialo todo. A pandemia impactou de forma directa en todo o tecido social e a Administración de Xustiza non foi unha excepción.

Ante as enormes dificultades ás que tivemos que facer fronte, os integrantes da carreira fiscal fomos quen de demostrar que os nosos valores e principios permaneceron intactos e mesmo se viron reforzados. Cun claro obxectivo, o de ser instrumentos útiles ao servizo da sociedade.

No ano 2020 os procedementos xudiciais tramitados no ámbito penal caeron máis dun 12% e os escritos de cualificación fiscal tamén diminuíron nunha porcentaxe similar. Viñamos dun período de recuperación no exercicio 2019 que, por desgraza, viuse interrompido.

A pandemia fixo que nos désemos conta das nosas carencias pero tamén das nosas fortalezas. Cómpre destacar o traballo de coordinación realizado no seguimento da evolución pandémica nas diversas xurisdicións e colectivos sensibles, así como tamén as incidencias relativas ás restricións de dereitos fundamentais. Foi unha tarefa dunha grande complexidade e enorme esixencia pero considero que foi executada con solvencia por parte de todos os operadores xurídicos.

Volvemos a estar diante dun novo reto. Afrontamos os desafíos conscientes do noso papel, intentando ser unha Fiscalía áxil e moderna para poder estar preto dos cidadáns, especialmente dos grupos máis vulnerables por razón de idade, xénero, discapacidade, situación familiar ou laboral. Estou plenamente convencido de que nos volveremos a superar, demostrando unha vez máis a fortaleza do Estado de Dereito.

A presentación desta Memoria quere servir tamén como recoñecemento aos integrantes da carreira fiscal que, lonxe dun posicionamento de desánimo, están sabendo adaptarse a esta nova realidade con decisión e consistencia. Quede este documento como testemuña do noso traballo.

**O Fiscal Superior de Galicia**  
**Fernando Suanzes Pérez**





CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# CAPÍTULO I

## INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

## SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR

Na cúspide da organización do Ministerio Fiscal (en diante, MF) en Galicia atópase a *Fiscalía da Comunidade Autónoma* (FCA) constituída o 21/01/2008 (Real decreto 1.754/2007), con funcións de dirección, coordinación e representación xeral da institución. Ten a súa sede na cidade da Coruña, sede tamén do respectivo Tribunal Superior de Xustiza (TSX). Estende o seu ámbito territorial a todo o territorio de Galicia e as súas funcións ao ámbito competencial do propio TSX (art. 21.2. da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do ministerio fiscal (EOMF) e demais disposicións concordantes). O día 21 de xaneiro de 2020 cumpriuse o duodécimo ano da constitución e posta en funcionamento desta Fiscalía autonómica de Galicia.

### § 1. CADRO DE FISCAIS NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Conforme ao Real decreto (RD) 1754/2007 o persoal desta fiscalía estaba integrado, a data do 31 de decembro de 2020, por un total de catro fiscais, concretamente: un fiscal xefe denominado fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia, con categoría equiparada á de presidente do TSX; un tenente fiscal; e dous fiscais da categoría 2ª.

- Fiscal superior: Excmo. Sr. Fernando Suanzes Pérez (desde a súa toma de posesión o 27/03/2015).
- Tenente fiscal: Ilmo. Sr. José Ramón Piñol Rodríguez.
- Fiscais: Ilmo. Sr. Carlos Mariscal de Gante Castillo e Ilmo. Sr. Carlos Varela García.

Como en anos anteriores, en 2020 o anterior cadro orgánico permaneceu invariable.

### § 2. PERSOAL COLABORADOR (OFICINA FISCAL) E UNIDADE DE APOIO NA FISCALÍA AUTONÓMICA DE GALICIA

#### PERSOAL COLABORADOR (OFICINA FISCAL)

A Oficina Fiscal (OF) quedou efectivamente implantada no ano 2016 en todas as fiscalías territoriais de Galicia. Nas memorias anuais das fiscalías provinciais faise referencia ao seu persoal colaborador. Polo que se refire a esta fiscalía autonómica, o persoal colaborador estaba integrado a data do 31/12/2020 por cinco persoas do funcionariado xudicial, todas coa condición de titulares.



- Unha funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa (CXPA): Pilar Rubido Pérez, que asume o posto singularizado de coordinación da OF.
- Tres persoas funcionarias do corpo de tramitación procesual e administrativa (CTPA):
  - Eva Sánchez Fandiño.
  - Óscar Amor López (funcionario titular do corpo de auxilio que, en réxime de substitución vertical, cobre a baixa por xubilación de M.<sup>a</sup> Mar Caruncho Vázquez).
  - Emilio Castro Bolaño, que ocupa o posto singularizado de responsable de rexistro, estatística e calidade (funcionario REC).
- Unha funcionaria do corpo de auxilio xudicial (CAX): Marta Pociña Piñeiro.

### UNIDADE DE APOIO AO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA

Á parte da referida coordinadora da OF e o funcionario REC, esta unidade está composta por outros dous postos singularizados:

- *Unha secretaria persoal do fiscal superior de Galicia*, posto creado pola Xunta de Galicia (XG) no ano 2008 (Resolución do 31/12/2008 da Consellaría de Xustiza, DOG 13.01.2009). Está ocupado pola funcionaria xudicial do CTPA María Jesús Fernández Villar.
- *Un xefe de Gabinete de Prensa*. Trátase dun posto singularizado, creado en 2008 e configurado como “persoal de apoio” de libre designación, adscrito á “Área de Apoio á Xefatura”. A 31/12/2020 este posto está vacante e pendente de nova cobertura.

Desde a súa toma de posesión o día 1/09/2015 ata o seu recente cesamento, a petición propia o día 14/12/2020, veu ocupando este posto Francisco José Delgado Trigo, licenciado en Ciencias da Información e xornalista de recoñecido prestixio. O fiscal superior de Galicia, en nome desta fiscalía autonómica, desexa facer un recoñecemento expreso e agradecerlle ao señor Delgado Trigo o seu excelente traballo, dedicación, colaboración e xestión para facer da Oficina de Comunicación da Fiscalía Superior de Galicia un referente de excelencia a nivel estatal.

A misión principal deste gabinete é a de ofrecer apoio ao fiscal superior como ao conxunto do MF na nosa comunidade autónoma en todas as cuestións concernentes ás relacións cos medios de comunicación. Esta misión concrétase en actividades tales como asesoramento e preparación de entrevistas nos medios de comunicación e outras intervencións públicas, contestación a numerosas solicitudes de información formuladas polos referidos medios, e preparación de reunións e eventos varios.



Ferramenta fundamental no labor deste gabinete é o *Protocolo de Comunicación do Ministerio Fiscal en Galicia*, aprobado pola Instrución nº 2/2018, do 2 de novembro.

- Ademais, o fiscal superior conta cos servizos dun chofer persoal oficial, Ramiro Mosquera Miras, do parque móbil da Xunta de Galicia.

---

### § 3. FUNCIONARIADO COLABORADOR NAS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA

---

#### AUMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO COLABORADOR

A Comisión Mixta de Fiscalía e Xunta de Galicia (XG), en reunión celebrada o día 2/12/2019, abordara a creación de 7 novas prazas de funcionariado nas fiscalías territoriais de Galicia, por consolidación de reforzos existentes (funcionariado que traballa en postos fóra de cadro de persoal). Mediante un oficio do 19/11/2019 (corrixido por outro posterior do 26/11/2020), a Dirección Xeral de Xustiza (DXX) da XG comunicoulle á FCAG a creación desas 7 novas prazas: 2 de CXPA (1 en Fiscalía Provincial –FP– A Coruña e 1 en Fiscalía de Área –FA– Vigo) e 5 de CTPA (1 en FP A Coruña, 2 en FA Santiago e outras 2 en FA Vigo).

Así pois, a cifra total actual de prazas de funcionariado colaborador na fiscalías de Galicia elévase a un total de 132 (con aumento interanual de 7, equivalente a 5,60%). Posteriormente, o mencionado aumento do cadro de persoal quedou reflectido na Resolución do 1/07/2020 da DXX pola que se modificou as relacións de postos de traballo (RPT) das oficinas fiscais da Administración de Xustiza (AX) na CA de Galicia (DOG nº 138, do 13 de xullo).

Na última reunión da Comisión Mixta, celebrada o día 16/12/2020, fíxose referencia a estas novas 7 prazas creadas, así como a que aínda existen 14 reforzos, a maioría dos cales se tratarán tamén de consolidar en 2021.

#### DATOS RESUMIDOS DO FUNCIONARIADO COLABORADOR

Segundo os datos derivados das actualizadas RPT, así como os facilitados polas propias fiscalías, facemos unha síntese das cifras totais do persoal funcionario colaborador das fiscalías territoriais de Galicia (integrantes dos tres corpos da AX: CXPA, CTPA e CAX).

- *Cifra total de prazas dos cadros de persoal ou RPT (funcionariado titular)*. Son 132, con aumento interanual das 7 creadas por consolidación de reforzos (5,60%) e unha *ratio* de 0,897 funcionarios por cada un dos 147 fiscais titulares; menos lonxe xa da necesaria *ratio* de 1 funcionario/1 fiscal. Algunhas desas 7 novas prazas estaban a final de 2020 cubertas por titulares substitutos en réxime de comisión de servizos, mentres non son cubertas en propiedade a través de concurso de traslado ordinario. Á parte destas 132



prazas das RPT, segundo a Xunta de Galicia hai aínda 14 prazas de reforzo, en vías de ser consolidadas.

- *Cifra total de funcionariado titular en praza adxudicada.* Segundo información das propias fiscalías territoriais, do total de 132 prazas de funcionariado, a final de 2020 había 112 prazas cubertas por persoal titular ao que se lle adxudicou cada praza (4 en FCAG, 26 en FP A Coruña, 10 en FP Lugo, 12 en FP Ourense, 23 en FP Pontevedra, 5 en FA Ferrol, 7 en FA Santiago, 17 en FA Vigo e 8 no conxunto das SSTT). O resto, é dicir, 20 prazas de persoal en RPT, están cubertas provisionalmente en réxime de interinidade ou de substitución (vertical ou horizontal).
- *Cifra total de funcionariado en réxime de interinidade ou substitución* (vertical ou horizontal, con ou sen comisión de servizos). Segundo a información das propias fiscalías territoriais a cifra total deste funcionariado en Galicia, a finais de 2020, era de 39 (1 en FCAG, 11 en FP A Coruña, 6 en FP Lugo, 1 en FP Ourense, 9 en FP Pontevedra, 5 en FA de Santiago e 6 en FA de Vigo). Deses 39, 14 deben corresponder ás 14 interinidades de reforzo computadas pola Xunta de Galicia.
- *Outro persoal colaborador.* Á parte da mencionada cifra de funcionariado, existe un total de 5 persoas que desempeñan, por concurso e libre designación, funcións de secretaría persoal do fiscal superior de Galicia e de cada un dos 4 fiscais xefes provinciais. Tamén, como persoal laboral e de libre designación, segundo o exposto, houbo, ata o 14/12/2020, un *xefe de Gabinete de Prensa* na Fiscalía autonómica.

## DATOS DETALLADOS DE FUNCIONARIADO COLABORADOR (TITULAR)

- *Distribución por corpos:*
  - CXPA): 15 (11,36% do total). Deles, 8 asumen funcións de coordinación da oficina fiscal
  - CTPA: 98 (74,24%). Deles, 3 asumen funcións de rexistro, estatística e calidade funcionariado REC).
  - CAX): 19 (14,39%).
- *Distribución por fiscalías territoriais do funcionariado (titular):*
  - Fiscalía da CA de Galicia: 5 (1 CXPA, 3 CTPA e 1 CAX).
  - *Fiscalía Provincial da Coruña* (sede principal): 34 (3 CXPA, 26 CTPA e 5 CAX)
    - Fiscalía de Área de Santiago: 13 (1 CXPA, 11 CTPA e 1 CAX).
    - Fiscalía de Área de Ferrol: 5 (1CXPA, 3 CTPA e 1 CAX).
  - *Fiscalía Provincial de Lugo* (sede principal): 11 (2 CXPA, 7 CTPA e 2 CAX).
    - Sección Territorial de Mondoñedo: 3 (CTPA).
    - Sección Territorial de Monforte de Lemos: 2 (CTPA).



- *Fiscalía Provincial de Ourense* (sede principal): 12 (1 CXPA, 9 CTPA e 2 CAX).
  - Sección Territorial de Verín: 1 (CTPA).
- *Fiscalía Provincial de Pontevedra* (sede principal): 23 (3 CXPA, 17 CTPA e 3 CAX)
  - Fiscalía de Área de Vigo: 21 (3 CXPA, 14 CTPA e 4 CAX)
  - Sección Territorial de Cambados: 2 (CTPA).

## SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS

Tal como se indica detalladamente na sección 7.1 deste capítulo, o actual cadro orgánico do MF en Galicia segue a estar composto por un total de 147 fiscais (RD 255/2019, do 12 de abril).

A seguir, de forma resumida, mencionamos os cambios máis relevantes producidos nas fiscalías territoriais galegas, así como o máis significativo en canto ás substitucións (internas e externas) para atender as puntuais necesidades de apoio ou de reforzo, conforme á normativa vixente na materia (especialmente, disposición adicional 4ª EOMF, RD 634/2014, regulador do réxime de substitucións na carreira fiscal, e Instrución 3/2016 de FXE, do 12 de decembro).

### § 1. REFERENCIA A FISCALÍAS TERRITORIAIS

- *Fiscalía Provincial de Ourense*. Desde o 22 de maio de 2019 a xefatura desta fiscalía fora ocupada interinamente polo tenente fiscal, Ilmo. Sr. Carlos Valenzuela Cameáns, e, tras a súa xubilación a finais de 2020, polo fiscal Ilmo. Sr. Julián Pardinás Sanz. Finalmente, mediante RD 825/2020, do 8 de setembro (BOE nº 241, do 9 de setembro) foi nomeada como nova fiscal xefa da Fiscalía Provincial de Ourense a Ilma. Sra. Eva Regueiro Rodríguez, quen tomou posesión o día 17 do mesmo mes de setembro.
- *Fiscalía Provincial de Lugo*. Ao finalizar o ano 2020 atopábase pendente de resolución a convocatoria da xefatura desta fiscalía (Orde JUS/1092/2020, do 18 de novembro). Mediante RD 11/2021, do 12 de xaneiro (BOE nº 11, do 13 de xaneiro), o Ilmo. Sr. Roberto Brezmes Caramanzana foi nomeado, para un novo mandato, como fiscal xefe desta fiscalía.
- *Sección Territorial de Monforte de Lemos (Lugo)*. Ata o seu traslado á Fiscalía Provincial de Ourense era fiscal decana a Ilma. Sra. Lucía Aguado Valcárcel. Posteriormente foi nomeada para este posto a Ilma. Sra. Inés Martínez Blanco, por decreto do 5 de novembro de 2020 da fiscalía xeral do Estado.



---

## § 2. REFERENCIA A SUBSTITUCIÓN (INTERNAS E EXTERNAS) PARA FUNCIÓNS DE APOIO OU REFORZO

---

Por regra xeral, é procedente a substitución interna ou profesional e só excepcionalmente, cando o esixa a adecuada prestación do servizo, recorrerase ao sistema da substitución externa mediante avogados/as fiscais substitutos/as. Cun ou outro sistema, a finalidade do mecanismo da substitución é atender situacións derivadas de existencia de prazas vacantes (mentres non sexan cubertas mediante concurso de provisión de destinos), ausencias regulamentarias das persoas titulares das prazas, situacións administrativas con reserva de posto de traballo ou excepcional incremento de funcións fiscais, a especial complexidade dos asuntos ou outras circunstancias que determinen a necesidade de reforzo ou apoio (art. 2 RD 634/2014).

### SUBSTITUCIÓN INTERNAS OU PROFESIONAIS

Conforme vén sendo habitual, en cumprimento do art. 5 RD 634/2014 e as instrucións recibidas da Inspección Fiscal, mediante oficio do 20/11/2020 esta Fiscalía autonómica (EG 18/2020) remitiu ao dito órgano da FXE as listaxes de fiscais, enviadas polas fiscalías territoriais, para substitucións profesionais (plan anual de substitucións 2021).

### SUBSTITUCIÓN EXTERNAS (FISCAIS SUBSTITUTOS DE APOIO OU DE REFORZO)

Estas cuestións non se expoñen máis que respecto ás fiscalías provinciais e de área.

Mediante Orde JUS/680/2020, do 20 de xullo (BOE nº 201, do 24 de xullo), acordouse prorrogar para o ano xudicial 2020-2021 o nomeamento dos avogados fiscais substitutos que foran designados para o ano 2019-2020 (conforme a Orde JUS/789/2019, do 16 de xullo, BOE nº 178, do 16 de xullo). Este persoal externo, “sen pertencer á carreira fiscal, realiza funcións de apoio ou reforzo de carácter non permanente nas fiscalías” (art. 1 RD 634/2014).

*Listaxe dos 16 avogados fiscais substitutos nomeados para Galicia no ano xudicial 2019-2020 e designados en prórroga para o actual período 2020-2021*





FISCALÍA	N.º ORDE	APELIDOS E NOME
A CORUÑA	1	Zabaleta Carballo, Alicia
	2	Muñiz Camañez, María Manuela
	3	García Pelayo, Carlos María
	4	Castro Garcia, María Begoña
	5	Rodríguez González, Beatriz Elena
	6	Romero Gallardo, Alfredo Heliodoro
LUGO	1	Lamas Meilán, Manuel María
	2	Fernández Acebo, María Dolores
OURENSE	1	Iglesias Díaz, Hector
	2	Ballón Lage, Alberto José
PONTEVEDRA	1	Pumar Fernández, Mónica
	2	Touriño Araujo, Manuel Jesús
	3	Barges Alonso, María Luisa
	4	Villar Penide, Francisco José
	5	Enríquez Magallanes, Ana María
	6	Recio Juárez, Matías

Esta cifra de 16 fiscais substitutos equivale a un 10,88% do total de fiscais do cadro orgánico (147). Segundo resulta da información facilitada polas fiscalías provinciais, durante o ano 2020 consta que, á parte dos 147 fiscais titulares, en Galicia prestaron servizo un total de 24 avogados/as fiscais substitutos/as (substitución externa): Pero hai que pensar que máis ben se trata do número de actuacións dos 16 fiscais substitutos nomeados, porque, en ocasións, algúns realizan varias no ano, mesmo en sedes fiscais distintas (o que explica que a súa cifra sexa superior á dos 16 nomeados ao inicio do ano xudicial).

Ese total de 24 fiscais substitutos (ou por mellor dicir 24 actuacións de fiscais substitutos que son 16 alternándose en tempo e postos) divídese entre 20 para funcións de apoio puntual (83,33%) e só 4 para funcións de reforzo (16,67%). Distribución da cifra total por fiscalías provinciais:


- Fiscalía Provincial da Coruña: 13 fiscais substitutos (11 de apoio e 2 de reforzo)
- Fiscalía Provincial de Lugo: 3 (2 de apoio e 1 de reforzo)
- Fiscalía Provincial de Ourense: 1 (de apoio)
- Fiscalía Provincial de Pontevedra: 7 (6 de apoio e 1 de reforzo).



### SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA

#### SECCIÓN 3.1. ORGANIGRAMA XERAL DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA

#### § 1. DESCRIPCIÓN XERAL



---

## § 2. REFERENCIA A FISCALÍAS TERRITORIAIS

---

En memorias anuais anteriores desta Fiscalía autonómica fíxose referencia á situación da Unidade de Fiscalía de Ribeira (A Coruña), dependente da FA de Santiago (memoria relativa ao ano 2017), así como ás Seccións Territoriais de Verín e Cambados (memoria relativa ao ano 2019). A supresión destas dúas últimas foi tratada na última reunión do 16/12/2020 celebrada pola Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia:

**ST DE VERÍN (OURENSE).** Por dúas veces a Unidade de Apoio-FXE realizoulle ao MXU un recordatorio relativo á súa supresión, sen que, de momento, se recibise resposta, polo que se fará novo recordatorio. Segundo a referida Unidade de Apoio, hai consenso respecto desa supresión e podería facerse con ocasión da elaboración do próximo RD de cadro orgánico do MF, aínda que tamén podería realizarse mediante un RD *ad hoc*.

**ST DE CAMBADOS (PONTEVEDRA).** Neste caso está en estudo a iniciativa de supresión da Sección Territorial. Para a súa tramitación formal pola FXE ao MXU, requírese que a xefatura da FP de Pontevedra lle remita ao fiscal superior un informe detallado sobre a supresión, e un informe da Xunta de Galicia para o seu posterior envío á Unidade de Apoio da FXE para a súa valoración e toma de decisión.

### SECCIÓN 3.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA

---

## § 1. DESCRICIÓN XERAL

---


### PRINCIPIO DE ESPECIALIZACIÓN

Con precedente na Instrución 11/2005 FXE, do 10 de novembro, a partir da reforma do EOMF operada pola Lei 24/2007, do 9 de outubro, introduciuse na estrutura organizativo-funcional do MF, xunto cun novo despregamento territorial, o *principio de especialización*. Isto supuxo a creación de determinadas áreas ou seccións especializadas nas fiscalías provinciais, cunha dobre supervisión e coordinación: nun plano horizontal, polos respectivos fiscais xefes territoriais; e, nun plano vertical, por fiscais de sala da FXE (fiscais de sala coordinadores ou delegados).



## FISCAIS ESPECIALISTAS A NIVEL AUTONÓMICO

O organigrama que segue está integrado polos *fiscais delegados a nivel autonómico* que existen actualmente na CA de Galicia.



## FISCAIS ESPECIALISTAS A NIVEL PROVINCIAL

A este nivel existe outra rede *de fiscais delegados ou encargados e de fiscais de enlace nas fiscalías provinciais e de área*, no ámbito das distintas áreas especializadas (as tratadas na sección 2ª do capítulo II desta memoria e algunhas outras). As redes provinciais de fiscais especialistas recóllense nas memorias anuais das propias fiscalías provinciais. E tamén se mencionan nesta memoria autonómica cando se trata cada unha das áreas especializadas.

---

### § 2. COORDINACIÓN EN ÁREAS ESPECIALIZADAS E NOMEAMENTOS DE FISCAIS DELEGADOS/AS AUTONÓMICOS/AS

---

#### COORDINACIÓN DAS ÁREAS ESPECIALIZADAS

Un dos obxectivos estratéxicos da Fiscalía autonómica de Galicia é a *mellora continua da dirección e coordinación en áreas especializadas*. Para o cumprimento deste obxectivo, as actuacións realizadas máis relevantes son:

- 1) *Relación e coordinación constante con distintos organismos*. De forma especial, coa FXE e a XG, ben de maneira puntual ou ben periódica e programada a través de reunións (como as da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta). Destacable tamén é a relación coa Policía Xudicial (Policía Nacional, Garda Civil, Policía Autonómica. . .).
- 2) *Dinámica de coordinación dentro da propia Fiscalía de Galicia*. Realizada a través das Xunta de Fiscais Xefes e, particularmente, a través de xuntas periódicas de fiscais especialistas, baixo a dirección e coordinación do fiscal superior e, no seu caso, do fiscal delegado autonómico respectivo.
- 3) *Instrucións xerais do fiscal superior*, dirixidas a membros do MF e Policía Xudicial (art. 25 EOMF e concordantes). Completadas ás veces con *notas de servizo* dirixidas aos/as fiscais.
- 4) *Nomeamento de novos/as fiscais delegados/as autonómicos/as en áreas estratéxicas*.



## NOMEAMENTOS DE FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS

■ *Período 2008-2019.* Para evitarmos reiteracións, damos por reproducido o exposto na nosa memoria anual relativa a 2019.

■ *Especial referencia ao ano 2020*

■ *Fiscala delegada autonómica da especialidade de Medio Ambiente e Urbanismo (MAU)*

Tras a tramitación oportuna e logo da proposta do fiscal superior (EG 12/2020), por decreto do 7 de outubro de 2020 (EG 449/2020 da Inspección Fiscal FXE), a fiscala xeral do Estado acordou o nomeamento da Ilma. Sr.<sup>a</sup> Carmen Eiró Bouza, fiscala delegada provincial na FP de Ourense, como fiscala delegada autonómica da especialidade de Medio Ambiente e Urbanismo na CA de Galicia. Posteriormente, no noso EG 12/2020, o fiscal superior ditou con data do 23 de outubro o correspondente decreto de delegación de funcións.

■ *Fiscal adxunto autonómico do delegado estatal de Protección de Datos no ámbito do MF.*

Tras a tramitación oportuna e logo da proposta do fiscal superior (EG 10/2020), por decreto do 7 de outubro de 2020 (EG 293/2020 da Inspección Fiscal FXE), a fiscala xeral do Estado acordou o nomeamento do Ilmo. Sr. Juan Aguirre Seoane, adscrito á FP da Coruña, como adxunto autonómico na CA de Galicia do delegado estatal de Protección de Datos no ámbito do MF.



### SECCIÓN 3.3. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTONÓMICA

#### INDICACIÓNS PRELIMINARES

A distribución do traballo entre os fiscais integrantes do persoal e a oficina fiscal da Fiscalía da CA de Galicia está fixada de acordo coa normativa vixente, as indicacións da Inspección Fiscal e o acordado nas reunións da Xunta de Fiscais desta fiscalía. A distribución actualmente vixente é a contida na *Nota de servizo 8/2020*, emitida con data do 15 de xuño de 2020 polo fiscal superior, e que se reproduce a continuación. Ademais, cómpre ter en conta varias das outras *notas de servizo ditadas ese mesmo ano 2020 dirixidas ao funcionariado e/ou fiscais, para mellorar a organización e funcionamento interno do organismo, especialmente para afrontar o reto da pandemia da COVID-19* (referidas en sección 3.5.1.1 deste capítulo I).

#### DISTRIBUCIÓN DE TRABALLO VIXENTE (NOTA INTERNA 8/2020)

DISTRIBUCIÓN DE TRABALLO (1): ASUNTOS EN XERAL				
ASUNTOS	Sr. SUANZES	Sr. PIÑOL	Sr. MARISCAL	Sr. VARELA
ASUNTOS SALA DO CIVIL E DO PENAL TSX	Acabados en 0	Acabados 1, 4 e 7	Acabados 3, 6 e 9	Acabados 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA DO SOCIAL TSX		Acabados 1, 4 e 7	Acabados 3, 6 e 9	Acabados 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA DO CONTENCIOSO-ADVO. TSX		Acabados 1, 4 e 7	Acabados 3, 6 e 9	Acabados 2, 5 e 8
ASUNTOS ELECTORAIS		Todos os números		
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL	Acabados en 0	Acabados 1, 4 e 7	Acabados 3, 6 e 9	Acabados 2, 5 e 8
OBSERVACIÓNS	<p>Os <i>asuntos acabados en 0 (cero)</i> correspondentes á xurisdición contencioso-administrativa e á xurisdición social repartiranse, polo número anterior, entre os señores Piñol, Mariscal e Varela. Todo iso sen prexuízo dos asuntos que, de ser o caso, queira reservar para si o fiscal superior.</p> <p><i>Tratándose de sumarios, procedementos abreviados e executorias</i> seguirase a mesma quenda ordinaria utilizada no procedemento inicial (dilixencias previas)</p> <p><i>Supostos de entrada de varios asuntos contencioso-administrativos, susceptibles de acumulación.</i> En tales casos, segundo o acordado na reunión da Xunta de Fiscais celebrada o 29/09/2015, “por tratarse de pretensións que se formulan en relación cun mesmo acto, disposición ou actuación, serán despachadas polo fiscal a quen por quenda lle correspondese o primeiro, mesmo se a Sala os rexistrou como procedementos distintos.”</p>			



**DISTRIBUCIÓN DE TRABALLO (2): ESPECIALIDADES**

Aprobada en reunión ordinaria de Xunta de Fiscais da CA de Galicia do 15 de xuño de 2020, 6 de abril e 29 de setembro de 2015, esta distribución por áreas especializadas axústase ao disposto na conclusión 12.2 da Instrución 1/2015 FXE, do 13/07/2015, sobre cuestións relativas a funcións dos fiscais de sala coordinadores e os fiscais de sala delegados da FXE. Desta forma, a distribución de traballo por especialidades resulta ser a seguinte:

ESPECIALIDADES	FISCAL ENCARGADO
SEGURIDADE VIARIA	SR. PIÑOL
ESTRANXEIRÍA	
CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO	
VIXILANCIA PENITENCIARIA	
DELINCUENCIA INFORMÁTICA	
CONSUMIDORES E USUARIOS	
VIDEOVIXILANCIA	
COORDINACIÓN E CONTROL DE CUESTIÓNS DE INCONSTITUCIONALIDADE E INCIDENTES DE NULIDADE DE ACTUACIÓNS (conforme Instrución 2/2012 e Circular 2/2013 de FXE)	
MENORES	SR. MARISCAL
SOCIAL	
PROTECCIÓN DE VÍTIMAS	
SINISTRALIDADE LABORAL	SR. VARELA
VIOLENCIA SOBRE A MULLER	
MEDIO AMBIENTE E INCENDIOS	
CIVIL	
DELITOS ECONÓMICOS	
ADEMAIS, O SR. VARELA É O FISCAL RESPONSABLE DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DO MINISTERIO FISCAL (SIMF)	

**DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO (3): ASISTENCIA A XUÍZOS E VISTAS DO TSX**

Segue vixente a distribución do traballo para asistencia a xuízos e vistas orais do TSX, mediante unha quenda semestral, no que participan os catro fiscais do equipo, incluído o propio fiscal superior (cun réxime de suplencias).

**NORMAS DE REPARTICIÓN DE PROCEDEMENTO E ASISTENCIA A VISTAS**

A) Procesos contra aforados.	A repartición será o dos demais procedementos e realizarase pola quenda ordinaria segundo o número que corresponda.
B) Procesos que poidan determinar a abstención dun fiscal por razón de amizade ou outra causa que comprometa razoablemente a súa imparcialidade.	Repartiranse por sorteo entre os dous fiscais restantes, iniciándose a continuación unha quenda entre eles.

Continúa na páxina seguinte





C) Repartición de asuntos dun fiscal durante o período de vacacións e en caso de enfermidade ou baixa prolongada.	Dos tres números a repartir, dous deles repartiranse segundo que o número sexa par ou impar. O terceiro número e os asuntos acabados en 0 repartiranse polo número anterior (par ou impar), e, caso de non o haber, por sorteo iniciándose a partir deste unha quenda entre os fiscais afectados.
D) Asistencia a xuízo de procedementos penais.	O criterio xeral será que asista o fiscal que realizou a cualificación do asunto.
E) Suspensións de comparecencias ou vistas en asuntos contencioso-administrativos, laborais ou doutra natureza.	Asistirá o fiscal ao que corresponda a nova data de sinalamento pola quenda rotatoria mensual establecida
F) Dilixencias de investigación penal (DIP) referidas a unha mesma persoa.	Se se trata dunha denuncia en que se reiteran esencialmente os mesmos feitos obxecto doutras dilixencias anteriores, acumularanse a estas para a súa resolución polo fiscal que interveu nas primeiras. Se se tratar de feitos novos, sen conexión cos anteriores, serán obxecto de novas dilixencias, que serán despachadas polo fiscal a quen por quenda ordinaria lle corresponda.

## DISTRIBUCIÓN DE TRABALLO (4): VISADOS NAS ORDES PENAL, CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA, SOCIAL E CIVIL

### 1.- VISADO DE DITAMES E SUPERVISIÓN DE AUTOS E SENTENZAS

Para garantir o cumprimento do principio de unidade de actuación do Ministerio Fiscal, procederase ao visado de todos os ditames e á supervisión dos autos e sentenzas en todas as ordes xurisdiccionais.

A supervisión das sentenzas e autos efectuarase a modo de visado deixando nas correspondentes carpetas as pertinentes anotacións ao respecto con indicación da conformidade coa postura fiscal, data, sinatura e identificación de notificador/visor, así como a indicación da procedencia ou non de interpoñer recurso de casación (artigo 115 parágrafo 5º en relación co 96.4.a) do Regulamento do Ministerio Fiscal de 1969 e Instrución 1/2010 FXE sobre funcións do Ministerio Fiscal na fase de execución dos procesos penais).

#### Fiscais encargados de visado e supervisión de autos e sentenzas

En materia penal	En materia contencioso-adva.	En materia social	En materia civil
Sr. Fiscal superior	Sr. Tenente fiscal	Sr. Mariscal	Sr. Varela

### 2. CONSERVACIÓN DE DOCUMENTACIÓN EN CARPETAS

No relativo á conservación de documentación nas carpetas penais e especialmente nas de xurado e recursos ordinarios procederase a gardar as copias das cualificacións e extractos ou notas dos fiscais, así como as dos recursos e impugnacións. Nas carpetas de social, civil e contencioso-administrativo custodiarase e conterà a documentación necesaria en soporte papel para que se materialice nela a función de supervisión, ata que se deseñe na aplicación informática algún tipo de marca que acredite ese labor.

En todas as carpetas deberá figurar un espazo destinado a cubrir a identificación do fiscal actuante, así como a data de entrada en fiscalía do asunto.

Para todos os efectos lémbrese que aínda que consten na aplicación Fortuny todos os datos precisos do asunto, seguindo o ordenado pola Inspección Fiscal todas as carpetas deben ser cubertas pola oficina nos seus apartados relevantes e gardar copia dos informes fiscais; pola súa banda o fiscal actuante coidará reflectir a petición ou o relevante da vista ou ditame ou dar as indicacións pertinentes para o seu cumprimento na oficina.

### 3.- ACTUALIZACIÓN PERIÓDICA DE DATOS E INFORMACIÓN REXISTRADA EN FORTUNY

Os datos rexistrados en Fortuny deberán actualizarse periodicamente para dispoñer de información fiable actualizada, verificando se os procedementos que figuran en trámite ou pendentes de firmeza concluíron.



### DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO (5): REXISTRO DE CUESTIÓNS DE INCONSTITUCIONALIDADE E INCIDENTES DE NULIDADE

Créase un rexistro de cuestións de inconstitucionalidade e incidentes de nulidade, onde se custodiarán os ditames dos fiscais, convenientemente visados polo tenente fiscal, e as resolucións para o efecto.

#### REFERENCIA A OUTRAS NOTAS DE SERVIZO DE 2020 PARA MELLORAR A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO INTERNO

De entre as que despois se detallan (sección 3.5.1.1 deste capítulo I), cabe destacar as seguintes:

- Notas de servizo sobre reorganización e fixación de servizos (mínimos, esenciais e non esenciais), e despacho de asuntos na Fiscalía autonómica (as número 1, 3, 4, 5, 6, 7, 10, 12, 15 e 17/2020).
- Notas de servizo sobre actuación das fiscalías en caso de positivo de coronavirus (as número 2 e 16/2020).

#### SECCIÓN 3.4. REUNIÓNS DA XUNTA DE FISCAIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

Durante o ano 2020 celebráronse as seguintes reunións da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica (art. 24 EOMF):

- *Reunión ordinaria do día 9 de xuño de 2020.* Celebrada baixo a presidencia do fiscal superior e coa asistencia de todos os fiscais. Como secretario actuou o fiscal señor Varela García. *Resumo dos asuntos tratados:* 1) aprobación da acta da reunión anterior; 2) acta de inspección levantada con motivo da visita efectuada os días 28 e 29 de xaneiro de 2020 da Inspección Fiscal a esta Fiscalía autonómica; modificacións de traballo relativas a indicacións, observacións e suxestións; 3) designación dun fiscal encargado da coordinación e control das cuestións de inconstitucionalidade e incidentes de nulidade (Instrución 2/2012 FXE); 4) calendario de inspeccións das fiscalías territoriais de Galicia; distribución de datas e fiscalías; incorporación nas inspeccións da comprobación da tramitación ordinaria dos procedementos penais e funcionamento das especialidades; 5) distribución de servizos de fiscais e funcionariado durante as vacacións de verán; 6) exame do decreto da fiscalía xeral do Estado do 03/06/2020; 6) rolda de intervencións.



- *Reunión ordinaria do día 1 de decembro de 2020.* Celebrada baixo a presidencia do fiscal superior e coa asistencia presencial dos demais fiscais (agás o tenente fiscal, que asistiu por videoconferencia), como secretario actuou o fiscal señor Varela García. *Resumo dos asuntos tratados:* 1) aprobación da acta da reunión anterior; 2) suspensión das inspeccións ás fiscalías territoriais; posibilidade, oportunidade e conveniencia da súa realización virtual pola Fiscalía Superior; e, se é o caso, distribución de datas e fiscais; 3) distribución de servizos de fiscais e funcionariado durante os meses de decembro e xaneiro, con cadro de servizos durante as festas de Nadal e Reis; 4) exame da comunicación do fiscal da sala do contencioso-administrativo, do 10 de novembro, sobre determinados aspectos de aplicación do RD 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo coronavirus; 5) puntos para incluír na orde do día da vindeira Comisión Mixta en decembro; 6) rolda de intervencións.

### SECCIÓN 3.5.

#### ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O EOMF dota dunha indubidable relevancia orgánica e institucional á figura do fiscal superior da CA. Ademais da *dirección da súa propia Fiscalía*, correspóndelle outra función no ámbito territorial da propia CA. Por unha banda, o artigo 22 do EOMF atribúelle a **xefatura** do MF, función orgánica e interna de dirección e coordinación da Fiscalía de Galicia. Por outra, a representación institucional do MF e a correspondente interlocución cos distintos órganos e institucións en xeral e, particularmente, cos da propia CA (art. 11.2 e concordantes).

En definitiva, o fiscal superior asume as funcións de xefatura e representación da institución no territorio da CA, con distintas intervencións nos ámbitos provinciais, autonómico e nacional.

### SECCIÓN 3.5.1.

#### ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA

##### SECCIÓN 3.5.1.1.

#### INSTRUCCIÓNS XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. NOTAS DE SERVIZO

En canto ás **instrucións xerais** ditadas polo fiscal superior de Galicia, remitímonos ao indicado na posterior sección 6 deste capítulo I.

*Ao longo do ano 2020, marcado pola crise sanitaria derivada da COVID-19, o fiscal superior veu realizando unha intensa e constante actividade de dirección e coordinación da Fiscalía de*



*Galicia. Boa mostra diso foron as 17 **notas de servizo**, dirixidas ao funcionariado e fiscais, para mellorar a organización e funcionamento tanto da Fiscalía autonómica como, nalgúns casos, do conxunto do MF en Galicia.*

*O obxectivo fundamental foi afrontar adecuadamente o reto da pandemia da COVID-19, para protexer a saúde con criterios de proactividade, eficacia e eficiencia, tanto a saúde pública en xeral como a saúde en particular do persoal das fiscalías territoriais de Galicia (fiscais, funcionariado e demais persoal de apoio). Estas actuacións realizáronse en coordinación coas normas e directrices emanadas doutros organismos públicos, especialmente da FXE (fiscala xeral, secretaría técnica, unidade de apoio e inspección fiscal), as administracións públicas central e autonómica (MXU e XG), o CXPX e o TSX de Galicia.*

■ *Nota de servizo núm. 1/2020, do 16 de marzo, sobre reorganización e fixación de servizos mínimos na Fiscalía da CA de Galicia (FCAG), durante a crise sanitaria e o estado de alarma por coronavirus COVID-19. Este documento adoptou unha serie de medidas relacionadas cos fiscais e outras relativas ao funcionariado da propia Fiscalía autonómica. Tanto esta inicial nota de servizo como, en boa medida, as posteriores relativas á reorganización dos servizos, parten das seguintes consideracións:*

*“Tras a irrupción da actual crise sanitaria polo coronavirus COVID-19, e a posterior declaración do estado de alarma polo Goberno da Nación, ditáronse distintas normas e resolucións por parte de organismos públicos. Estas teñen relevancia en canto á conciliación tanto da saúde pública e das persoas que traballan en organismos públicos como da reorganización necesaria dos servizos públicos.*

*Con base na normativa, resolucións e decretos ditados relacionados coa Administración de Xustiza e, particularmente, as fiscalías territoriais de Galicia, o fiscal superior de Galicia considera necesario a adopción das seguintes medidas para a reorganización e funcionamento desta Fiscalía da CA de Galicia, con fixación de servizos mínimos, mentres dure a crise sanitaria e o estado de alarma por coronavirus COVID-19.”*

■ *Nota de servizo núm. 2/2020, de 1 de abril, complementaria da guía de actuación para a Fiscalía en caso positivo de coronavirus COVID-19 do 23 de marzo de 2020.*

■ *Nota de servizo núm. 3/2020, do 22 de abril, sobre reorganización e fixación de servizos, esenciais e non esenciais, e despacho de asuntos na FCAG, durante a crise sanitaria e estado de alarma por coronavirus COVID-19 (período 27 de abril ao 11 de maio de 2020). Adoptou dous tipos de medidas: en relación cos fiscais e en relación co funcionariado.*

■ *Nota de servizo núm. 4/2020, do 6 de maio, sobre igual materia reorganizativa que a anterior nota (período 11 a 25 de maio de 2020). Estableceu tres tipos de medidas: en relación cos fiscais, co funcionariado e co persoal de apoio ao fiscal superior.*

■ *Nota de servizo núm. 5/2020, do 21 de maio, sobre igual materia reorganizativa (período 25 de maio ao 8 de xuño de 2020). Mantivo os tres tipos de medidas da anterior nota de servizo.*



- *Nota de servizo núm. 6/2020*, do 26 de maio, sobre igual materia reorganizativa (período 25 de maio ao 8 de xuño de 2020). Tras unha nova regulación da XG relativa ao persoal xudicial, con data do 25/05/2020, fixou unha nova distribución e organización da oficina fiscal (OF) da FCAG, con tres tipos de medidas, como as anteriores (relativas a fiscais, funcionariado e persoal de apoio ao fiscal superior).
  
- *Nota de servizo núm. 7/2020*, do 9 de xuño, sobre igual materia reorganizativa (período 9 ao 22 de xuño de 2020). Actualizou novamente a distribución e organización da OF da FCAG, tras a nova regulación da organización das fiscalías por decreto do 03/06/2020 da fiscalía xeral do Estado e resolución do 08/06/2020 da XG relativa ao persoal xudicial. Como as anteriores, tamén estableceu tres tipos de medidas (relativas a fiscais, funcionariado e persoal de apoio ao fiscal superior).
  
- *Nota de servizo núm. 8/2020*, do 15 de xuño, sobre a nova distribución do traballo na Fiscalía da CA de Galicia desde o 15 de xuño de 2020. O seu contido xa se expuxo polo miúdo anteriormente (sección 3.3 deste capítulo I).
  
- *Nota de servizo núm. 9/2020*, do 16 de xuño, sobre envío de documentación nos recursos de apelación penais, ordinarios e de xurados, das fiscalías territoriais á Fiscalía da CA de Galicia. Dirixiuse á xefatura das ditas fiscalías territoriais para acomodarse ás indicacións, suxestións e recomendacións da Inspección FXE contidas na acta da súa visita de inspección á FCAG realizada os días 28 e 29 de xaneiro de 2020.
  
- *Nota de servizo núm. 10/2020*, do 1 de xullo, sobre a fixación de servizos, esenciais e non esenciais, e despacho de asuntos na Fiscalía da CA de Galicia, na fase da nova normalidade (desde o 1 de xullo de 2020). Actualizou novamente a distribución e organización da OF da FCAG, por mor da nova normativa relativa á organización das fiscalías (decreto da fiscalía xeral do 3 de xuño, RDL 21/2020, do 9 de xuño, sobre “Transición cara a unha nova normalidade”, e resolucións da XG do 12 e 27 de xuño sobre medidas de prevención da crise sanitaria). Como nas anteriores notas de servizo, estableceu tres tipos de medidas (relativas a fiscais, funcionariado e persoal de apoio ao fiscal superior).
  
- *Nota de servizo núm. 11/2020*, sobre aplicación da Instrución 1/2020 FXE, do 15 de setembro, relativa aos criterios de actuación para a solicitude de medidas cautelares nos delitos de violación de morada e usurpación de bens inmobles. Sobre a posibilidade de incluír un punto na orde do día nas Comisións Provinciais de Coordinación da Policía Xudicial referente aos delitos de furto e outros ilícitos labores nos supermercados de Galicia. Foi dirixida ás xefaturas das fiscalías territoriais de Galicia e nela afirmábase explicitamente que queda sen efecto a Instrución 1/2018, do 6 de febreiro, sobre intervención procesual dos fiscais en relación coa problemática xerada pola ocupación de bens inmobles na CA de Galicia. Esta nota de servizo 11/2020 foi completada pola posterior 13/2020, que despois se menciona.



■ *Nota de servizo núm. 12/2020, do 13 de outubro, sobre organización e fixación dos servizos, esenciais e non esenciais, e despacho de asuntos na Fiscalía da CA de Galicia.* Estableceu unha nova organización e distribución do traballo dos fiscais e da OF da FCAG, en razón do decreto do 3 de xuño da fiscalía xeral do Estado relativo á organización das fiscalías, a resolución do 8 de xuño da XG relativa ao persoal xudicial, a Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da AX, e o Protocolo de actuación e organización nos órganos xudiciais e sobre a celebración de actuacións telemáticas no ámbito do TSX de Galicia, actualizado o 9 de outubro de 2020. Como anteriores notas de servizo, tamén estableceu un tres tipos de medidas (relativas a fiscais, funcionariado e persoal de apoio ao fiscal superior), así como outras varias (nota de referencia).

■ *Nota de servizo núm. 13/2020, do 20 de outubro, dirixida ás xefaturas das fiscalías territoriais de Galicia, como complemento da nota de servizo 11/2020 sobre a aplicación da Instrución 1/2020 FXE, do 15 de setembro, relativa aos criterios de actuación para a solicitude de medidas cautelares nos delitos de violación de morada e usurpación de bens inmoables.*

■ *Nota de servizo núm. 14/2020, do 21 de outubro, dirixida igualmente ás xefaturas das fiscalías territoriais de Galicia, sobre actualización dos informes sobre as dilixencias de investigación penal e preprocesuais civís incoadas e en trámite nas fiscalías provinciais e de área de Galicia relacionadas coas residencias de maiores.*

Esta nota de servizo foi posteriormente deixada sen efecto por oficio do fiscal superior do 18 de decembro, no que se comunica un novo sistema de coordinación dos *servizos de atención a persoas con discapacidade e maiores, a partir de instrucións recibidas da nova fiscalía de sala coordinadora de FXE, especialmente en relación co seguimento e control da pandemia COVID-19.* O novo sistema baséase, esencialmente, na canalización da información solicitada pola fiscalía de Sala desde cada fiscalía territorial ao delegado autonómico de Galicia na especialidade de civil e protección de persoas con discapacidade; e a posterior e simultánea remisión desa información polo propio delegado autonómico tanto á Unidade Especializada de Protección de Persoas con Discapacidade e Maiores da FXE como a esta Fiscalía autonómica de Galicia.

■ *Nota de servizo núm. 15/2020, do 3 de novembro, sobre organización e fixación dos servizos, esenciais e non esenciais, e despacho de asuntos na Fiscalía da CA de Galicia (desde o 3 de novembro de 2020).* Estableceu unha nova organización e distribución do traballo dos fiscais e da OF da FCAG, en razón do decreto do 27 de outubro da fiscalía xeral relativo á organización das fiscalías, as resolucións da XG do 30 de outubro e 8 de xuño, o RDL 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia, Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da AX, a Guía de boas prácticas e adopción de medidas de saúde profesional para previr contaxios do CXPX do 8 de outubro de 2020, e o Protocolo de actuación e organización dos órganos xudiciais e sobre a celebración de actuacións telemáticas no ámbito do TSX de Galicia, actualizado ao 9 de outubro de 2020. Como anteriores notas de servizo, tamén estableceu tres tipos de medidas (relativas a fiscais, funcionariado e persoal de apoio ao fiscal superior), así como outras varias (nota de referencia).



■ *Nota de servizo núm. 16/2020, do 3 de novembro, de novo sobre a actuación das fiscalías en caso de positivo ou contacto estreito de coronavirus covid-19 de fiscais e funcionarios.* Dirixida ás xefaturas das fiscalías territoriais de Galicia, a modo de complemento da anterior nota de servizo 2/2020, lembra a obrigatoriedade e forma de comunicación dos casos positivos por coronavirus de fiscais e funcionariado. Así mesmo establece algúns mecanismos de coordinación informativa e lembra o cumprimento das medidas de prevención e organizativas establecidas no decreto ditado pola fiscalía xeral o 27/10/2020.

■ *Nota de servizo núm. 17/2020, do 30 de decembro, sobre organización e fixación dos servizos, esenciais e non esenciais, e despacho de asuntos na Fiscalía da CA de Galicia, durante a crise sanitaria e estado de alarma por coronavirus covid-19 (ano 2021).*

Estableceu unha nova organización e distribución do traballo dos fiscais e da OF da FCAG, en razón do decreto do 27 de outubro de 2020 da fiscalía xeral, relativo á organización das fiscalías, en relación cos do 3 de xuño; as resolucións da XG do 30 de outubro e 8 de xuño, así como o RDL 28/2020 do 22 de setembro, a Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de Xustiza, a Guía de boas prácticas e adopción de medidas de saúde profesional para previr contaxios do CXPX do 8 de outubro e o Protocolo de actuación e organización dos órganos xudiciais e sobre a celebración de actuacións telemáticas no ámbito do TSX de Galicia, actualizado o 9 de outubro, e disposicións normativas concordantes. Como anteriores notas de servizo, tamén estableceu un triplio tipo de medidas (relativas a fiscais, funcionariado e persoal de apoio ao fiscal superior).

### SECCIÓN 3.5.1.2.

#### REUNIÓN DA XUNTA DE FISCAIS XEFES PROVINCIAIS DE GALICIA

Baixo a presidencia do fiscal superior de Galicia, como superior xerárquico, ao longo do pasado ano 2020, celebrouse unha reunión da *Xunta de Fiscais Xefes provinciais da CA de Galicia*, co fin de manter a unidade de criterio ou fixar posicións respecto a temas relativos á súa función (art. 22, ap. 4 e 7, e art. 24, ap. 3, pº 2º, do EOMF).

■ *Reunión ordinaria do día 25 de xuño de 2020.* Celebrouse por videoconferencia, *coa asistencia telemática dos catro fiscais xefes provinciais, así como dos tres fiscais xefes de área (Ferrol, Santiago e Vigo)*, baixo a presidencia do fiscal superior e a actuación como secretario do fiscal xefe provincial de Lugo.

*Relación resumida dos asuntos tratados:*

- 1) Balance das fiscalías territoriais de Galicia en relación coa COVID-19
  - Situación actual e futuro a curto e medio prazo. Atrasos (incidencias estimadas). Incorporación de fiscais e funcionariado.
  - Medidas de seguridade (en especial, condicións de salas de vistas).



- Xestión das oficinas para situación de “nova normalidade”. Problemas e necesidades. Intervencións presenciais e telemáticas.

- Xestión das conformidades e outros mecanismos de aceleración procesual. Medidas de choque.

**2)** Manual de estilo e imaxe corporativa do MF. Estado de implantación.

**3)** Xustiza dixital. Estado actual en Galicia. Propostas de mellora e implantación.

**4)** Cuestións e puntos para incluír na orde do día da reunión da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia do próximo mes de setembro.

**5)** Rolda de intervencións.

■ *Reunión ordinaria do día 17 de novembro de 2020.* Do mesmo xeito que a anterior reunión celebrouse por videoconferencia, coa *asistencia telemática dos catro fiscais xefes provinciais*, baixo a presidencia do fiscal superior e a actuación como secretario do fiscal xefe provincial de Lugo.

*Relación resumida dos asuntos tratados:*

**1)** Situación actual das fiscalías territoriais de Galicia en relación coa COVID-19.

- Residencias de maiores, criterios e problemática xeral.

- Protocolos de traballo de fiscais e funcionariado.

- Actuacións da Fiscalía en caso de positivos e contactos estreitos.

- Inspeccións ordinarias das fiscalías territoriais pola Fiscalía Superior. Suspensión e posibilidade, oportunidade e conveniencia da súa realización virtual.

- Necesidade de dotación dun transcriptor ou aplicación semellante que permita coñecer a transcrición íntegra das distintas declaracións xudiciais (investigados, procesados, testemuñas) gravadas en soporte dixital (vídeo e audio).

- Problemática da realización dos recoñecementos en roda na situación pandémica.

**2)** Necesidade e oportunidade de celebrar unha reunión da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia. Recuperación e análise de posibles puntos para incluír na orde do día.

**3)** Xustiza dixital nas fiscalías (Fortuny dixital) Situación, evolución e propostas.

Reforzamento dos medios tecnolóxicos que permitan celebrar xuízos, comparecencias e vistas e, en xeral, actos procesuais por videoconferencia, co fin de limitar no posible a asistencia física dos profesionais.

**4)** Roldas de intervencións.





### SECCIÓN 3.5.1.3.

#### XUNTAS DE COORDINACIÓN EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS

Como se indicou anteriormente (§ 2 de sección 2.3 deste capítulo I), un dos obxectivos estratéxicos da Fiscalía autonómica de Galicia é a mellora continua da dirección e coordinación en áreas especializadas. Un dos instrumentos utilizados para tal fin son as reunións da Xunta de Fiscais Xefes e, particularmente, as xuntas periódicas de fiscais especialistas, baixo a dirección e coordinación do fiscal superior e, no seu caso, do fiscal delegado autonómico respectivo.

A pesar da situación de crise pandémica, en 2020 puidéronse realizar algunhas destas xuntas especializadas grazas a unha eficaz e eficiente actividade de coordinación e colaboración, tanto a nivel interno das propias fiscalías territoriais como a nivel externo en relación con outros organismos (especialmente, a Administración autonómica). Resultou esencial para ese logro a utilización forzosa, pero sempre conveniente, de instrumentos tecnolóxicos como o teletraballo ou traballo en remoto e a videoconferencia.

#### REUNIÓN S OU XUNTAS CELEBRADAS EN 2020 (EN ÁMBITO DE MENORES)

■ *Reunión en materia de menores, celebrada por videoconferencia o día 28 de outubro de 2020, entre a Fiscalía e a Consellaría de Educación da XG.*

■ *Antecedentes:* Xurdiu dunha iniciativa da Dirección Xeral de Educación da Consellaría de Educación e Cultura da Xunta de Galicia dirixida ao fiscal delegado autonómico de Menores, quen, a través da xefatura da fiscalía ourensá, a remitiu á Fiscalía autonómica. Incoado o correspondente expediente (EG 15/2020), o fiscal superior avalou a realización, por videoconferencia, da reunión coa Xunta para tratar do tema proposto (absentismo escolar) e os demais que se considerasen oportunos.

■ *Participantes:* Pola Xunta de Galicia, o conselleiro de Educación e Cultura e o director xeral de Educación. Por parte da Fiscalía de Galicia, o fiscal superior, o fiscal delegado autonómico de Menores e os/as fiscais delegados/as provinciais de Menores da Coruña, Lugo e Pontevedra, así como o fiscal de protección de menores da FA de Vigo.

■ *Resumo de asuntos tratados*

##### 1) *Problemática do absentismo escolar en Galicia:*

- Afrontamento específico mediante creación de comisións provinciais de absentismo escolar.
- Afrontamento xenérico mediante aplicación do protocolo galego de prevención e control do absentismo escolar
- Afrontamento específico do absentismo escolar derivado da covid-19 mediante a aplicación, polas seccións de menores das fiscalías, dos



criterios unificados fixados en nota de servizo 1/2020 polo fiscal de Sala de Menores de FXE.

- Outras cuestións: deficiencias nas comunicacións de absentismo escolar á Fiscalía por parte das autoridades educativas; non comunicación a tempo á Fiscalía de situacións de risco e absentismo; e non comunicación de situación de absentismo ao proxenitor non custodio.

**2) Problemática do acoso escolar en Galicia:**

- Aplicación do protocolo na materia e confluencia da intervención nos ámbitos xudicial e educativo.

- Adopción polas autoridades educativas de medidas de protección do acosado en supostos con acosador menor de 14 anos, tras a remisión pola Fiscalía de testemuño das actuacións de acoso.

**3) Problemática dos menores con trastornos de conduta:**

- Centros de educación especial para o seu tratamento, dependentes da Consellaría de Educación (un en Santiago e outro en Panxón).

- Necesidade de incremento dos recursos dispoñibles.

■ *Reunión/xunta de fiscais especialistas de menores de Galicia, celebrada por videoconferencia o día 6 de novembro de 2020 (con conformidade de orde do día polo fiscal superior).*

■ Participantes: A coordinación da reunión correu a cargo do fiscal delegado autonómico de Menores, cos fiscais delegados provinciais e outros fiscais integrantes das seccións de menores das fiscalías provinciais de Galicia.

■ *Resumo de asuntos tratados*

**1)** Refundicións de medidas da mesma natureza. Criterios da Circular 1/2007 FXE. Refundicións sucesivas. Existencia ou non de límites de tempo na segunda refundición.

**2)** Subministración forzosa de tratamento farmacolóxico imposto como medida ou como medida de seguridade, tras absolución por eximente completa. Necesidade ou non de autorización xudicial en cada caso.

**3)** Quebrantamentos na execución e deducións de testemuño pola propia Fiscalía.

**4)** Agravante de reincidencia e necesidade de pedir ou non internamento pechado. Estudo da sentenza da AP de Madrid do 17/01/14.

**5)** Centro de menores con problemas de conduta de Rábade (Lugo). Análise da situación actual tras o aumento das incidencias derivadas do comportamento dos mozos residentes.

**6)** Medidas de contención nos centros de reforma ordinarios e terapéuticos. Criterios de aplicación.

■ *Reunión o día 28 de outubro de 2020 da Fiscalía coa Consellaría de Política Social da XG, en materia de persoas discapaces e maiores*

*Antecedentes.* A iniciativa partiu da preocupación da Fiscalía de Galicia, compartida coa



Administración autonómica, pola problemática situación derivada da COVID-19 sufrida, sobre todo en centros residenciais, por parte de colectivos tan vulnerables como os de persoas discapaces e maiores, respecto dos cales o MF ten atribuídas importantes funcións protectoras e tuitivas. A partir de aí, o fiscal superior xunto co fiscal delegado autonómico en materia civil e de maiores solicitaron información e colaboración para unha actuación coordinada nesta materia á Consellaría de Política Social da XG. De común acordo, a Fiscalía e a referida Consellaría fixaron o día 28 de outubro como data para celebrar unha reunión na sede santiaguesa desta, para abordar, de forma preferente pero non exclusiva, a valoración e, se é o caso, a revisión da aplicación das medidas adoptadas nos centros residenciais no marco do protocolo conxunto das Consellarías de Sanidade e Política Social e a resolución do 17 de setembro de 2020.

■ *Resumo de asuntos tratados.* A Fiscalía de Galicia, propuxo os seguintes:

- 1) Potenciación da figura do gardador de feito, desde a perspectiva da Convención de Persoas con Discapacidade.
- 2) Réxime de comunicación á Fiscalía, en especial nos supostos de centros de día e emerxencia social.
- 3) Ingresos voluntarios, supostos especiais (respiro de cuidadores, actividades estivais de persoas discapaces. . .).
- 4) Ingresos involuntarios de menores: posibilidade de protocolizar a permanencia en distintas estancias hospitalarias.
- 5) Funcións de asistencia sanitaria primaria na detección de persoas en situación de risco pola súa discapacidade (principalmente, supostos de enfermidade mental).
- 6) Posibilidades de actuación en supostos de baixa adhesión a tratamento e posibles solucións (casos de enfermidade mental).
- 7) Clarificación dos supostos en que é posible a intervención do MF e dos órganos xudiciais nos diferentes casos de asignación de recursos residenciais e non residenciais. Estandarización de procedementos.
- 8) Coordinación sanitario-social nos supostos en que se produce a conxunción de enfermidade mental, discapacidade e necesidades sociais. Problemas, en especial, nos casos de necesidade de recurso residencial.
- 9) Coordinación nos labores de inspección dos centros residenciais.
- 10) Outros temas que a Consellaría considere convenientes e necesarios para a protección das persoas maiores e con discapacidade.



#### SECCIÓN 3.5.1.4.

#### ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓN E VISITAS INSTITUCIONAIS ÁS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA

### VISITAS DE INSPECCIÓN ORDINARIA EN 2020 ÁS FISCALÍAS TERRITORIAIS GALEGAS

Para o **ano 2020** planificáronse visitas de inspección ordinaria por parte desta Fiscalía autonómica de Galicia á Fiscalía Provincial de Lugo (fixada para o 01/07/2020), á Fiscalía de Área de Vigo (para o 21/07/2020) e á Fiscalía Provincial da Coruña (para o 27/10/2020). Ningunha destas tres visitas, debido ás circunstancias sanitarias derivadas da pandemia da COVID-19, puideron chegar a realizarse, nin sequera tras se postergaren as datas inicialmente previstas en varias ocasións.

### VISITAS DE INSPECCIÓN ORDINARIA PREVISTAS PARA 2021 ÁS FISCALÍAS TERRITORIAIS GALEGAS

Mediante un oficio do 23/11/2020 comunicóuselle á Inspección da FXE o plan das visitas previstas para o ano 2021, sempre que o permitan as circunstancias sanitarias e coas debidas medidas de seguridade para a saúde. O dito plan comprende a realización daquelas visitas que non se puideron realizar no ano 2020:

- Mes de maio de 2021: FP de Lugo
- Mes de xullo de 2021: FA de Vigo
- Mes de outubro de 2021: FP da Coruña

En caso de que non se puidesen efectuar as inspeccións presenciais sinaladas, prevese dispoñer do necesario para realizar controis telemáticos e informativos.

### VISITAS INSTITUCIONAIS REALIZADAS POLA FISCALÍA AUTONÓMICA

Á parte das visitas formais de inspección, o fiscal superior viña realizando outras visitas institucionais ás fiscalías territoriais galegas para exercer a súa función de coordinación mediante o coñecemento directo e *in situ* de problemas e particularidades, a través do intercambio de información e opinións cos respectivos fiscais xefes, fiscais e persoal funcional. Debido á situación pandémica non foi posible efectuar en 2020 visitas presenciais deste tipo, sen prexuízo da realización desa función de coordinación por outros medios.



### SECCIÓN 3.5.2.

#### ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA

O EOMF atribúelle ao fiscal superior a **representación institucional do Ministerio Fiscal no territorio da respectiva CA**, sen prexuízo das atribucións do fiscal xeral do Estado (art. 22.4). Polo tanto correspóndelle exercer a representación institucional do MF e a interlocución cos distintos órganos públicos e institucións en xeral e, particularmente, cos da propia CA (art. 11.2 e concordantes). Especialmente relevantes son as relacións cos organismos que, conforme ao seu Estatuto de Autonomía configuran a súa estrutura político-xurídica, isto é, o Parlamento autonómico e a Xunta de Galicia; ademais do TSX de Galicia, organismo xurisdiccional no que culmina a organización xudicial do seu territorio.

Como consecuencia desta función representativa, o fiscal superior exerce as seguintes funcións:

- 1) Relacións institucionais, especialmente cos órganos e institucións da CA de Galicia (art. 11.2 EOMF e concordantes). Destaca a colaboración coa Asemblea Lexislativa de Galicia, ante a cal debe presentar a *Memoria Anual da Fiscalía* (art. 11.2 EOMF).
- 2) Actividades de colaboración coa CA de Galicia (art. 11.3 do EOMF e concordantes).
- 3) Subscrición de convenios coa CA de Galicia, coa autorización previa do fiscal xeral do Estado (art. 11.3 do EOMF e concordantes).
- 4) Remisión de informes ao Goberno da CA de Galicia en relación coas necesidades de organización e funcionamento das fiscalías provinciais, en materia de medios informáticos, novas tecnoloxías (TIC) demais medios materiais e persoais (arts. 11.3 e 18.3, pº 1º *in fine* do EOMF).

### SECCIÓN 3.5.2.1.

#### ACTIVIDADES DE RELACIÓN COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

### SECCIÓN 3.5.2.1.1.

#### RELACIÓNS CON ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMA GALEGA (XUNTA DE GALICIA)

Son frecuentes e fluídas as relacións da Fiscalía autonómica coa Xunta de Galicia, máxime tendo en conta que a nosa CA ten transferidas competencias en materia de medios persoais e materiais de Xustiza desde o ano 1995 (RD 2166/1994 e normativa complementaria posterior).

Estas relacións Fiscalía-Administración son particularmente intensas coa Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, AAPP e Xustiza, e dentro dese departamento, coa Dirección Xeral de Xustiza.



Ademais, en canto a temas de TIC existe relación con diversos servizos da Amtega (Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia). Tamén son destacables as relacións mantidas coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (da Consellaría de Política Social) en temas relacionados coa sinatura e renovación de convenios de mediación familiar intraxudicial.

#### ■ *Reunións ou eventos concretos máis relevantes en 2020*

- Reunión sobre a problemática da ocupación ilegal de vivendas, celebrada o 16 de outubro de 2020 en Santiago de Compostela polo fiscal superior coa conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Reunión en materia de menores —xa referida— celebrada por videoconferencia o día 28 de outubro de 2020 entre a Fiscalía e a Consellaría de Educación da Xunta de Galicia.
- Reunión en materia de persoas discapaces e maiores —igualmente xa mencionada— celebrada o día 28 de outubro de 2020 entre a Fiscalía de Galicia e Consellaría de Política Social da Xunta de Galicia.
- Á parte das mencionadas, a reunión da Comisión Mixta Fiscalía-XG, celebrada telematicamente o día 16 de decembro (que se trata despois).

#### *SECCIÓN 3.5.2.1.2.*

#### *RELACIONS CO PARLAMENTO AUTONÓMICO DE GALICIA*

Neste apartado, cómpre destacar as seguintes actuacións, no marco do disposto no art. 11.2 do EOMF e disposicións concordantes.

- *Entrega formal da Memoria Anual relativa ao ano 2019 á Presidencia do Parlamento autonómico (05/10/2020), e posterior presentación aos medios de comunicación.*
- *Comparecencia do fiscal superior de Galicia ante a Comisión de Xustiza do Parlamento autonómico galego para a presentación e exposición da Memoria Anual relativa ao ano 2019 (29/10/2020).*



### SECCIÓN 3.5.2.1.3.

#### RELACIONES CO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Ao longo de 2020, como vén sendo habitual, a relación co TSX é constante e fluída, tanto no plano xurídico-procesual como no institucional.

- Como é obvio, a principal e máis cotiá relación que esta Fiscalía autonómica mantén co TSX de Galicia (co que comparte sede) concrétase, principalmente, na *actividade que o Ministerio Público desprega nos procedementos competencia das tres salas que integran o máximo órgano xudicial de Galicia* (Sala do Civil e do Penal, Sala do Contencioso-administrativo e Sala do Social). De tal actividade ocúpase esta memoria nos apartados oportunos do capítulo II, a onde se fai remisión.
- *Intervención do fiscal superior de Galicia no solemne acto de apertura do ano xudicial 2020-2021 en Galicia* (18/09/2020). Como todos os anos, o máximo representante do MF en Galicia tivo o honor de participar neste singular acto, xunto a representantes de diversos organismos e institucións.

Ademais, cabe sinalar a participación que o fiscal superior —sobre todo telematicamente— tivo na actividade e reunións da Comisión de seguimento da crise pandémica constituída no TSX de Galicia.

### SECCIÓN 3.5.2.1.4.

#### RELACIONES CON OUTROS ORGANISMOS, INSTITUCIÓN E ENTIDADES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Ademais das relacións institucionais e de colaboración cos organismos e institucións da CA de Galicia xa tratados anteriormente (esencialmente, Goberno autónomo, Parlamento de Galicia e TSX), como vén sendo habitual, o fiscal superior mantivo, tamén durante 2020, relacións con outros organismos, institucións e entidades, tanto públicas como privadas, representativas de distintos ámbitos da comunidade galega (político-institucional, xurídico, social, militar, relixiosa, etc.). A pesar das limitacións derivadas da situación pandémica, cómpre citar as seguintes intervencións en actos ou eventos varios durante o ano 2020.

- 6 de xaneiro. Celebración da Pascua Militar no edificio da Capitanía Xeral Militar na Coruña.
- 14 de xaneiro. Acto de posesión do reitor da Universidade da Coruña (UDC).
- 24 de xaneiro. Celebración de San Raimundo de Peñafort na Universidade de Santiago de Compostela (UDS).
- 5 de febreiro. Acto de toma de posesión en Madrid do fiscal don Álvaro García Ortiz como novo fiscal xefe da Secretaría Técnica da FXE.



- 3 de xullo. Acto de toma de posesión, no edificio da Capitanía da Coruña, do xeneral don Juan-Francisco Arrazola Martínez como novo xefe da Forza Loxística Operativa (FLO).
- 6 de xullo. Celebración en Madrid do XL Aniversario do Tribunal Constitucional.
- 24 de xullo. Acto solemne da entrega da Medalla de Ouro de Galicia (única este ano) no Museo do Centro Gaiás de Santiago de Compostela. Emotivo acto, no que esa medalla única foi entregada, de forma colectiva, aos profesionais da sanidade galega implicados na atención aos pacientes de COVID-19.
- 25 de xullo. Actos tradicionais da ofrenda a Santiago Apóstolo, Patrón de Galicia e de España, con participación persoal de SM o Rei.
- 5 de setembro. Acto en Santiago de Compostela da toma de posesión, para novo mandato, do presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.
- 29 de setembro. Acto de toma de posesión en Santiago de Compostela do novo xefe da Policía Autonómica de Galicia, don Jorge-Manuel Rubal Pena.
- 6 de outubro. Reunión sobre a problemática da ocupación ilegal de bens inmoables entre a Delegación do Goberno e a Fiscalía de Galicia, representada polo fiscal superior acompañado do fiscal xefe da Coruña.
- 27 de novembro. Acto de apertura do curso 2020-2021 na sede na Coruña da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.
- 4 de decembro. Celebración do 42º Aniversario da Constitución Española na sede coruñesa da Delegación do Goberno en Galicia.
- 5 de decembro. Acto conmemorativo do 42º Aniversario da Constitución Española no Concello de Ferrol, con conferencia a cargo do propio fiscal superior de Galicia.
- 18 de decembro. Acto de presentación das obras de restauración da Catedral de Santiago de Compostela.
- 30 de decembro. Solemne Cerimonia de Translación dos restos do Apóstolo Santiago.
- 31 de decembro. Solemne Cerimonia de Apertura da Porta Santa en Santiago, como inicio do Ano Xubilar Compostelán 2021.

### *SECCIÓN 3.5.2.2.*

#### *ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS.*

### *SECCIÓN 3.5.2.2.1.*

#### *COLABORACIÓN EN MATERIA DE MEDIOS PERSOAIS, MATERIAIS E TECNOLÓXICOS. COMISIÓN MIXTA FISCALÍA-XUNTA DE GALICIA*

A denominada Comisión Mixta de Coordinación entre o MF en Galicia e a Consellaría de Xustiza da Xunta de Galicia foi creada, mediante protocolo subscrito o 20/06/2003 pola FXE e a referida Consellaría (actualmente, CPAPX, integrada na Vicepresidencia da Administración autonómica).





Desde a súa constitución formal o 18/11/2004, e ao longo do período 2005-2018, veu celebrando as oportunas reunións (unha ou varias ao ano). Os fins esenciais da Comisión son: a) servir de fórmula estable de cooperación entre o MF e a Consellaría de Xustiza da XG, sen prexuízo do carácter estatal da organización e funcionamento do MF; e b) estudar as necesidades de provisión de medios materiais, persoais e tecnolóxicos dos órganos do MF da CA de Galicia (norma primeira do protocolo).

Durante o **ano 2020** realizouse unha reunión desta Comisión Mixta Fiscalía-Xunta, o 16 de decembro de 2020, mediante videoconferencia. Por parte da Fiscalía, interviñeron o fiscal superior de Galicia, o fiscal de sala da unidade de apoio-FXE (acompañado doutro fiscal desa unidade) e os catro fiscais xefes das fiscalías provinciais galegas. Por parte da XG, participaron o vicepresidente 1º e o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, a directora da Amtega (xunto coa súa directora da área de Modernización das AAPP) e tres cargos máis da Dirección Xeral de Xustiza da XG.

#### *Resumo dos asuntos tratados*

- 1) Incremento de inspeccións nas residencias de persoas maiores e discapaces.
- 2) Acceso á base de datos de menores da Xunta por parte dos fiscais.
- 3) Orzamentos e proxectos para infraestruturas e fiscalías en 2021.
- 4) Xustiza dixital.
- 5) Ampliación de persoal funcional.
- 6) Dotación de mobiliario relacionado con política de protección de datos.
- 7) Supresión de Seccións Territoriais (Verín e Cambados).
- 8) Dotación de desfibriladores.
- 9) Supervisión de emisións de radon nalgunhas sedes.
- 10) Oficina de Atención ás Vítimas (OAV).
- 11) Actuacións relacionadas coa COVID-19.

#### *SECCIÓN 3.5.2.2.2.*

#### *PARTICIPACIÓN NOUTROS ÓRGANOS DE COLABORACIÓN CONSTITUÍDOS NA CA DE GALICIA*

- Participación no desenvolvemento de *plans de acción da Administración autonómica en relación coas persoas maiores e persoas con discapacidade*.
- Participación na *Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia*, creada polo Decreto 46/2009, do 26 de febreiro, da *CPAPX da XG*, sobre os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia, norma completada logo por Orde do 04/09/2012 da referida *Consellaría* (DOG núm. 173).



■ Participación na *Comisión de Garantías de Videovixilancia de Galicia*, creada ao amparo da LO 4/1997, do 4 de agosto, reguladora do uso de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos, desenvolta posteriormente polo capítulo III (arts. 12-16) do Regulamento de desenvolvemento e execución da citada LO (RD 596/1999, do 16 de abril). En todo caso, haberá que ter en conta agora o disposto sobre o tratamento dos datos persoais con fins de videovixilancia e a súa repercusión no dereito á intimidade, nos termos previstos agora na nova Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais. Durante o ano 2020 a Comisión celebrou cinco reunións, concretamente os días 27 de febreiro, 9 de xullo e 30 de novembro.

### SECCIÓN 3.5.2.2.3.

#### CONVENIOS E PROTOCOLOS SUBSCRITOS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

Ao longo dos anos precedentes, como quedou reflectido nas respectivas memorias, víñanse subscribindo convenios e protocolos entre esta Fiscalía autonómica e a CA de Galicia; especialmente en materia de mediación intraxudicial familiar (renovacións anuais) e outras varias, como mediación e conformidades no ámbito penal. Pero, debido á situación de crise pandémica, no 2020 non foron subscritos novos convenios ou protocolos por esta Fiscalía autonómica.

## REFERENCIA A CONVENIOS OU PROTOCOLOS RELEVANTES EN FASE DE TRAMITACIÓN EN 2020

Con participación da Fiscalía de Galicia, continúan os traballos do *Protocolo para a creación e posta en marcha do novo modelo de OAVD, así como o protocolo de asistencia psicolóxica* a estas, como se detallou na memoria do ano anterior. Para iso, a Fiscalía de Galicia ten senllos fiscais representantes nas respectivas comisións ou equipos de traballo, designados polo fiscal superior. A Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia volveuse a ocupar deste tema na súa reunión do 16 de decembro de 2020.



## SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS

### DEPENDENCIAS E EDIFICIOS

■ *Dependencias da Fiscalía autonómica.* Novo edificio. Nada especial hai que engadir ao xa comentado nas memorias de anos anteriores. Seguimos á espera de conseguir un novo edificio para a Fiscalía autonómica, posiblemente cando o permitan as limitacións e prioridades orzamentarias en materia de edificios, concentradas actualmente pola Administración autonómica noutros proxectos.

■ *Referencia a algunhas actuacións en marcha en materia de edificios*

Segundo o constatado no seo da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia (reunión celebrada por videoconferencia o 16/12/2020), as principais actuacións da XG en materia de infraestruturas xudiciais concéntranse en tres proxectos principais:

- Construción dun novo edificio xudicial na Estrada (Pontevedra), para agrupar as dúas sedes separadas.
- Primeiros pasos para proporcionar ao Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) en Santiago de Compostela un edificio de referencia en Galicia.
- Conclusión da rehabilitación do antigo Hospital Xeral como nova *Cidade da Xustiza de Vigo*. Este “megaproxecto”, cun investimento actualizado de 42 millóns de euros, ten previsto albergar a nova sede da Fiscalía de Área de Vigo. Con presentación en 2017 e inicio de execución en 2018, tiña prevista a súa conclusión para a primavera de 2020. A situación pandémica obrigou a unha reformulación con conclusión prevista agora para o primeiro trimestre de 2021. Xunto outras autoridades da XG e da AX, o fiscal superior asistiu ao acto formal de visita ás obras desa “Cidade da Xustiza” o día 14 de outubro de 2020.

### OUTROS MEDIOS MATERIAIS

As dependencias desta Fiscalía autonómica, como se dixo en memorias anteriores, están dotadas pola Administración competente (XG) dos medios materiais xerais precisos.

Nas últimas reunións da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia, xa se lle expuxeron á Administración as necesidades existentes nas fiscalías territoriais de Galicia, co fin de seguir mellorando a dotación de medios materiais e tecnolóxicos, así como a formación en TIC para o funcionariado.



## SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA

### § 1. TRANSFORMACIÓN DIXITAL E PLANIFICACIÓN TECNOLÓXICA NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA. FISCALÍA DIXITAL

Como apuntamos en memorias anteriores, a transformación dixital (TD) constitúe un factor de gran *valor estratéxico e operativo, ferramenta fundamental para obter valor engadido e a efectividade das organizacións*, públicas ou privadas, é dicir, para a suma de eficacia (logro de obxectivos propostos) e *eficiencia* (uso optimizado dos recursos, con aforro de tempo, traballo e custos). A actual crise pandémica e o seu afrontamento con ferramentas e recursos tecnolóxicos (teletraballo, videoconferencia, redes sociais, etc.) non fan máis que reforzar o valor e utilidade da TD.

No ámbito da AX e, en particular do MF, a TD segue a vir, mesmo no medio desta situación crítica, da man dos proxectos de **Xustiza Dixital e Fiscalía Dixital**, moi ligados aos da *Nova Oficina Xudicial (NOX)* e da *Nova Oficia Fiscal (NOF)*.

O obxectivo de Fiscalía Dixital segue sendo a TD das fiscalías, isto é, a *progresiva dixitalización e coordinación integrada do traballo* nestas. Con iso preténdese lograr o funcionamento con “*papel cero*” (auténtico anhelos organizativo e ata ecolóxico), así como a interoperabilidade ou interconexión entre as propias fiscalías (interoperabilidade interna) e a destas con outros organismos, propios da AX ou externos (interoperabilidade externa).

En memorias de anos anteriores xa deixamos suficientemente explicado como o proxecto *Fiscalía Dixital* baséase fundamentalmente na evolución de Fortuny como ferramenta tecnolóxica que supón a *integración de cinco sistemas ou aplicacións*: o sistema de xestión procesual (Minerva e Fortuny); a plataforma segura de información Lexnet; a plataforma de sinatura electrónica, o visor de expedientes xudiciais e o cargador de expedientes.

*A Administración autonómica galega segue colaborando neste proxecto estatal*, a través da súa *Axenda Dixital de Galicia 2020* e, particularmente, cun dos seus instrumentos, o actual plan de sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia (*Plan Senda 2020*). Esta tema foi obxecto de tratamento recorrente, a nivel central, nas reunións do Pleno do Consello Fiscal e da Xunta de Fiscais Superiores de CCAA, así como, a nivel autonómico, nas reunións das Xuntas de Fiscais Xefes de Galicia, da Xunta de Fiscais da Fiscalía autonómica e da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia).



---

## § 2. INCIDENCIA DA CRISE PANDÉMICA DA COVID-19 NA ORGANIZACIÓN TECNOLÓXICA DA FISCALÍA

---

Como é evidente e lóxico, a crise pandémica da COVID-19 supuxo un gran impacto no ámbito organizativo-funcional da AX e das fiscalías en particular. De aí a intensa actividade que no dito ámbito desenvolveu a Fiscalía autonómica de Galicia, mediante un bo número de notas de servizo (xa comentadas anteriormente).

A ameaza pandémica supuxo tanto a necesidade como a oportunidade de intensificar o recurso ás TIC. Incluso a utilización de ferramentas e medios que, como a videoconferencia ou o teletraballo apenas se utilizaran. Esta situación de ameaza debe ser aproveitada como oportunidade (análise DAFO) para intensificar a necesaria transformación dixital da organización e funcionamento da Administración de Xustiza en xeral e da Fiscalía en particular.

Neste sentido, un aspecto moi a ter en conta é o *teletraballo*. É dicir, o traballo realizado a distancia, en lugar situado fóra do centro de traballo (normalmente, o domicilio do traballador), levado a cabo mediante o uso exclusivo ou predominante de medios e sistemas informáticos, telemáticos e de telecomunicación. Naturalmente, o recurso ao teletraballo haberá de ir ligado a unha fixación previa de obxectivos e a verificación do seu efectivo cumprimento.

A cabalo das propias esixencias da crise pandémica, tanto a FXE como as AAPP elaboraron normas e protocolos de emerxencia para ir afrontando a situación mediante o teletraballo (así, o MXU, o CXPX, a XG e o TSXG). Actualmente xa existe unha normativa estatal xeral e específica da AX, que terá que ser obxecto de desenvolvemento autonómico.

En calquera caso, interesa resaltar que, moi probablemente, imos cara a unha progresiva implantación do teletraballo no ámbito laboral privado e no das propias AAPP. Isto esixirá que tanto as organizacións privadas como públicas acentúen a súa TD e utilicen sistemas de xestión estandarizada (xestión de calidade e por procesos, xestión de información e documental, xestión ambiental, xestión de protección de datos, etc.).

---

## § 3. IMPLANTACIÓN E SITUACIÓN ACTUAL DE FISCALÍA DIXITAL NA FISCALÍA DE GALICIA. OUTRAS NOVIDADES TECNOLÓXICAS

---

A fase inicial chegou en maio de 2018 co *despregamento dunha nova versión de Fortuny* (a 7.4.5.2) en todas as fiscalías territoriais de Galicia (autonómica, provinciais, de área e seccións territoriais). A seguinte fase concretouse en xaneiro de 2019, co inicio da progresiva *activación de Fortuny Dixital* en todas as fiscalías galegas, con formación previa e apoio posterior a cargo da XG. Ultimamente, o 18/12/2020 implementouse nas fiscalías galegas a versión de Fortuny 7.8.21.



En síntese, pode dicirse que, agás na Fiscalía de Área de Santiago, en todas as fiscalías territoriais de Galicia (autonómica, provinciais, de área e seccións territoriais) Fortuny Dixital xa está implantado e operativo en todas as ordes xurisdicionais, tras as dúas fases de despregamento e activación. Está pendente unha fase subseguinte coa integración do visor documental do Ministerio de Xustiza (Horus) para acceder aos documentos do SICC (Sistema de Información, Control e Consulta do MF). A pesar dos obstáculos derivados da folga funcional de 2018 e a crise pandémica iniciada en 2020, este ano logrouse a activación e implantación de Fortuny Dixital na Fiscalía Provincial da Coruña (febreiro de 2020) e na Fiscalía de Área de Ferrol (novembro de 2020). Polo que só resta facelo na Fiscalía de Área de Santiago.

Á parte do exposto, cómpre mencionar algunhas das últimas novidades en materia tecnolóxicas na Fiscalía de Galicia, xa implementadas ou en vías de selo:

- *Escritorio integrado. Aplicación de cálculo automático de acumulación de penas (art. 988 LACrim).* Nunha actuación coordinada entre MXU, Unidade de Apoio-FXE e a AMTEGA da XG, realizouse a súa implementación o día 22 de outubro de 2020 en todas as fiscalías territoriais de Galicia. Trátase dunha ferramenta que opera como un nodo de intersección de aplicacións informáticas, que opera cunha especie de “punto neutro” de acceso ás distintas aplicacións e recursos utilizados polos fiscais e o funcionariado das fiscalías (Fortuny, visor documental, portasinaturas, correo electrónico, aplicacións de antiga intranet fiscal, xestión estatística, etc.). Nese nodo tamén se integrou a nova aplicación de cálculo automático de acumulación de penas (art. 988 LACrim).

- Nova ferramenta Office 365. É unha potente e versátil ferramenta ofimática que se implantará proximamente en todas as fiscalías territoriais de Galicia. Entre outras funcionalidades, incorpora importantes ferramentas colaborativas, como os sistemas integrados de conexión tipo “Team”, que permitirá crear equipos operativos. Destaca así mesmo que ten boa compatibilidade con Fortuny e que ofrece ferramentas de rexistro de voz que fan innecesario acudir a outras dotacións (como Dragon).

---

#### § 4. SUPRESIÓN DE DEFICIENCIAS

---

Malia os avances logrados coa implantación de Fortuny Dixital, resulta necesario continuar avanzando e suprimindo ou corrixindo algunhas deficiencias que subsisten e que cumpriría solucionar, principalmente:

**1) Falta de interoperabilidade interna** (entre distintas fiscalías). Traballouse moito en prol da *interoperabilidade externa*, é dicir, o intercambio de información e documentación entre as fiscalías e outros organismos, especialmente os órganos xudiciais. Pero non acontece o mesmo coa *interoperabilidade interna*, ou *sexa*, o *intercambio entre as fiscalías entre si*. Este obstáculo ponse de manifesto especialmente na nosa Fiscalía



autonómica de Galicia cando teñen entrada, por exemplo, *recursos de apelación penal* ordinaria ou do procedemento do Xurado. A documentación chega desde a fiscalía provincial en formato papel, xa que non existe interconexión entre os módulos de Fortuny desta fiscalía e a autonómica, e cómpre elaborar un escrito de comparecencia do fiscal en formato papel para ser entregado á Sala do Civil e do Penal do TSX, o cal adoita facerse a través do sistema antigo de Lexnet (non integrado en Fortuny).

**2) Outros problemas ou deficiencias**, tal como resulta, sobre todo, da reunión da Xunta de Fiscais Xefes de Galicia (17/11/220) e da reunión da Comisión Mixta Fiscalía-XG (16/12/2020).

- Sistema informático de maior ancho de banda e fiabilidade, para evitar as cada vez máis frecuentes “caídas do sistema”.
- Renovación áxil de certificados dixitais e tarxetas criptográficas.
- Integración plena en Fortuny tanto do visor como do portasinaturas, con acceso directo a ambas funcionalidades desde Fortuny.
- Transcritor de declaracións gravadas dixitalmente (vídeo e son). A partir dun dispositivo gravador incorporado aos sistemas de videoconferencia. Sistemas de videoconferencia que integren gravación (menores e cooperación internacional).
- Dotación de “ordenador maquetado” á oficina.
- Simplificación insuficiente de “escritorio integrado” (moitos contrasinais e deficiencias, falta de formación).

De todos os xeitos, como xa quedou exposto en anteriores memorias, o obxectivo a medio prazo —e máis vistos os efectos da crise pandémica no ámbito organizativo-funcional— ten que ser un novo sistema informático único, avanzado e integrado, *tal como veñen solicitando, case unanimemente, distintos operadores xurídicos* (xudicatura, MF, funcionariado, avogacía...). A pesar dos últimos avances con “Xustiza e Fiscalía Dixital”, existe a clara sensación dunha *Xustiza tecnoloxicamente fragmentada*, debido á complexidade da coordinación e intercambio entre os *nove sistemas diferentes no conxunto do Estado*, ademais da aplicación de xestión procesual de Fiscalías (Fortuny). Consta que os organismos centrais competentes (particularmente, MXU e FXE), en colaboración coas Administracións autonómicas, xa están a traballar nese novo horizonte.

O referido sistema único, coas debidas garantías (configuración de roles, seguridade informática e protección de datos), permitiría desenvolver *conxuntamente o seu traballo aos órganos xudiciais e fiscais, así como relacionarse con outros operadores xurídicos* (forenses, Policía Xudicial, Administración pública, avogacía, procuradoría, etc.). Hai constancia de que as Administracións competentes (central e autonómicas) xa están a traballar nese novo horizonte, que é compartido pola FXE (e o Consello Fiscal).



## SECCIÓN 6. INSTRUCCIÓN XERAIS E CONSULTAS

Nesta sección faise referencia ás instrucións emitidas pola Fiscalía autonómica de Galicia ás fiscalías territoriais dependentes (fiscalías provinciais e de área), así como aos fiscais integrantes destas. Segundo a normativa vixente, os fiscais superiores, en canto superiores xerárquicos dos fiscais xefes provinciais do seu territorio, poderán ditarlles ordes e instrucións, xerais ou específicas, aos referidos xefes provinciais, convenientes ao servizo e ao exercicio das funcións encomendadas (art. 25 EOMF e concordantes).

No **ano 2020** o fiscal superior de Galicia non ditou instrucións xerais, nin tampouco elevou consulta á FXE. Aínda que si remitiu un oficio con data do 12/06/2020 como *recordatorio do cumprimento da Instrución 1/2019, do 24 de xullo, sobre as actuacións en materia de incendios forestais*. Este oficio recordatorio foi dirixido ás xefaturas das fiscalías territoriais de Galicia (provinciais e de área), así como aos delegados provinciais de medio ambiente e urbanismo.

Con todo, cómpre salientar que o fiscal superior realizou unha intensa actividade de dirección e coordinación do MF en Galicia a través dun total de 17 *notas de servizo*, orientadas á mellora da organización e funcionamento interno do organismo, especialmente para afrontar o reto da pandemia da COVID-19. Delas xa se deu conta anteriormente.





## SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

### SECCIÓN 7.1. RESUMO DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS EN 2020 EN GALICIA

#### EXPOSICIÓN DE DATOS

CADRO DE PERSOAL DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA - ANO 2020 CIFRA TOTAL E DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍAS				
CATEGORÍA	2020	2019	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I)	OBSERVACIÓNS
2ª CATEGORÍA (FISCAL))	101	101	0 (0%)	5,76% DO TOTAL ESTATAL (2.553) 5,44 FISCAIS/100.000 HABITANTES 1 FISCAL/18.586,29 HABITANTES
3ª CATEGORÍA (AVOGADO FISCAL)	46	46	0 (0%)	
TOTAL CADRO DE PERSOAL (TODAS AS CATEGORÍAS)	147	147	0 (0%)	

#### ANÁLISE DE DATOS

##### ■ *Cifra total e categorías de fiscais en Galicia*

Desde a última ampliación operada polo RD 255/2019, do 12 de abril, o *cadro de persoal do Ministerio Público en Galicia segue integrado por 147 prazas*, sen variación interanual, e unha porcentaxe do 5,76% na cifra estatal (5,76%).

Desde entón, non se produciron máis ampliacións de persoal, aínda que se recorreu a puntuais substitucións externas, a modo de apoio ou de reforzo, conforme coa normativa vixente.

Segundo o Instituto Nacional de Estadística (INE), a CA de Galicia conta cunha poboación de 2.701.819 habitantes (censo padrón de habitantes a data 01/01/2020), distribuídos en 4 provincias e 313 municipios. Ten unha ratio de 5,44 fiscais/100.000 habitantes, equivalente a 1 fiscal por cada 18.379,72 habitantes; semellante á ratio do conxunto de España que, cunha poboación equivalente de 47.450.795, é de 5,38 fiscais/100.000 habitantes (equivalente a 1 fiscal/18.586,29 habitantes).

Cómpre salientar que a cifra de 147 fiscais do cadro orgánico do MF en Galicia segue a ser inferior á correlativa do persoal integrante da carreira xudicial, que é de 353 a data 01/01/2019 (segundo o informe “A Xustiza dato a dato. Ano 2019”, do CXPX), cunha ratio de 13,08 xuíces ou maxistrados/100.000 habitantes de 2019 (2.699.499), equivalente a un xuíz ou maxistrado/7.647,30 habitantes). Xa que logo, a cifra de integrantes da carreira xudicial en Galicia supera en 206 á do MF, o que supón unha alta porcentaxe dun 140,14% máis: por cada fiscal en Galicia hai 2,4 xuíces/maxistrados (máis do dobre).



Á parte da cifra de 147 fiscais titulares, integrantes do cadro orgánico do MF en Galicia, durante o ano 2020 tamén prestou servizo un total de 16 avogados-fiscais substitutos (substitucións externas), tal como se indicou anteriormente.

■ **Distribución da cifra total por categorías.** A distribución do cadro orgánico é a seguinte: 101 prazas de 2ª categoría (fiscal) e 46 prazas de 3ª categoría (avogado-fiscal).

■ **Distribución do equipo fiscal por postos de dirección ou coordinación-decanato** (independentemente da categoría). É a seguinte, conforme o disposto no mencionado RD 62/2015 (texto articulado e anexo):

- 1 fiscal superior de CA (máximo responsable da Fiscalía autonómica);
- 1 tenente fiscal de fiscalía de CA;
- 4 fiscais-xefes de fiscalías provinciais (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra);
- 4 tenentes fiscais de fiscalías provinciais;
- 3 fiscais-xefes de área (nas fiscalías de área de Santiago, Ferrol e Vigo);
- 34 fiscais coordinadores;
- 8 fiscais decanos.

■ **Órganos xudiciais atendidos polo persoal do Ministerio Fiscal en Galicia**

Segundo datos obtidos do portal web do CXPX, [www.poderjudicial.es](http://www.poderjudicial.es) (informe a data 25/02/2020), existe en Galicia un total de 436 órganos xudiciais, sumadas todas as xurisdicións (201 na civil, 188 na penal, 17 na contencioso-administrativa e 30 na social). En todos eles interveñen os membros do Ministerio Fiscal, con particular intensidade nos órganos da xurisdición penal.

XURISDICIÓNS	NÚMERO DE ÓRGANOS
<b>XURISDICIÓN CIVIL</b>	
XULGADOS DE 1ª INSTANCIA	51
XULGADOS DO MERCANTIL	7
XULGADOS DE VIOLENCIA CONTRA A MULLER	46
XULGADOS DE FAMILIA	9
XULGADOS DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN	74
XULGADOS DE MENORES	4
AUDIENCIAS PROVINCIAIS. SECCIÓN CIVÍS	8
AUDIENCIAS PROVINCIAIS. SECCIÓN MIXTAS	1
TRIBUNAL SUPERIOR XUSTIZA (TSX). SALA CIVIL E PENAL	1
<b>TOTAL</b>	<b>201</b>



<b>XURISDICIÓN PENAL</b>	
XULGADOS DE INSTRUCCIÓN	31
XULGADOS DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN	74
XULGADOS DE VIOLENCIA CONTRA A MULLER	46
XULGADOS DE MENORES	4
XULGADOS DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	3
XULGADOS DO PENAL	21
XULGADOS DO PENAL DE EXECUTORIAS	0
AUDIENCIAS PROVINCIAIS. SECCIÓNS PENAIS	7
AUDIENCIAS PROVINCIAIS. SECCIÓNS MIXTAS	1
TSX. SALA DO CIVIL E DO PENAL	1
<b>TOTAL</b>	<b>188</b>

<b>XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADVA.</b>	
XULGADOS DO CONTENCIOSO-ADVO.	16
TSX. SALA DO CONTENCIOSO-ADVO.	1
<b>TOTAL</b>	<b>17</b>

<b>XURISDICIÓN SOCIAL</b>	
XULGADOS DO SOCIAL	29
XULGADOS DO SOCIAL DE EXECUCIÓNS	0
TSX. SALA DO SOCIAL	1
<b>TOTAL</b>	<b>30</b>

<b>TOTAL XURISDICIÓN</b>	<b>436</b>
--------------------------	------------



**SECCIÓN 7.2.**  
**DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO CADRO DE FISCAIS EN 2020**

<b>FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (FISCALÍA SUPERIOR)</b>				
<b>DENOMINACIÓN PRAZA</b>	<b>DOTACIÓN</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>COORDINADORES</b>	<b>ÁMBITO TERRITORIAL</b>
FISCAL SUPERIOR	1	2		As catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia
TENENTE FISCAL	1	2		
FISCAIS	2	2		
<b>TOTAL</b>	<b>4</b>			

<b>FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA</b>					
<b>DENOMINACIÓN PRAZA</b>	<b>DOTACIÓN</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>DECANOS</b>	<b>COORDINADORES</b>	<b>ÁMBITO TERRITORIAL</b>
FISCAL XEFE		2			Partidos xudiciais de Arzúa, A Coruña, Betanzos, Carballo, Corcubión e Ordes (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	26	2	2	13	
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
<b>TOTAL</b>	<b>33</b>		<b>2</b>	<b>13</b>	

<b>FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>					
<b>DENOMINACIÓN PRAZA</b>	<b>DOTACIÓN</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>DECANOS</b>	<b>COORDINADORES</b>	<b>ÁMBITO TERRITORIAL</b>
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de Muros, Negreira, Noia, Padrón e Ribeira (RD 2123/2008)
FISCAIS	9	2		4	
AVOGADOS-FISCAIS	4	3			
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>			<b>4</b>	

<b>FISCALÍA DE ÁREA DE FERROL</b>					
<b>DENOMINACIÓN PRAZA</b>	<b>DOTACIÓN</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>DECANOS</b>	<b>COORDINADORES</b>	<b>ÁMBITO TERRITORIAL</b>
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira (RD 2123/2008)
FISCAIS	3	2		1	
AVOGADOS-FISCAIS	3	3			
<b>TOTAL</b>	<b>7</b>			<b>1</b>	



FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de A Fonsagrada, Becerreá e Lugo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	4	2		1	
AVOGADOS-FISCAIS	5	3			
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>				

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONDOÑEDO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	2	2	1	1	Partidos xudiciais de Mondoñedo, Vilalba e Viveiro (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	2	3			
<b>TOTAL</b>	<b>4</b>		<b>1</b>	<b>1</b>	

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONFORTE DE LEMOS					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	2	3			
<b>TOTAL</b>	<b>3</b>		<b>1</b>	<b>1</b>	

FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de A Pobra de Trives, Celanova, Ourense, O Carballiño, O Barco de Valdeorras e Ribadavia. (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	11	2		2	
AVOGADOS-FISCAIS	1	3			
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>			<b>2</b>	

SECCIÓN TERRITORIAL DE VERÍN					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de Bande, Verín e Xinzo de Limia (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	1	3			
<b>TOTAL</b>	<b>2</b>		<b>1</b>	<b>1</b>	



FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de A Estrada, Caldas de Reis, Lalín, Marín, Pontevedra e Cangas do Morrazo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	13	2	1	5	
AVOGADOS-FISCAIS	7	3			
<b>TOTAL</b>	<b>22</b>		<b>1</b>	<b>5</b>	

FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de O Porriño, Pontearreas, Redondela, Tui e Vigo (RD 2123/2008)
FISCAIS	16	2	1	5	
AVOGADOS FISCAIS	10	3			
<b>TOTAL</b>	<b>27</b>		<b>1</b>	<b>5</b>	

SECCIÓN TERRITORIAL DE CAMBADOS					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	4	2	1	1	Partidos xudiciais de Cambados e Vilagarcía de Arousa (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>		<b>1</b>	<b>1</b>	





CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# CAPÍTULO II

## ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>


**INDICACIÓN PREVIA.** A actividade do Fiscal Superior de Galicia como xefe e representante do MF na nosa comunidade autónoma xa foi obxecto de tratamento na sección 3.5 do anterior capítulo I, ao que nos remitimos.

## SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS

### SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL

SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS  
SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS  
SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

### SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA



### DINÁMICA DE DELITOS GALICIA 2020

DELITOS SENTENCIADOS **75.524**

DELITOS CUALIFICADOS **12.948**

DELITOS INCOADOS **11.028**

#### SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

Baséase este exame nas estatísticas e memorias das fiscalías provinciais de Galicia. Noutro apartado faise referencia aos datos de procedementos penais correspondentes ao ámbito da Fiscalía da CA de Galicia


#### SECCIÓN 1.1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

#### § 1. EXPOSICIÓN DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAIS

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) RESUMO PERÍODO 2015-2020 - DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	TRAMITADOS (PENDENTES, INCOADOS E REABERTOS)	REMATADOS (POR SENTENZA, FINALIZACIÓN OU TRANSFORMACIÓN)	PENDENTES (A FINAL DE ANO)
2015	215.701	186.828	28.873
2016	158.695	123.529	35.166
2017	136.751	104.175	32.576
2018	132.454	97.015	35.439
2019	<b>144.381</b>	<b>108.661</b>	<b>35.720</b>
2020	<b>126.443</b>	<b>87.994</b>	<b>38.449</b>
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.) 2015-2020	-17.938 (-12,42%)	-20.667 (-19,02%)	2.729 (7,64%)
PORCENTAXE (%) EN CIFRA DE TRAMITADOS	100%	69,59%	30,41%
V.I. PERÍODO 2015-2020	-89.258 (-41,38%)	-98.834 (-52,90%)	9.576 (33,16%)
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2015-2020	152.404	118.034	34.371
% EN CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2015-2020	100%	77,45%	22,55%



**EVOLUCIÓN PROCEDIMIENTOS PENALES (POR DELITO)  
TRAMITADOS E INCOADOS  
GALICIA PERÍODO 2015-2020**



## § 2. ANÁLISE DE DATOS SOBRE PROCEDIMIENTOS PENAIS

### § 2.1. DATOS TOTAIS E DINÁMICA DE PROCEDIMIENTOS NO PERÍODO 2015-2020

#### EXAME XERAL

Ao longo dese período obsérvase unha tendencia cara a un *descenso case continuo dos procedementos tramitados e incoados* por delito.

- *Procedementos tramitados* (volumen resultante da suma de pendentes do ano anterior, reabertos e incoados no ano actual). Cunha media anual de 152.404 apréciase, entre o inicio e o final do ciclo, un elevado descenso acumulado de -89.258, equivalente ao 41,38%, que sería superior (51,07%) se non computásemos os novos xuízos por delito leve (XDL).<sup>1</sup>
- *Procedementos incoados* (ingresados en órganos xudiciais e ingresados despois nas fiscalías, en mesmo ano ou posterior). Cunha media anual de 120.631 (79,15% dos tramitados) tamén mostran, entre o inicio e o final do período, outro elevado descenso acumulado de -92.808, equivalente a -50,66%; que sería superior tamén (-59,22%) se non se computasen os novos XDL.<sup>2</sup>
- *Elevados descensos en 2016 e estabilización posterior.* No ano 2016 producíronse elevados descensos nas cifras de procedementos tramitados e incoados (-26,43% e -30,97%,



respectivamente). A partir de 2017, hai tendencia cara á estabilización, ao redor de cifras medias anuais de 140.000 procedementos tramitados e 110.000 incoados. En todo caso, os elevados descenso de tramitacións e incoacións apreciados entre 2015 e 2019 (-33,06% e 40,52%, respectivamente) estiveron motivados nas reformas legais de 2015 (Lei 41/2015 e Lei orgánica 1/2015). O aumento rexistrado en 2019 (9,00% de procedementos tramitados e 5,42% de incoados) foi un dato puntual, motivado pola repercusión da folga do funcionariado xudicial de Galicia en 2018).

- *Concentración dos descenso no procedemento de dilixencias previas (DP).* Dada a súa condición de “filtro preliminar”, este é o procedemento que concentra maior descenso, tanto en termos absolutos como relativos. Entre o inicio e o final do período 2015-2020, cunha cifra media anual de 116.352 tramitados e 93.203 incoados, este tipo procedemental experimentou un avultado descenso acumulado de máis da metade de tramitacións (53,74%) e de case dúas terzas partes das incoacións (61,71%).

- *Elevados descenso en cifras de terminacións, paralelos aos das tramitacións/incoacións.*

En igual período produciuse un descenso paralelo nas terminacións por finalización anticipada (FA), mediante acumulación/inhibición (A/I) e sobresemento provisional (SP). Este descenso paralelo de FA fíxose notar especialmente en DP, procedemento no que, no mesmo período 2015-2020, se rexistrou nas A/I un descenso acumulado de máis da metade (-54,94%), así como de  $\frac{3}{4}$  partes (-75,48%) nos SP. Estes datos evidencian o impacto producido pola aplicación do novo art. 284 LACrim (reformado por Lei 41/2015) que introduciu como medida de axilización a supresión, por regra xeral, da obrigada remisión aos órganos xudiciais e fiscalías dos atestados sen autor coñecido.

---

## § 2.2. DATOS TOTAIS DE PROCEDEMENTOS NO ANO 2020

---

### ■ *Datos xerais*

De acordo coa estatística fiscal de 2020 constan 126.443 procedementos xudiciais tramitados por delito en Galicia, con descenso interanual de -17.938, equivalente a -12,42% (aumento 9,00% ano anterior). Dentro deste total de tramitados, a maior parte (71,48%) corresponde aos procedementos incoados ou ingresados, concretamente 90.378, con descenso de -18.586, equivalente a -17,06% (aumento 5,42% ano anterior). Sen computar a cifra de xuízos por delito leve (XDL) incoados (15.667), “sucesor” parcial do antigo xuízo de faltas (XF), a cifra total de procedementos incoados situaríase en 74.711, cun descenso de -15.586, equivalente a -17,26% (aumento 4,70% ano anterior). Nas cifras totais de 2020 incluíronse non só os datos das catro provincias galegas senón tamén os do TSX de Galicia (25 causas tramitadas contra persoas aforadas e, dentro delas, 17 incoadas ou ingresadas no ano).



O mencionado descenso das cifras de tramitación e incoación en 2020 (-17,06% e -17,26%) é atribuíble ao impacto negativo da pandemia do coronavirus na actividade dos órganos xudiciais e as fiscalías.

### ■ **Algúns datos relevantes sobre procedementos en 2020**

■ *Procedemento tramitado de maior peso cuantitativo.* É o de dilixencias previas (67,34% do total), seguido do xuízo por delitos leves (16,54%), o procedemento abreviado (10,88%), as dilixencias urxentes (5,83%), o sumario-procedemento ordinario (0,205%) e o procedemento do Tribunal do Xurado (0,013%).

■ *Procedemento de dilixencias previas (DP), filtro preliminar común para a maioría dos delitos.* Así o demostran as cifras da estatística fiscal de 2020, segundo a cal máis da metade (54,90%) das DP tramitadas terminaron por “finalización anticipada”, FA, (sobresemento/arquivo ou acumulación/inhibición); só 12,11% foron obxecto de transformación noutro procedemento; e o resto quedaron pendentes a fin de ano (32,99%)

■ *Procedemento de maior eficacia, en termos de cualificación fiscal e terminación por sentenza.* É o procedemento das dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU), polas seguintes razóns, actualizadas con datos de 2020:

- Representan un alto 36,17% da cifra total (20.392) de procedementos tramitados con posibilidades reais de seren obxecto de cualificación fiscal (todos, menos DP, “filtro preliminar procedemental”, e XDL, sen trámite de cualificación fiscal escrita).

- Preto das tres cuartas partes (73,51%) das DU tramitadas (7.375) son obxecto de cualificación fiscal, nivel superior ao doutros procedementos (48,79% PA, 33,59% SU e 52,94% PX).

- Case dous terzos (61,46%) das DU tramitadas son obxecto de sentenza condenatoria por conformidade (4.533).

---

## § 2.3. DATOS PARTICULARES DE PROCEDEMENTOS NO ANO 2020 (TRAMITADOS, TERMINADOS E PENDENTES A FINAL DE ANO)

---

### § 2.3.1. PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (PENDENTES A INICIO DE ANO, INCOADOS E REABERTOS)

---

■ *Procedementos pendentes a inicio de ano:* 34.951 procedementos, con aumento interanual de 1.664 (4,99%) e unha porcentaxe do 27,64% na cifra total de tramitados (126.443). A maior parte desta “pendencia inicial” son en dilixencias previas (DP), cunha cifra de 23.938, equivalente a sobre dúas terceiras partes do total (68,49%); o resto, nos demais procedementos



■ **Procedementos reabertos no ano:** 1.114, con descenso interanual -1.016 (-47,70%) e unha porcentaxe do 0,88% en cifra total de tramitados. Son 923 en DP (82,85%); o resto, nos demais procedementos.

■ **Procedementos incoados** ou ingresados no ano: Son os 90.378 referidos anteriormente, con descenso de -18.586, equivalente a -17,06% (aumento 5,42% ano anterior), e unha porcentaxe de tres cuartos (71,48%) na cifra total de tramitados (126.443).

Nas seguintes táboas reflíctense detalladamente os datos particulares dos procedementos tramitados e incoados nos órganos xudiciais de Galicia en 2020, tanto por tipoloxía procedemental como por provincias.

PROCEDEMENTOS PENAIS TRAMITADOS POR TIPOLOXÍA – GALICIA ANO 2020				
	TIPO PROCEDEMENTO	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I)	% EN CIFRA TOTAL (126.443)
1º	DP	85.143	-10.967 (-11,41%)	67,34%
2º	XDL	20.908	-3.916 -15,78%)	16,54%
3º	PA	12.741	-1.464 (-10,31%)	10,08%
4º	DU	7.375	-1.642 (-18,21%)	5,83%
5º	SU	259	56 (27,59%)	0,205%
6º	PX	17	-5 (-22,73%)	0,013%

PROCEDEMENTOS PENAIS TRAMITADOS POR PROVINCIAS – GALICIA ANO 2020				
	PROVINCIA	CIFRA	V.I	% EN CIFRA TOTAL (126.443)
1º	PONTEVEDRA	51.473	-9.460 (-15,53%)	40,71%
2º	A CORUÑA	48.315	-3.667 (-7,05%)	38,21%
3º	LUGO	15.126	-2.033 (-11,85%)	11,96%
4º	OURENSE	11.496	-2.781 (-19,55%)	9,09%

PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS POR TIPOLOXÍA – GALICIA ANO 2020				
	TIPO PROCEDEMENTO	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I)	% EN CIFRA TOTAL (90.378)
1º	DP	60.282	-12.010 (-16,61%)	66,70%
2º	XDL	15.676	-2.991 (-16,02%)	17,34%
3º	DU	7.187	-1.691 (-19,05%)	7,95%
4º	PA	7.111	-1.892 (-21,02%)	7,87%
5º	SU	105	3 (2,94%)	0,116%
6º	PX	17	-5 (-22,73%)	0,019%





PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS POR PROVINCIAS – GALICIA AÑO 2020				
	PROVINCIA	CIFRA	V.I	% EN CIFRA TOTAL (90.378)
1º	PONTEVEDRA	39.627	-9.501 (-19,33%)	43,85%
2º	A CORUÑA	32.341	-5.694 (-14,97%)	35,79%
3º	LUGO	9.706	-1.922 (-16,53%)	10,74%
4º	OURENSE	8.687	-1.460 (-14,39%)	9,61%

### § 2.3.2. PROCEDEMENTOS TERMINADOS (FINALIZACIÓN ANTICIPADA, TRANSFORMACIÓN E SENTENZA)

#### ■ *Datos totais de procedementos rematados*

■ Conforme a estatística fiscal, no ano 2020 figuran 87.994 procedementos penais terminados en Galicia, con descenso interanual de -20.667 (-19,02%) e un 69,59% na cifra de tramitados (116.443) – inferior á do 78,71% do ano anterior). Nesa cifra total de terminacións en 2020 incluíronse non só os datos das catro provincias galegas senón tamén os do TSX de Galicia (18 causas terminadas contra persoas aforadas).

#### ■ *Outros datos concretos destacables*

-*Terminación por sentenza.* Mantense a constante de que só unha pequena parte dos procedementos tramitados foron finalizados por sentenza. Concretamente, a estatística fiscal reflicte unha cifra total de 16.289 sentenzas, cunha porcentaxe do 12,88% respecto dos procedementos tramitados, 18,02% dos incoados e 18,51% dos terminados.

-*Formas de terminación alternativas á sentenza.* O resto dos procedementos terminados, 71.705 (81,49% de total terminados), concluíron de dúas formas alternativas á sentenza: a) finalización anticipada (FA), concretamente 60.716 (48,02% de tramitados e 69,00% de terminados); ou b) por transformación (TF) noutro procedemento, concretamente 10.989 (8,69% de tramitados e 12,49% de terminados).

-*Relación de datos entre cualificacións fiscais e sentenzas ditadas.* Segundo rexistra a estatística fiscal de 2020, consta un total de 11.733 cualificacións do MF, cunha porcentaxe do 9,28% respecto dos procedementos tramitados; e foron ditadas 16.289 sentenzas, cunha porcentaxe do 12,88%. Con todo, se tomamos como referencia a cifra dos 20.392 procedementos tramitados que poden ser obxecto de cualificación fiscal escrita (todos menos DP e XDL), as porcentaxes resultan diferentes. Así, serían 10.230 sentenzas (excluídas as de XDL), cunha porcentaxe do 50,17% deses 20.392 procedementos tramitados; e as 11.733 cualificacións fiscais supoñerían un superior 57,54% respecto de igual cifra de tramitados.



### § 2.3.3. DATOS PARTICULARES DAS DISTINTAS FORMAS DE TERMINACIÓN PROCEDEMENTAL (POR SENTENZA E OUTRAS FORMAS ALTERNATIVAS)

Á parte das 16.289 sentenzas ditadas en 2020 —examinadas logo extensamente na sección 1.1.17 deste capítulo II—, detállanse agora os procedementos terminados de modo distinto a sentenza, que neste ano acadaron o total de 71.705, con descenso interanual de -15.817 (-18,07%) e unha porcentaxe do 81,49% na cifra de terminados (87.994), así como de 56,71% na de tramitados (126.443). A maior parte desta forma de terminación alternativa (TA) corresponde ao procedemento de DP, cunha cifra de 57.049 (79,56%).

Dentro desas formas de TA, pódese distinguir entre terminación por transformación noutro procedemento (TF) e finalización anticipada (FA)

■ *Terminación por transformación noutro procedemento (TF)*. Figura unha cifra total de 10.989, con incremento interanual de -2.844 (-20,56%) e porcentaxes do 12,49% e 8,69%, respectivamente, nas cifras de procedementos terminados e tramitados (87.994 e 126.443, respectivamente). A maior parte (o 93,81%) destas TF producíronse en DP, concretamente 10.309.

■ *Terminación por finalización anticipada, FA (acumulación/inhibición, sobresemento ou arquivo)*. Constan 60.716, con descenso interanual de -14.136 (-18,89%) e porcentaxes do 69,00% e 48,02%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos terminados e tramitados. A maior parte destas TA (o 76,98%) corresponden ao procedemento de DP, cunha cifra total de 46.740, distribuída entre 16.915 acumulacións/inhibicións, 6.345 arquivos definitivos e 23.480 sobresementos provisionais. Podemos distinguir dous grupos básicos de finalización *anticipada*:

■ *Acumulacións/inhibicións (A/I)*: 17.208, con porcentaxes do 19,56% e 13,61%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos terminados e tramitados.

■ *Sobresementos/arquivos (S/A)*: 43.508, con porcentaxes do 49,44% e 34,41%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos terminados e tramitados. A maior parte (o 68,55%) destes S/A producíronse en DP (cifra total de 29.825, distribuída entre 6.345 arquivos e 23.480 sobresementos).

### § 2.3.4. PROCEDEMENTOS PENDENTES A FINAL DE ANO

Da estatística fiscal de 2020 resulta a cifra total de 38.449 procedementos pendentes a final do ano, é dicir, en trámite e sen finalizar, con aumento interanual de 2.729 (-7,64%). A cifra foi obtida da operación [procedementos tramitados] – [procedementos terminados] = [procedementos



pendentes]. A maior cifra desta pendencia (73,05%) concéntrase en DP, cunha cantidade de 28.087.

### § 2.3.5. ESPECIAL REFERENCIA Á APLICACIÓN DO ART. 324 LACRIM (CONTROL DE PRAZO DE INSTRUCIÓN)

A estatística fiscal de 2020 reflicte os seguintes datos sobre o particular:

- *Declaracións de complexidade*: 1.047, con interanual de -1.019 (-49,32%); 143 en dilixencias previas (DP) e 4 en sumario (SU).
- *Declaracións de prazo máximo*: 457, con descenso de -488 (-51,64%); 453 en DP e 4 en SU.

#### SECCIÓN 1.1.1.2.

#### EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Reflectimos aquí a actividade desenvolta por esta fiscalía autonómica en materia penal ante a Sala do Civil e do Penal do TSX de Galicia. Os datos referidos á intervención do MF, así como os de persoas aforadas, proceden da estatística propia da Fiscalía. O resto de datos, tamén proceden da estatística fiscal pero contrastados cos da estatística xudicial (Punto Neutro Xudicial, PNX).

### § 1. EXPOSICIÓN DE DATOS

#### § 1.1. RESUMO XERAL

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA – ANO 2020 RESUMO XERAL – MOVEMENTO ASUNTOS E INTERVENCIÓN FISCAL			
	ANO 2020	ANO 2019	V.I.
PROCEDEMENTOS TRAMITADOS NO ANO	123	148	-25 (-16,89%)
PROCEDEMENTOS INCOADOS NO ANO	109	123	-14 (-11,38%)
PROCEDEMENTOS TERMINADOS NO ANO	114	123	-9 (-7,32%)
SENTENZAS DITADAS	77	76	1 (1,32%)
PROCEDEMENTOS INGRESADOS EN FISCALÍA	111	123	-12 (-9,76%)
DITAMES EMITIDOS POR FISCAL	53	62	-9 (-14,52%)
XUÍZOS E VISTAS ASISTIDAS POR FISCAL	8	13	-5 (-38,46%)



## § 1.2. EXPOSICIÓN DETALLADA

<b>PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA – ANO 2020</b>			
<b>MOVEMENTO XERAL DE ASUNTOS</b>			
	<b>ANO 2020</b>	<b>ANO 2019</b>	<b>V.I.</b>
TRAMITADOS NO ANO	123	148	-25 (-16,89%)
PENDENTES A INICIO ANO	24	25	-1 (-4,00%)
INCOADOS NO ANO	109	123	-14 (-11,38%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
**4º. Procedementos do Tribunal do Xurado (PX):** 9 cualificacións, con descenso de -8 (-47,06%) e unha porcentaxe de só 0,077% na cifra total, así como de 52,94% da cifra correlativa de procedementos tramitados (17).



### § 3. DATOS PARTICULARES DE CUALIFICACIÓN FISCAL POR PROVINCIAS

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA					
CUALIFICACIÓN FISCAL - DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS – ANOS 2015-2020					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2015	4.629	1.420	1.692	4.955	12.696
2016	5.741	1.543	1.617	5.022	13.923
2017	5.420	1.475	1.672	4.994	13.561
2018	4.654	1.287	1.445	4.560	11.946
2019	<b>5.774</b>	<b>1.441</b>	<b>1.783</b>	<b>5.214</b>	<b>14.212</b>
2020	<b>4.810</b>	<b>1.241</b>	<b>1.433</b>	<b>4.249</b>	<b>11.733</b>
V.I.	-964 (-16,70%)	-200 (-16,12%)	-350 (-19,63%)	-965 (-18,51%)	-2.479 (-17,44%)
% EN CIFRA TOTAL GALICIA	40,99%	10,58%	12,21%	36,22%	100%
% EN PROCEDIMENTOS TRAMITADOS EN PROVINCIA (SEN COMPUTAR XDL)	11,96% (de 40.230)	9,67% (de 12.840)	14,99% (de 9.560)	9,91% (de 42.872)	11,12% (de 105.535/)
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2020	5.171	1.401	1.607	4.832	13.012



**SECCIÓN 1.1.1.5.**  
**MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN**

**EXPOSICIÓN DE DATOS**

<b>ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA SOLICITUDES DE PRISIÓN E MEDIDAS CAUTELARES DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA</b>					
		<b>A CORUÑA</b>	<b>LUGO</b>	<b>OURENSE</b>	<b>PONTEVEDRA</b>
PETICION FISCAL DE PRISION SEN FIANZA	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL	184	26	50	170
	NON ACORDADA	22	1	3	13
PETICION FISCAL DE PRISION CON FIANZA	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL	0	0	3	0
	NON ACORDADA	1	1	1	0
PETICION FISCAL DE LIBERDADE	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL	96	2	1	300
	NON ACORDADA	7	12	0	8
TOTAL SOLICITUDES DE FISCAL (PRISIÓN/LIBERDADE)	ACORDADAS POR ÓRGANO XUDICIAL	280	28	54	470
	NON ACORDADAS	30	14	4	21
	TOTAL SOLICITUDES (ACORDADAS E NON ACORDADAS)	310	42	58	491

Continúa abaixo

<b>GALICIA 2020</b>	<b>GALICIA 2019</b>	<b>VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)</b>		
430	557	-127 (-22,80%)	PETICION FISCAL DE PRISION SEN FIANZA	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL
39	45	-6 (-13,33%)		NON ACORDADA
3	1	2 (200%)	PETICION FISCAL DE PRISION CON FIANZA	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL
3	2	-1 (-50%)		NON ACORDADA
399	409	-10 (-2,44%)	PETICION FISCAL DE LIBERDADE	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL
27	17	10 (58,82%)		NON ACORDADA
832	967	-135 (-13,96%)	TOTAL SOLICITUDES DE FISCAL (PRISIÓN/LIBERDADE)	ACORDADAS POR ÓRGANO XUDICIAL
69	64	5 (7,81%)		NON ACORDADAS
901	1.031	-130 (-12,61%)		TOTAL SOLICITUDES (ACORDADAS E NON ACORDADAS)

Vén de arriba



## ANÁLISE DE DATOS

■ **Datos xerais de peticións.** Segundo a estatística fiscal de 2020, houbo en Galicia unha cifra total de 901 solicitudes do fiscal relativas a situación persoal (prisión/liberdade provisionais) de inculpados, con descenso interanual de -130 (-12,61%). Desda totalidade, foron acordadas polo órgano xudicial 832, con descenso de -135 (-13,96%) e unha porcentaxe do 92,34%.

■ **Datos particulares de peticións de prisión (con ou sen fianza).** Estas peticións rexistraron unha cifra total de 475, con descenso de -130 (-21,49%) e unha porcentaxe do 52,72% respecto do total de peticións (901).

Desa cifra, 469 (o 98,74%) foron *peticións de prisión sen fianza*, con descenso interanual de -133 (-22,09%), das cales foron acordadas 430, con descenso de -127 (-22,80%), o que supón o 91,68%.

Pola súa banda, as *peticións de prisión con fianza* foron só 3, ningunha delas acordada polo órgano xudicial.

■ **Datos particulares de peticións de liberdade.** Foron 426, sen variación interanual e cunha porcentaxe con lixeiro descenso de -8 (-1,84%) e o 47,28% da cifra total de peticións (901). Foron acordadas polo órgano xudicial 399, con descenso de -10 (-2,44%) e unha porcentaxe do 93,66%.





**SECCIÓN 1.1.1.6.**  
**XUÍZOS**

**§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS**

**§ 1.1. DATOS XERAIS DE XUÍZOS**

<b>ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA</b> <b>DATOS XERAIS DE XUÍZOS (SINALADOS, CELEBRADOS E SUSPENDIDOS)</b> <b>DATOS TOTAIS DE GALICIA</b> (ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE ESTADÍSTICA FISCAL E ESTADÍSTICA XUDICIAL, PNX)					
		GALICIA 2020	GALICIA 2019	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% 2020
ANTE XULGADOS DE INSTRUCCIÓN (EN XUÍZO DELITOS LEVES, INCLÚIDOS XULGADOS VSMX)	CELEBRADOS	9.064	12.592	-3.528 (-28,02%)	69,11%
	SUSPENDIDOS	4.052	2.597	1.455 (56,03%)	30,89%
	TOTAL SINALADOS	13.116	15.189	-2.073 (-13,65%)	100%
ANTE XULGADOS DO PENAL (EN P. ABREVIADO, D. URXENTES E X. RÁPIDO)	CELEBRADOS	5.244	7.515	-2.271 (-0,22%)	54,10%
	SUSPENDIDOS	4.450	3.523	927 (26,31%)	45,90%
	TOTAL SINALADOS	9.694	11.038	-1.344 (-12,18%)	100%
ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL (EN PROCEDEMENTOS ABREVIADO, ORDINARIO, SUMARIO E XURADO)	CELEBRADOS	389	463	-74 (-15,98%)	56,05%
	SUSPENDIDOS	305	216	89 (41,20%)	43,95%
	TOTAL SINALADOS	694	679	15 (2,21%)	100%
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS		14.697	20.570	-5.873 (-28,55%)	62,53%
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS		8.807	6.336	2.471 (39,00%)	37,47%
TOTAL XUÍZOS SINALADOS		23.504	26.906	-3.402 (-12,64%)	100%



## § 1.2. DATOS PARTICULARES DE XUÍZOS CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN DO MF


### § 1.2.1. RESUMO

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA XUÍZOS (POR DELITO) CON INTERVENCIÓN FISCAL RESUMO DE DATOS TOTAIS DE GALICIA (ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE ESTADÍSTICA FISCAL ESTADÍSTICA XUDICIAL)				
	GALICIA 2020	GALICIA 2019	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% 2020
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS	14.697	20.570	-5.873 (-28,55%)	100%
CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN DO MF	11.908	15.067	-3.159 (-20,97%)	81,02%
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS	8.807	6.336	2.471 (39,00%)	100%
SUSPENDIDOS CON INTERVENCIÓN DO MF	6.577	5.289	1.288 (24,35%)	74,68%
TOTAL XUÍZOS SINALADOS	23.504	26.906	-3.402 (-12,64%)	100%
SINALADOS CON INTERVENCIÓN DO MF	18.485	20.248	-1.763 (-8,71%)	78,65%

### § 1.2.2. DETALLE DE XUÍZOS CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN DO MF

#### DATOS TOTAIS DO PERÍODO 2015-2020

EVOLUCIÓN DE XUÍZOS POR DELITO LEVE  
CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN FISCAL  
GALICIA - PERÍODO 2015-2020



## DATOS PARTICULARES DO ANO 2020

### ■ Exposición de datos

<b>ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA</b> <b>XUÍZOS (POR DELITO) CON INTERVENCIÓN FISCAL</b> <b>DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA</b> (ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE ESTADÍSTICAS ANUAIS DE FISCALÍAS PROVINCIAIS)					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
ANTE XULGADOS INSTRUCCIÓN EN XUÍZO DELITOS LEVES	CELEBRADOS	1.866	767	760	2.882
	SUSPENDIDOS	51	205	255	1.311
TOTAL SINALADOS ( CON INTERVENCIÓN MF)		1.917	972	1.015	4.193
ANTE XULGADOS PENAL EN P. ABREVIADO E D. URGENTES	CELEBRADOS	2.404	592	652	1.596
	SUSPENDIDOS	1.962	560	453	1.475
TOTAL SINALADOS ( CON INTERVENCIÓN MF)		4.366	1.152	1.105	3.071
ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. ABREVIADO, SUMARIO E XURADO	CELEBRADOS	169	56	32	132
	SUSPENDIDOS	137	33	13	122
TOTAL SINALADOS ( CON INTERVENCIÓN MF)		306	89	45	254
ANTE TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA	CELEBRADOS				
	SUSPENDIDOS				
TOTAL SINALADOS ( CON INTERVENCIÓN MF)					
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS		4.439	1415	1.444	4.610
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS		2.150	798	721	2.908
TOTAL XUÍZOS SINALADOS (CON INTEVENCIÓN MF)		6.589	2.213	2.165	7.518

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

GALICIA 2020	GALICIA 2019	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% 2020		
6.275	7.089	-814 (-11,48%)	77,50%	ANTE XULGADOS INSTRUCCIÓN EN XUÍZO DELITOS LEVES	CELEBRADOS
1.822	1.442	380 (26,35%)	22,50%		SUSPENDIDOS
8.097	8.351	-254 (-3,04%)	100%	TOTAL SINALADOS ( CON INTERVENCIÓN MF)	
5.244	7.515	-2.271 (-0,22%)	54,10%	ANTE XULGADOS PENAL EN P. ABREVIADO E D. URXENTES	CELEBRADOS
4.450	3.523	927 (26,31%)	45,90%		SUSPENDIDOS
9.694	11.038	-1.344 (-12,18%)	100%	TOTAL SINALADOS ( CON INTERVENCIÓN MF)	
389	463	-74 (-15,98%)	56,05%	ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. ABREVIADO, SUMARIO E XURADO	CELEBRADOS
305	216	89 (41,20%)	43,95%		SUSPENDIDOS
694	679	15 (2,21%)	100%	TOTAL SINALADOS ( CON INTERVENCIÓN MF)	
0	0	0		ANTE TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA	CELEBRADOS
0	0	0	0		SUSPENDIDOS
0	0	0		TOTAL SINALADOS ( CON INTERVENCIÓN MF)	
11.908	15.067	-3.159 (-20,97%)	64,42%	TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS	
6.577	5.289	1.288 (24,35%)	35,58%	TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS	
18.485	20.248	-1.763 (-8,71%)	100%	TOTAL XUÍZOS SINALADOS (CON INTEVENCIÓN MF)	



## ■ Análise de datos

### ■ *Datos xerais*

- *Xuízos sinalados con intervención do MF*: Conforme a estatística fiscal, no 2020 a cifra total deses sinalamentos de xuízo situouse en 18.485, con lixeiro descenso interanual de -1.763, equivalente a -8,71% (en contraste con elevado aumento do 19,43% en 2019, ano de recuperación tras a folga funcional do ano anterior). Onde houbo máis sinalamentos foi nos xulgados do penal, cun total de 9.694, equivalente a máis da metade do total (52,45%), por diante dos xuízos sinalados nos xulgados de instrución nas audiencias provinciais (cifras respectivas de 8.097 e 694 e porcentaxes correlativas do 43,80% e 3,75%). A seguir a cifra total de sinalamentos de xuízo distribúese entre os celebrados e os suspendidos.

- *Xuízos celebrados con intervención do MF*: 11.908, con elevado descenso interanual de -3.159, equivalente a -20,97% (aumento de 29,16% ano anterior), e unha porcentaxe do 64,42% na cifra total de sinalados. Onde houbo máis xuízos celebrados, en termos absolutos e relativos, foi nos xulgados de instrución, concretamente 6.275, cun 77,50% dos sinalamentos neses órganos xudiciais (8.097) e outro do 52,70% da cifra total de celebrados (11.908). Nos xulgados do penal os xuízos celebrados foron 5.244, equivalente ao 45,90% dos sinalados neses órganos (9.694) e ao 44,04% da cifra total de sinalados (11.908). Nas audiencias provinciais a cifra de xuízos celebrados foi de 389, equivalente ao 56,05% dos sinalados neses órganos (694) e ao 3,27% da cifra total de sinalados.

- *Xuízos suspendidos con intervención do MF*: 6.577, con elevado aumento de 1.288, equivalente ao 24,35% (descenso de -2,04% ano anterior) e unha porcentaxe de 35,80% na cifra total de sinalamentos (18.485). Foi nos xulgados do penal onde se produciron máis suspensións, en termos absolutos e relativos, concretamente 4.450, cunha porcentaxe do 45,90% dos sinalados neses órganos xudiciais (9.694) e outro do 67,66% da cifra total de suspendidos (6.577). Nos xulgados de instrución os xuízos suspendidos foron 1.822, cunha porcentaxe do 22,50% dos sinalados neses órganos (8.097) e do 27,70% da cifra total de suspendidos. Nas audiencias provinciais a cifra de xuízos suspendidos foi de 305, equivalente ao 43,05% dos sinalados neses órganos (694) e ao 4,64% da cifra total de suspendidos.

■ *Datos particulares por tipo de órganos xudiciais*. Están detalladamente reflectidos na táboa precedente.



**SECCIÓN 1.1.1.7.****SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL (XP)  
E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS (AP)**

Facemos aquí un repaso dos datos de sentenzas segundo a estatística das fiscalías territoriais de Galicia correspondente ao ano 2020.

**§ 1. DATOS TOTAIS DE SENTENZAS (POR DELITO)****§ 1.1. EXPOSICIÓN DE DATOS**

<b>ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS DATOS TOTAIS GALICIA - PERÍODO 2015-2020</b>				
	<b>TOTAL SENTENZAS</b>	<b>TOTAL SENTENZAS ABSOLUTORIAS</b>	<b>TOTAL SENTENZAS CONDENATORIAS</b>	<b>SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE</b>
2015	15.646	2.620	13.026	9.051
2016	20.115	5.009	15.106	9.278
2017	20.798	4.920	15.878	9.560
2018	17.035	3.865	13.170	8.434
2019	<b>19.976</b>	<b>4.920</b>	<b>15.056</b>	<b>9.340</b>
2020	<b>16.289</b>	<b>4.024</b>	<b>12.265</b>	<b>7.608</b>
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-3.687 (-18,46%)	-896 (-18,21%)	-2.791 (-18,54%)	-1.732 (-18,54%)
% EN CIFRA TOTAL SENTENZAS	100%	24,70%	75,30%	46,71%
% EN CIFRA DE SENTENZAS CONDENATORIAS			100%	62,03%
% EN CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (126.443)	12,88%	3,18%	9,70%	6,02%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2015-2020	18.310	4.226	14.084	8.879
% EN CIFRA MEDIA PROCEDEMENTOS TRAMITADOS EN PERÍODO 2015-2020 (152.404)	12,01%	2,77%	9,24%	5,83%



---

## § 1.2. ANÁLISE DE DATOS

---

### § 1.2.1. DATOS TOTAIS DE SENTENZAS NO PERÍODO 2015-2020

---

A análise destes datos está marcada polo impacto de tres *factores relevantes*, xa comentados en relación coas cualificacións fiscais: *as reformas legais de 2015, a folga funcional de 2018 en Galicia e a crise pandémica do coronavirus en 2020*. Por tales razóns, nese período 2015-2020 xerouse unha dinámica de flutuacións, con tendencia a estabilización de cifras de sentenzas, liberación de recursos e aumento da actividade sentenciadora dos órganos xudiciais, e a súa quebra conxuntural pola pandemia.

■ *Flutuacións e cifra media anual*. Durante o período referido apreciamos algunhas flutuacións, debidas principalmente ás reformas legais de 2015 (con irrupción do novo procedemento dos xuízos rápidos por delito, XDL) e o impacto negativo tanto da folga funcional de 2018 como da pandemia de coronavirus en 2020.

■ A cifra media anual de sentenzas no ciclo é de 18.310 (cun 12,01% na cifra equivalente de procedementos tramitados (152.404). Segundo o sentido do pronunciamento, as cifras medias anuais de sentenzas son: absolutorias, 4.226 (23,08% de 18.310); condenatorias, 14.084 (76,92%); e condenatorias por conformidade, 8.879 (o 48,49% do total e 63,04 % de condenatorias).

Entre o inicio e o final de período apréciase un aumento de 643 (4,11%). En 2019 ese aumento acumulado era do 27,67%, atribuíble á emerxencia das sentenzas dos novos XDL polas reformas legais de 2015.

■ *Estabilización, liberación de recursos, aumento de actividade sentenciadora*. Superadas as mencionadas flutuacións entre 2015 e 2018, no ano 2019 constatáronse datos relevantes:

- Tendencia de estabilización da cifra total de sentenzas, sobre 18.500/19.000 anuais.
- Aumento acumulado de sentenzas dun apreciable 27,67%, en contraste co correlativo descenso de -33,06% dos procedementos tramitados.
- Evidencia da liberación de recursos en órganos xudiciais e fiscalías coas reformas legais de 2015, que supuxo unha maior efectividade (suma de eficacia e eficiencia), manifestada no incremento progresivo da actividade sentenciadora.

■ *Quebra conxuntural de tendencias pola crise pandémica*. Esta liña progresiva ou crecente das sentenzas sufriu no 2020 un retroceso, debido ao indubidable impacto negativo da pandemia do coronavirus. Cando finalice ese efecto negativo, tal como ocorreu no 2019 tras a folga funcional, é previsible que se recupere a mencionada tendencia de estabilización, arredor dun total de 18.500/19.000 sentenzas.



## § 1.2.2. DATOS TOTAIS DE SENTENZAS NO ANO 2020

- *Datos xerais.* Conforme a estatística fiscal, no 2020 constan 16.289 sentenzas, con apreciable descenso interanual de -3.687, equivalente a -18,46% (fronte ao aumento do 17,26% do ano anterior), e cunha porcentaxe do 12,88% no total de procedementos tramitados este ano (126.443), próximo ao equivalente de 11,12% das cualificacións respecto dos procedementos tramitados (sen contabilizar os XDL).
- *Relación sentenzas/delitos sentenciados.* Segundo a mesma fonte fiscal, resulta unha (incorrecta) ratio de 0,9 delito/sentenza condenatoria (mínimo de 1 delito/sentenza), dado que constan 11.028 delitos asociados a 12.265 sentenzas condenatorias. Pero como non constan na estatística fiscal os delitos asociados a sentenzas condenatorias no XDL (2.925 en 2020), a ratio referida resultaría superior (e correcta), ao redor de 1,12 (15.190 delitos/12.265 sentenzas condenatorias).

## § 2. DATOS PARTICULARES DE SENTENZAS

### § 2.1. DATOS PARTICULARES DE SENTENZAS POR PROVINCIAS

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS			
PROVINCIA	CIFRA SENTENZAS	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	PORCENTAXE (%)
A CORUÑA	5.957	-487 (-7,56%)	36,57%
LUGO	1.606	-667 (-29,34%)	9,86%
OURENSE	2.070	-615 (-22,91%)	12,71%
PONTEVEDRA	6.656	-1.918 (-22,37%)	40,86%
TOTAL GALICIA	16.289	-3.687 (-18,46%)	100%





## § 2.2. DATOS PARTICULARES DE SENTENZAS SEGUNDO O SENTIDO DO PRONUNCIAMENTO

### EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS GALICIA DATOS PARTICULARES SEGUNDO O SENTIDO DO PRONUNCIAMENTO				
SENTENZAS	PRONUNCIAMENTO	CIFRA SENTENZAS	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	%
ABSOLUTORIAS	Conforme Fiscal	223		
	Desconforme Fiscal	667		
	Absolutorias en XDL	3.134		
	<b>Total absolutorias</b>	<b>4.024</b>	-896 (-18,21%)*	24,70%
CONDENATORIAS	Conforme fiscal por conformidade acusado (4.533 en DU X. Instrución)	7.608	-1.732 (-18,54%)	46,71%
	Conforme fiscal sen conformidade acusado	727		
	<b>Total conformes fiscal</b>	<b>8.335</b>		
	Desconforme fiscal	1.005		
	<b>Total condenatorias</b>	<b>12.265</b>	-2.791 (-18,54%)	75,30%
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>16.289</b>		<b>-3.687 (-18,46%)</b>	<b>100%</b>

### ANÁLISE DE DATOS

#### ■ Sentenzas absolutorias

Constan 4.024 sentenzas absolutorias con descenso interanual de -896 (-18,21%) e unha porcentaxe do 24,70% na cifra total de sentenzas (16.289). A súa distribución é como segue: absolutorias conformes con fiscal, 223 (216 de xulgados do penal e 7 de audiencias provinciais, XP e AP); absolutorias desconformes con fiscal, 667 (629 de XP e 38 AP); e sentenzas absolutorias en xulgados de instrución (xuízo por delitos leves), 3.134, sen que conste distinción entre conformidade ou desconformidade con fiscal.

#### ■ Sentenzas condenatorias. Referencia especial a condenatorias por conformidade do acusado

■ **Cifra total de sentenzas condenatorias.** Figuran 12.265, con descenso interanual de -2.791 (-18,54%) e un 75,30% do total de sentenzas ditadas (16.289).

■ **Sentenzas condenatorias por conformidade do acusado coa acusación fiscal.** A estatística fiscal rexistra 7.608, con descenso interanual de -1.732 (-18,54%) e unha porcentaxe do 62,03% de todas as condenatorias (12.165), así como do 46,71% do total de sentenzas ditadas (16.289). A maior parte desta modalidade de sentenzas condenatorias por



conformidade (o 59,58%) corresponde ás 4.533 ditadas en dilixencias urxentes do xulgado de instrución, que examinamos seguidamente; hai outras 2.872 en xulgados do penal (XP) e 203 en audiencias provinciais (AP). O resto das sentenzas condenatorias (en XP e AP) foron sentenzas condenatorias conformes co fiscal pero sen conformidade do acusado (679 en XP e 48 en AP) e sentenzas condenatorias desconformes co fiscal (921 en XP e 84 en AP).

## § 2.3. DATOS PARTICULARES DE SENTENZAS POR ÓRGANO XUDICIAL SENTENCIADOR

### § 2.3.1. RESUMO XERAL

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS DATOS DE GALICIA - POR ÓRGANO XUDICIAL SENTENCIADOR - RESUMO XERAL			
PROVINCIA	CIFRA SENTENZAS	V.I.	%
XULGADOS DE INSTRUCCIÓN	10.592	-1.634 (-13,36%)	65,03%
	(4.533 sentenzas en DU, condenatorias con conformidade acusado)		
XULGADOS DO PENAL	5.317	-1.999 (-27,32%)	32,64%
AUDIENCIAS PROVINCIAIS	380	-54 (-12,44%)	2,33%
TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA	0	0	0%
TOTAL GALICIA	16.289	-3.687 (-18,46%)	100%

A maior parte das sentenzas, concretamente 10.592, cunha porcentaxe de preto de dous terzos (65,03% do total), foron ditadas nos xulgados de instrución; 32,64% nos xulgados do penal e un exíguo 2,33% nas audiencias provinciais. En todo caso, confirmase que, tras a reforma legal en 2015 dos xuízos por delitos leves (XDL), máis da metade, e mesmo dous terzos, das sentenzas por delito son ditadas nos xulgados de instrución.

Datos salientables son os relativos ás sentenzas condenatorias por conformidade do acusado ditadas neses órganos xudiciais. Nos xulgados de instrución constan 4.533, cunha destacada porcentaxe do 42,80% de todas as ditadas nese órgano (10.592). En canto aos xulgados do penal figuran 2.872 destas sentenzas, cunha elevada porcentaxe de máis da metade (54,02%) da cifra total (5.317). Menor, pero tamén significativo, foi o resultado de 203 ditadas nas audiencias provinciais, cun 53,42% da cifra total (380).



## § 2.3.2. SENTENZAS DITADAS NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN

### EXPOSICIÓN DE DATOS

#### ■ Sentenzas ditadas en dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU)

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS SENTENZAS DITADAS POR XULGADOS DE INSTRUCCIÓN (2): SENTENZAS (CONDENATORIAS) POR CONFORMIDADE EN D. URXENTES DE XUIZO RÁPIDO (DU) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.
SENTENZAS	1.527	350	654	2.002	4.533	5.504	-971 (-17,64%)
VARIACIÓN INTERANUAL	-389 (-20,30%)	-28 (-7,41%)	-89 (-11,98%)	-465(-18,85%)	-971 (-17,64%)		
% PORCENTAXE	33,69%	7,72%	14,43%	44,17%	100%		
% CIFRA TOTAL DE SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE (6.798)					66,68%		
% CIFRA TOTAL DE SENTENZAS CONDENATORIAS (12.165)					37,26%		
% CIFRA TOTAL SENTENZAS (16.289)					27,83%		
RECURSOS DO FISCAL	0	0	0	7	7	1	6



## ■ Sentenzas ditadas en xuízos por delitos leves (XDL)

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS SENTENZAS DITADAS POR XULGADOS DE INSTRUCCIÓN (1): EN XUÍZOS POR DELITOS LEVES (XDL) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.
CONDENATORIAS	1.112	274	292	1.247	2.925	3.204	-279 (-8,71%)
ABSOLUTORIAS	741	439	437	1.517	3.134	3.518	-384 (-10,92%)
TOTAL SENTENZAS	1.853	713	729	2.764	6.059	6.722	-663 (-9,86%)
% PORCENTAXE	30,58%	11,77%	12,03%	45,62%	100%		
% EN CIFRA TOTAL SENTENZAS (16.289)					37,20%		
RECURSOS DO FISCAL	19	10	4	12	45	43	2 (4,65%)

### ANÁLISE DE DATOS

■ **Datos xerais.** Da estatística fiscal de 2020 resulta un total de 10.592, con descenso interanual de -1.634, equivalente a -13,36% (fronte ao aumento do 16,35% do ano anterior), e unha elevada porcentaxe do 65,03% na cifra total de sentenzas ditadas (16.289). Coa seguinte distribución: 4.533 (o 42,80%) son sentenzas ditadas en dilixencias urxentes, DU (condenatorias por conformidade do acusado), mentres que o resto, 6.059 (57,20%) foron ditadas nos xuízos por delitos leves (XDL).

### ■ Sentenzas ditadas en dilixencias urxentes -DU- (sentenzas condenatorias por conformidade do acusado)

■ **Datos xerais.** Constan 4.533, con apreciable descenso interanual de -971, equivalente a -17,64% (en contraste con incremento do 5,82% no ano anterior), e unha porcentaxe do 42,80% das sentenzas ditadas nos xulgados de instrución (10.592). Ademais, tamén supoñen unha porcentaxe do 59,58% da cifra particular de sentenzas condenatorias por conformidade (7.608), outro do 36,96% da cifra xeral de sentenzas condenatorias (12.265) e doutro 27,83% da cifra total de sentenzas (16.289). Por outra banda, as 4.533 sentenzas ditadas en DU equivalen a un elevado 61,46% da cifra de tramitación dese tipo procedemental (7.375), así como a outra alta porcentaxe do 83,62% respecto da cifra correlativa de cualificacións fiscais (5.421). Todos estes datos son demostrativos da gran efectividade (suma de eficacia e efectividade) das dilixencias urxentes, como se explicou detalladamente con anterioridade (ao tratar dos procedementos e as cualificacións fiscais).



■ *Datos particulares por provincias.* Están detallados na táboa anterior.

### ■ Sentenzas ditadas en xuízo por delitos leves (XDL)

■ *Datos xerais.* A estatística fiscal de 2020 reflicte a cifra de 6.059, con descenso interanual de -279, equivalente a -8,71% (fronte ao incremento do 26,66% do ano anterior) e unha porcentaxe do 57,20% na totalidade de sentenzas ditadas nos xulgados de instrución (10.592).

■ *Datos particulares por provincias.* Están detallados na táboa anterior.

## § 2.3.3. SENTENZAS DITADAS NOS XULGADOS DO PENAL

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS SENTENZAS DITADAS POR XULGADOS DO PENAL - RESUMO (EN PROCEDEMENTOS ABREVIADOS E XUÍZOS RÁPIDOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I
CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE.	1.307	276	309	980	2.872	3.672	-800 (-21,79%)
	CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE	339	39	17	284	679	945	-266 (-28,15%)
	DESCONFORME FISCAL	440	81	177	223	921	1.370	-449 (-32,77%)
	TOTAL CONDENATORIAS	2.086	396	503	1.487	4.472	5.987	-1.515 (-25,30%)
ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL	118	21	7	70	216	325	-109 (-33,54%)
	DESCONFORME FISCAL	223	72	146	188	629	1.004	-375 (-17,33%)
	TOTAL ABSOLUTORIAS	341	93	153	258	845	1.329	-484 (-36,42%)
TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)		2.427	489	656	1.745	5.317	7.316	-1.999 (-27,32%)
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)		-747 (-23,53%)	-404 (-45,24%)	-270 (-29,16%)	-578 (-24,88%)	-1.999 (-27,32%)		
% EN CIFRA TOTAL SENTENZAS (16.289)		45,65%	9,20%	12,34%	32,82%	100%		
RECURSOS DO FISCAL		42	20	8	37	107	157	-40 (-25,48%)



## § 2.3.4. SENTENZAS DITADAS NAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA - SENTENZAS SENTENZAS POR DELITO DITADAS POLAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS - RESUMO (EN P. ABREVIADOS, P. ORDINARIOS –SUMARIOS– E P.XURADO ) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I
CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE.	73	24	10	96	203	164	39 (23,78%)
	CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE	22	10	1	15	48	103	-55 (-53,40%)
	DESCONFORME FISCAL	36	13	12	23	84	94	-10 (-10,64%)
	TOTAL CONDENATORIAS	131	47	23	134	335	361	-26 (-7,20%)
ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL	1	3	0	3	7	16	-9 (-56,25%)
	DESCONFORME FISCAL	18	4	8	8	38	57	-19 (-33,33%)
	TOTAL ABSOLUTORIAS	19	7	8	11	45	73	-28 (-38,56%)
TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)		150	54	31	145	380	434	-54 (-12,44%)
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)		-1 (-0,66%)	3 (5,88%)	-7 (-18,42%)	-49 (-25,26%)	-54 (-12,44%)		
% EN CIFRA TOTAL SENTENZAS (16.289)		39,47%	14,21%	8,16%	38,16%	100%		
RECURSOS DO FISCAL		5	2	0	4	11	17	-6 (-35,29%)



**SECCIÓN 1.1.1.8.****DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). REFERENCIA A DILIXENCIAS PREPROCESUAIS (DPP) E EXPEDIENTES GOBERNATIVOS (EG)****§ 1. DIP NO ÁMBITO DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA****EXPOSICIÓN DE DATOS**

<b>ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) EN FISCALÍAS PROVINCIAIS DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA</b>					
		<b>A CORUÑA</b>	<b>LUGO</b>	<b>OURENSE</b>	<b>PONTEVEDRA</b>
TOTAL TRAMITADAS		331	137	142	360
PENDENTES A INICIO DE ANO		63	21	24	56
REABERTAS		-	-	-	-
INCOADAS		268	116	118	304
ORIXE INCOADAS	TESTEMUÑO PROCEDEMENTO XUDICIAL	15	1	3	26
	DENUNCIA DE ADMINISTRACIÓN	80	76	23	91
	ATESTADO DE POLICÍA	18	5	27	34
	DE OFICIO	5	3	13	20
	DENUNCIA DE PARTICULARES	148	30	48	124
	OUTROS	2	1	4	9
TERMINADAS (DESTINO)	REMITIDAS A ÓRGANO XUDICIAL	75	61	8	96
	REMITIDAS A UNHA FISCALÍA	-	-	-	-
	ARQUIVADAS	299	59	79	221
	TOTAL TERMINADAS	374	120	87	317
PENDENTES A FINAL DE ANO		40	17	31	43
PROCEDEMENTOS DE ACEPTACIÓN DE DECRETO		-	-	-	-

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.		
970	1.171	-201 (-17,16%)	TOTAL TRAMITADAS	
164	50	114 (228%)	PENDENTES A INICIO DE ANO	
-	-	-	REABERTAS	
806	1.121	-315 (-28,10%)	INCOADAS	
45	57	-12 (-21,05%)	ORIXE INCOADAS	TESTEMUÑO PROCEDEMENTO XUDICIAL
270	361	-91 (-25,21%)		DENUNCIA DE ADMINISTRACIÓN
84	156	-72 (-46,15%)		ATESTADO DE POLICÍA
41	104	-63 (-60,58%)		DE OFICIO
350	424	-74 (-17,45%)		DENUNCIA DE PARTICULARES
16	19	-3 (-15,79%)		OUTROS
240	365	-125 (-34,25%)	TERMINADAS (DESTINO)	REMITIDAS A ÓRGANO XUDICIAL
-	-	-		REMITIDAS A UNHA FISCALÍA
658	1.059	-401 (-37,87%)		ARQUIVADAS
898	1.424	-526 (-36,94%)	TOTAL TERMINADAS	
131	135	-4 (-2,96%)	PENDENTES A FINAL DE ANO	
-	-	-	PROCEDEMENTOS DE ACEPTACIÓN DE DECRETO	



## ANÁLISE DE DATOS (Resumo)

■ **DIP incoadas.** Constan 806, con destacado descenso de -315, equivalente a -28,10% (incremento do 0,72% do ano anterior). A seguinte táboa reflicte a distribución provincial.

DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL INCOADAS EN 2020 EN PROVINCIAS DE GALICIA				
		CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% PORCENTAXE DE TOTAL
1º	PONTEVEDRA	304	-69 (-18,50%)	37,72%
2º	A CORUÑA	268	-187 (-41,10%)	33,25%
3º	OURENSE	118	-21 (-15,11%)	14,64%
4º	LUGO	116	-38 (-24,68%)	14,39%
TOTAL PROVINCIAS		806	-315 (-28,10%)	100%

### ■ Orixe das DIP incoadas

ORIXE DE DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL INCOADAS EN 2020 EN FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA			
		CIFRA	% PORCENTAXE DE TOTAL (806)
1º	DENUNCIA DE PARTICULARES	350	43,42%
2º	DENUNCIA DE ADMINISTRACIÓN	270	33,50%
3º	ATESTADO POLICIAL	84	10,42%
4º	TESTEMUÑO DE PROCEDEMENTO XUDICIAL	45	5,58%
5º	DE OFICIO	41	5,09%
6º	OUTROS	16	1,99%

■ **Terminación de DIP (destino).** A cifra total de DIP terminadas distribúese entre: a) “xudicialización”, ou sexa, remisión ao órgano xudicial, cunha porcentaxe aproximada dunha cuarta parte do total (26,73%), e b) arquivadas, cunha porcentaxe de preto de tres cuartas partes (73,27%).



## § 2. DIP NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

### EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DEP) NA FISCALÍA DE COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA				
	2020	2019	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	
TOTAL TRAMITADAS	54	62	-8 (-12,90%)	
PENDENTES A INICIO DE ANO	1	2	-1 (-50%)	
REABERTAS	0	0	0 (0%)	
INCOADAS	53	60	-7 (-11,67%)	
ORIXE INCOADAS	TESTEMUÑO DE PROCEDEMENTO XUDICIAL	0	2	-2 (-100%)
	DENUNCIA DA ADMINISTRACIÓN	1	4	-3 (-75%)
	ATESTADO DA POLICÍA	0	1	-1 (-100%)
	DE OFICIO	0	2	-2 (-100%)
	DENUNCIA DE PARTICULARES	52	51	1 (1,96%)
	OUTROS	0	0	0 (0%)
TERMINADAS (DESTINO)	REMITIDAS A ÓRGANO XUDICIAL	0	0	0 (0%)
	REMITIDAS A UNHA FISCALÍA	30	37	-7 (-18,92%)
	ARQUIVADAS	23	24	-1 (-4,17%)
	TOTAL TERMINADAS	53	61	-8 (-13,11%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	1	1	0 (0%)	

DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) EN FISCALÍA CA DE GALICIA PERSOAS AFORADAS – ANO 2020			
	ANO 2020	ANO 2019	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)
TOTAL AFORADOS	40	28	12 (42,86%)
CARREIRA XUDICIAL	28	11	17 (154,54%)
CARREIRA FISCAL	3	17	-14 (-82,35%)
TOTAL AFORADOS CARREIRAS XUDICIAL E FISCAL	31	28	3 (10,71%)
GOBERNO AUTÓNOMO	9	0	9 (100%)
PARLAMENTO AUTÓNOMO	0	0	0 (0%)
OUTROS	0	0	0 (0%)
TOTAL AFORADOS GOBERNO, PARLAMENTO AUTÓNOMO E OUTROS	9	0	9 (100%)



## ANÁLISE DE DATOS

### ■ **DIP tramitadas (pendentes, reabertas e incoadas). Referencia a incoadas (orixe)**

Consta no 2020 a cifra total de 54 DIP tramitadas, con descenso interanual de -8 (-12,90%), con tres cifras parciais concretas:

- *Pendientes a inicio do ano*: 1, con descenso interanual de -1 (-50%).
- *Incoadas no ano (orixe)*: 53, con descenso interanual de -7 (-11,67%). A orixe das DIP incoadas é o seguinte: 52 denuncias de particulares e 1 denuncia da Administración.

■ **DIP terminadas (destino)**. Foron terminadas 53, con descenso de -8 (-13,11%), coa seguinte distribución:

- *Remitidas ao órgano xudicial (xudicialización)*: 0, sen variación interanual.
- *Remitidas a unha Fiscalía* (inhibición): 30, con descenso de -7 (-18,92%) e unha porcentaxe do 56,60% das terminadas.
- *Arquivadas*: 23, con descenso de -1 (-4,17%) e unha porcentaxe do 43,40%.

■ **DIP pendentes a final de ano**: 1, sen variación interanual.

■ Referencia a persoas aforadas en DIP (denunciadas/quereladas):

Nas DIP incoadas en 2020 consta a cifra total de 40 aforados, con aumento interanual de 12 (42,86), distribuída da seguinte maneira:

- 31 aforados membros das carreira xudicial e fiscal (28 carreira xudicial e 3 fiscal)
- 9 outros aforados (Goberno e Parlamento autónomos e outros).



---

### § 3. REFERENCIA A DILIXENCIAS PREPROCESUAIS (DPP) E EXPEDIENTES GOBERNATIVOS (EG) NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

---

Á parte das DIP, cabe facer unha referencia resumida a estes dous tipos de actuacións da Fiscalía.

**DILIXENCIAS PREPROCESUAIS (DDP).** Segundo as fontes propias de Fiscalía (Fortuny e arquivos convencionais) neste ano constan 16 incoadas na Fiscalía autonómica, con aumento interanual de 5 (45,45%), das cales só 1 foi DPP contencioso-administrativo e 15 DPP civís. A totalidade destas 11 DPP incoadas en 2020 foron terminadas no mesmo ano (a maior parte por arquivo).

**EXPEDIENTES GOBERNATIVOS (EG).** Constan 23 expedientes gubernativos (EG) incoados, con descenso interanual de -25 (-52,08%), a maior parte terminadas por arquivo. Como en anos anteriores, a falta de apartado específico en Fortuny, rexistráronse baixo a forma de DPP civís. A finais de 2020 púxose en funcionamento nas fiscalías de Galicia a nova ferramenta de “escritorio integrado” e, dentro dela, tense acceso xa á nova aplicación de xestión de expedientes gubernativos, que comezou a funcionar cos correspondentes ao ano 2021.

■ *Mención especial do expediente gubernativo nº 7/2020*, referido ás distintas actuacións realizadas pola Fiscalía de Galicia durante 2020 en relación coa complexa problemática da pandemia da COVID-19, en coordinación puntual e continua coa FXE, a Xunta de Galicia e a Comisión de Seguimento da Comunidade Autónoma. Mediante decreto do 31 de decembro de 2020 o fiscal superior ditou decreto de conclusión e arquivo do referido expediente, tras constatar que se cumpriran todas as tarefas encomendadas e que se efectuara o seguimento da evolución de virus nas súas diferentes connotacións fácticas e xurídicas.



### SECCIÓN 1.1.1.9. EXECUTORIAS

Conforme a Instrución 1/2010, do 29 de xullo, sobre funcións do MF na fase de execución dos procesos penais, as fiscalías provinciais de Galicia, coas propias singularidades de cada unha, levan un sistema de control de executorias, co fin de garantir a “uniformidade de criterio e actuación no curso da tramitación das executorias e o seguimento permanente da súa evolución e das incidencias que nesta se están a producir”.

#### ESTADÍSTICA FISCAL SOBRE EXECUTORIAS NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

A continuación faise unha breve análise das executorias despachadas e os ditames fiscais emitidos durante o ano 2020 nas fiscalías provinciais de Galicia; non hai constancia (como en anos anteriores) de executoria ningunha na Fiscalía autonómica.

#### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA - EXECUTORIAS DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
ANTE TSX GALICIA	EXECUTORIAS DESPACHADAS				
	DITAMES EMITIDOS				
ANTE AUDIENCIAS PROVINCIAIS	EXECUTORIAS DESPACHADAS	285	128	22	136
	DITAMES EMITIDOS	166	158	90	921
ANTE XULGADOS DO PENAL	EXECUTORIAS DESPACHADAS	4.857	1.503	1.484	5.816
	DITAMES EMITIDOS	7.250	2.339	2.148	7.537
ANTE XULGADOS INSTRUCCIÓN	EXECUTORIAS DESPACHADAS	97	64	178	15
	DITAMES EMITIDOS	121	79	347	17
TOTAL EXECUTORIAS DESPACHADAS		5.239	1.695	1.684	5.967
TOTAL DITAMES EMITIDOS		7.537	2.576	2.585	8.475

Continúa abaixo

GALICIA 2020	GALICIA 2019	VARIACIÓN INTERANUAL		
0	0	0	ANTE TSX GALICIA	EXECUTORIAS DESPACHADAS
0	0	0		DITAMES EMITIDOS
571	1.005	-434 (-43,18%)	ANTE AUDIENCIAS PROVINCIAIS	EXECUTORIAS DESPACHADAS
1.335	2.266	-931 (-41,09%)		DITAMES EMITIDOS
13.660	15.219	-1.559 (-10,24%)	ANTE XULGADOS DO PENAL	EXECUTORIAS DESPACHADAS
19.274	28.141	-8.867 (-31,51%)		DITAMES EMITIDOS
354	7	347	ANTE XULGADOS INSTRUCCIÓN	EXECUTORIAS DESPACHADAS
564	0	564		DITAMES EMITIDOS
14.585	16.231	-1.646 (-10,14%)	TOTAL EXECUTORIAS DESPACHADAS	
21.173	30.407	-9.234 (-30,37%)	TOTAL DITAMES EMITIDOS	

Vén de arriba



## ■ Análise de datos

### ■ *Resumo xeral de executorias e ditames*

De acordo coa estatística fiscal, neste ano foron despachadas un total de 14.585 executorias, con descenso interanual de -1.646, equivalente a -10,14% (4,54% aumento con respecto ao ano anterior). Foron emitidos un total de 21.173 ditames fiscais nesas executorias, con descenso de -9.234, equivalente a -30,37% (17,13% aumento con respecto ao ano anterior, e unha porcentaxe de 1,45 ditames por executoria despachada.

### ■ *Datos particulares relativos a audiencias provinciais*

Foron despachadas un total de 571 executorias, con descenso interanual de -434 (-43,18%). Emitíronse 1.335 ditames fiscais, con descenso de -931 (-41,09%) e unha porcentaxe de 2,34 ditames emitidos por executoria despachada.

### ■ *Datos particulares relativos aos xulgados do penal*

A cifra total de executorias despachadas no ano foi de 13.660, con descenso interanual de -1.559 (-10,24%). Foron emitidos un total de 19.274 ditames fiscais, con descenso de -8.867 (-31,51%) e unha porcentaxe de 1,41 ditames/executoria despachada

### ■ *Datos particulares relativos aos xulgados de instrución*

Constan 354 executorias despachadas; así como 564 ditames fiscais emitidos, cunha porcentaxe de 1,59 ditames/executoria despachada.



## SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

SECCIÓN 1.1.2.1 EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)

SECCIÓN 1.1.2.2 EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DELITUOSOS

SECCIÓN 1.1.2.3 EXAME ESPECIAL DOS DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

SECCIÓN 1.1.2.4 EXAME ESPECIAL DOS DELITOS EN DIP DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS E EN MEDIDAS CAUTELARES (PRISIÓN PROVISIONAL)

Tras dedicar a anterior sección 1.1.1 deste capítulo II da memoria, ao exame da evolución da criminalidade polos procedementos, corresponde agora, nesta sección 1.1.2, o exame da evolución da criminalidade a través dos delitos asociados aos procedementos ingresados (delitos incoados), ás cualificacións fiscais (delitos cualificados) e ás sentenzas condenatorias (delitos sentenciados).

### SECCIÓN 1.1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)

*Advertencia previa.* Na estatística fiscal non aparecen datos de delitos asociados aos xuízos por delito leve (XDL), como xa ocorría co seu “predecesor” XF, o cal se ten en conta para o exame de delitos que segue. (De existiren datos sobre delitos asociados a este novo XDL, habería que engadir unha cifra adicional mínima de 15.676 delitos incoados (1 delito/procedemento incoado). De maneira similar, cumpriría engadir outra cifra mínima adicional de 2.295 delitos sentenciados (1 delito/sentenza condenatoria). En todo caso, non cabería achegar datos de delitos cualificados por canto que non existe neste procedemento o trámite de cualificación escrita).

Así pois, *ao examinarmos os delitos incoados e cualificados* consideramos a cifra total de procedementos tramitados e incoados en Galicia sen computar as correspondentes aos XDL (105.535 e 74.702 en 2020). E *ao falarmos dos delitos sentenciados*, poñémolos en relación coa cifra total de sentenzas condenatorias, sen contar as que constan ditadas en XDL segundo a estatística fiscal (2.925), é dicir, un total de 9.340.

Por último, téñase en conta que, ademais das cifras totais de delitos de Galicia inclúense non só as dos procedementos tramitados nas catro provincias galegas, senón tamén as pequenas cifras correspondentes aos procedementos do TSX de Galicia (17 delitos incoados, 0 cualificados e 0 sentenciados).



SECCIÓN 1.1.2.1.1.  
RESUMO DOS DELITOS

ESTADÍSTICA 2020 DE FISCALÍA DE GALICIA DELITOS ASOCIADOS AOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS RESUMO PERÍODO 2015-2020 - DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS
2015	170.767	13.102	13.475
2016	106.327	15.750	13.741
2017	86.393	14.733	14.023
2018	86.037	13.350	12.270
2019	<b>118.673</b>	<b>18.478</b>	<b>16.951</b>
2020	<b>75.524</b>	<b>12.948</b>	<b>11.028</b>
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.) ANOS 2020-2020	-43.149 (-36,36%)	-5.530 (-29,93%)	-5.923 (-34,94%)
V.I. ENTRE INICIO E FINAL PERÍODO 2015-2020	-95.243 (-55,77%)	-154 (-1,18%)	-2.447 (-18,16%)
TOTAL PERÍODO 2015-2020	643.721	88.361	81.488
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2015-2020	107.287	14.727	13.581
% DELITOS PERÍODO 2015-2020	100%	13,73% respecto cifra media anual incoados	92,23 % respecto cifra media anual cualificados

RESUMO DE DELITOS  
GALICIA 2020

DELITOS INCOADOS	75.524
DELITOS CUALIFICADOS	12.948
DELITOS SENTENCIADOS	11.028






## SECCIÓN 1.1.2.1.2. EXAME DOS DELITOS INCOADOS

### § 1. DATOS XERAIS DE DELITOS INCOADOS NO PERÍODO 2015-2020

#### EVOLUCIÓN DE DELITOS INCOADOS GALICIA - PERÍODO 2015-2020



### § 2. DATOS XERAIS DE DELITOS INCOADOS EN 2020

■ **Datos xerais.** De acordo coa estatística fiscal no ano 2020 constan 75.524 delitos incoados en Galicia (delitos asociados ao conxunto dos procedementos xudiciais incoados), con apreciable descenso interanual de -43.149, equivalente a -36,36% (fronte ao aumento do 37,93% do ano anterior), e unha correcta ratio de 1,01 delitos por procedemento incoado, sen incluír o xuízo por delitos leves –XDL– (75.524/74.702). Se tivésemos datos de delitos asociados a incoación de XDL, habería que engadir unha cifra adicional mínima de 15.676 delitos incoados en 2020 (1 delito/procedemento incoado).

■ **Valoración de datos.** A diferenza entre o aumento interanual de 2019 (mostra de recuperación tras a folga funcional do ano anterior) e o descenso de 2020 atopa explicación no impacto negativo da crise pandémica deste último ano.

En todo caso, como vimos indicando en memorias anteriores, hai que tomar con certa cautela as cifras totais de delitos asociados aos procedementos incoados, dado que poden estar afectadas de distorsións á alza, por influencia de vicisitudes procedementais como as “transformacións” e as “acumulacións/inhibicións”.



Polo tanto, o cómputo real de delitos non adoita ser coincidente co dos procedementos a que están asociados, dado que un mesmo delito pode “viaxar” a través de varios procedementos. Quizais un bo xeito de achegarse á cifra real de delitos sería ter en conta só os asociados á incoación inicial dos procedementos de DP e DU, por ser as vías iniciais procedementais da maioría dos delitos, que, posteriormente, poden ser ou non obxecto dalgunha vicisitude procedemental como as indicadas (transformación ou acumulación/inhibición).

Polo que se refire ao ano 2020, este *modus operandi* daríanos unha cifra menor á mencionada de 75.524, concretamente a de 67.469 (60.282 DP e 7.187 DU), o que supoñería unha diferenza de -8.055 (-10,67%). En calquera caso, ambas as cifras e a media das dúas (71.497) non deben de estar moi afastadas da *delincuencia real coñecida*, tendo en conta a cifra de 73.710 infraccións penais coñecidas (-7,90% de descenso interanual fronte ao aumento de 1,91% do ano anterior) ofrecida, como balance provisional, polo Portal Estatístico de Criminalidade do Ministerio do Interior <sup>8</sup> (4,16% do total estatal, 1.773.366, que rexistrou un maior descenso de -19,40%). Desá cifra de 73.710 feitos delituosos coñecidos en 2020, as forzas policiais só logran esclarecer (feitos esclarecidos) unha parte (40,26%, Galicia en 2019; 31,94%, total España no mesmo ano).

Esta estatística administrativa ten como fontes os datos achegados por forzas e corpos policiais estatais, autonómicos e locais, pero non inclúe os casos iniciados de forma distinta do atestado (denuncia/querela, de oficio, etc.), que normalmente si rexistran as estatísticas xudiciais e do MF. Por suposto, tampouco inclúe esta estatística oficial ou rexistrada de criminalidade os feitos delituosos non coñecidos (*delincuencia oculta* ou cifras negras da criminalidade). Para coñecer as cifras da criminalidade real —tarefa nada sinxela—, habería que ter en conta non só a criminalidade coñecida oficialmente senón tamén a oculta.

A partir da reforma efectuada pola Lei 41/2015, salvo algunhas excepcións concretas, por regra xeral os atestados relativos a delitos sen autor coñecido, como feitos non esclarecidos (59,74% Galicia en 2019 e 68,06% España no mesmo ano), xa non son remitidos pola Policía Xudicial ao MF e á autoridade xudicial, senón que os conservan á súa disposición (art. 284.2 LACrim). Con todo, poderá o denunciante reiterar a denuncia ante a fiscalía ou o xulgado de instrución no caso de non ser identificado o autor do feito delituoso no prazo de 72 horas, dereito do que deberá ser informado pola Policía Xudicial (*ibídem*). En todo caso, unha excepción á regra xeral mencionada da non remisión de atestados é, precisamente, que o MF ou a autoridade xudicial soliciten a súa remisión (*ibídem*).



### § 3. DATOS PARTICULARES DE DELITOS INCOADOS POR PROCEDIMIENTOS EN 2020

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA DELITOS INCOADOS - DATOS PARTICULARES POR PROCEDIMIENTOS XUDICIAIS								
	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.
DELITOS INCOADOS	59.997 <sup>9</sup>	7.271	8.121	116	19	75.524	118.673	-43.149 (-36,36%)
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I)	-35.37 (-37,09%)	-3.552 (-32,82%)	-4.198 (-34,08%)	-17 (-12,78%)	-8 (-29,63%)	-43.149 (-36,36%)	-356 (-0,41%)	
% PORCENTAXE						100%	100%	
PROCEDIMIENTOS INCOADOS	60.282	7.187	7.111	105	17	74.702 <sup>10</sup> (sen JDL)	90.297 (sen JDL)	-15.595(- 17,27%)
RATIO DELITOS INCOADOS/ / PROCEDIMIENTOS INCOADOS		1,01	1,14	1,10	1,12	1,01	1,31	

### § 4. DATOS PARTICULARES DE DELITOS INCOADOS POR PROVINCIAS EN 2020

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA DELITOS INCOADOS - DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.
DELITOS INCOADOS	27.027	8.074	7.405	33.001	75.524	118.673	-43.149 (-36,36%)
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I)	-4.712 (-14,85%)	-1.688 (-17,29%)	-1.331 (-15,24%)	-35.409 (-107,30%)	-43.149 (-36,36%)	-356 (-0,41%)	
% PORCENTAXE	35,79%	10,69%	9,80%	43,70%	100%		
PROCEDIMIENTOS INCOADOS (SEN XDL)	26.717	7.984	7.223	32.761	74.702 <sup>11</sup> (sen JDL)	90.297 (sen JDL)	-15.595 (-17,27%)
RATIO DELITOS INCOADOS/ PROCEDIMIENTOS INCOADOS		1,01%	1,03%	1,01%		1,31	



## § 5. GRUPOS DE DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE EN 2020

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA				
GRUPOS DE DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE				
DATOS TOTAIS DE GALICIA				
	GRUPO DELITUOSO	2020	%	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)
	CIFRA TOTAL	75.524	100%	-43.149 (-36,36%)
1º	DELITOS DE LESIÓNS	20.333	26,92%	-16.154 (-44,27%)
2º	DELITOS PATRIMONIAIS E SOCIOECONOMICOS (CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA)	17.699	23,43%	-9.961 (-36,01%)
3º	DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	6.836	9,05%	-2.422 (-26,16%)
4º	DELITOS CONTRA A LIBERDADE	4.179	5,53%	-1.677 (-28,64%)
5º	DELITOS CONTRA ADMÓN. XUSTIZA	3.613	4,78%	-1.504 (-29,39%)
6º	DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL (TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL)	1.592	2,11%	-679 (-29,90%)
7º	DELITOS CONTRA AS RELACIÓNS FAMILIARES	1.551	2,05%	-837 (-35,05%)
8º	DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA	1.490	1,987%	31 (2,12%)
9º	DELITOS CONTRA A SAÚDE PÚBLICA (RELATIVOS A SUBSTANCIAS NOCIVAS, MEDICAMENTOS, ALIMENTOS E TRÁFICO DE DROGAS)	1.256	1,66%	-376 (-23,04%)
10º	DELITOS SEXUAIS (CONTRA LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAIS)	1.249	1,65%	-645 (-34,05%)
	TOTAL DE 10 PRIMEIROS GRUPOS	59.798	79,18%	-34.224 (-36,40%)
	RESTO DOS DELITOS (DEMAIS GRUPOS, INCLÚIDO "DELITOS SEN ESPECIFICAR")	15.726	20,82%	-8.925 (-36,21%)

Os dez primeiros grupos de delitos incoados en 2020 suman 59.798, con elevado descenso interanual de -34.224, equivalente a -36,40% (fronte ao aumento do 37,01% do ano anterior) e unha porcentaxe equivalente a máis de tres cuartos (79,18%) da cifra total (75.524). A suma dos tres primeiros grupos (lesiões, patrimoniais e seguridade viaria) supón a cifra de 44.868, con descenso interanual de -28.537, equivalente a 38,88% (fronte ao incremento do 35,74% do ano anterior) e unha porcentaxe de máis da metade (59,41%) da cifra total. Como no 2019, o grupo das lesiões foi os de máis delitos incoados, cun total de 20.333, descenso de -16.154, equivalente a -44,27% (fronte ao aumento do 32,96% do pasado ano) e unha porcentaxe de algo máis dun cuarto (26,92%) na cifra total.



## § 6. DELITOS CONCRETOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE NO 2020

TIPOS DELITUOSOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE ANO 2020				
	TIPO DELITUOSO	CIFRA	% EN CIFRA TOTAL DELITOS INCOADOS (75.524)	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)
1º	DELITO DE LESIÓNS (SIMPLES)	7.695	10,19%	-6.579 (-46,09%)
2º	DELITO DE LESIÓNS POR IMPRUDENCIA	6.449	8,54%	-7.941 (-55,18%)
3º	DELITO DE LESIÓNS E MALTRATO OCASIONAL EN ÁMBITO DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	6.090	8,06%	-1.613 (-20,94%)
4º	DELITO DE ESTAFA	5.296	7,01%	-1.751 (-24,85%)
5º	DELITO DE CONDUCCIÓN INFLUENCIADA (CONDUCCIÓN BAIXO EFECTO BEBIDAS ALCOHÓLICAS/DROGAS)	3.725	4,93%	-1.637 (-30,53%)
6º	DELITO DE QUEBRANTAMENTO DE CONDENA OU MEDIDA CAUTELAR	3.031	4,01%	-1.121 (-27,00%)
7º	DELITO DE FURTO	2.948	3,90%	-2.576 (-46,63%)
8º	DELITO DE DANOS	2.884	3,82%	-1.782 (-38,19%)
9º	DELITO DE ROUBO CON FORZA NAS COUSAS	2.679	3,55%	-1.570 (-36,95%)
10º	DELITO DE CONDUCCIÓN SEN LICENZA/PERMISO	2.626	3,48%	-816 (-23,71%)
	<b>TOTAL</b>	<b>43.423</b>	<b>57,50%</b>	<b>-27.386 (-38,68%)</b>


Os dez primeiros tipos delituosos incoados en 2020 supoñen un total de 43.423, destacable descenso interanual de -27.386, equivalente a -38,68% (fronte ao aumento de 3,18% do ano precedente) e unha porcentaxe equivalente a máis da metade (57,50%) da cifra total de delitos incoados (75.524). Só os tres primeiros suman 20.234, con descenso de -16.133, equivalente a -44,36% (fronte ao aumento do 33,10% do ano anterior) e unha porcentaxe de algo máis dun cuarto (26,79%) da cifra total. Destaca como delito máis incoado o de lesións simples (culposas), cunha cifra de 7.695, con descenso interanual de -6.579 (-46,09%), seguido do de lesións imprudentes, cunha cifra de 6.449 (-7.941%); suman ambos os tipos delituosos de lesións un total de 14.144 ilícitos, con elevado descenso interanual de -14.520 (-50,66%) e unha porcentaxe de preto de 1/5 (18,73%) da cifra total (75.524).



### SECCIÓN 1.1.2.1.3. EXAME DOS DELITOS CUALIFICADOS

#### § 1. DATOS XERAIS DE DELITOS CUALIFICADOS NO PERÍODO 2015-2020

#### EVOLUCIÓN DE DELITOS CUALIFICADOS GALICIA - PERÍODO 2008-2020



#### § 2. DATOS XERAIS DE DELITOS CUALIFICADOS EN 2020

■ **Datos xerais.** Constan 12.948 delitos cualificados polo fiscal (delitos asociados ás cualificacións fiscais), con elevado descenso interanual de -5.530, equivalente a -29,93% (fronte ao incremento do 38,41% en 2019) e unha coherente ratio de 1,10 delitos por cada cualificación fiscal (12.948 delitos/11.733 cualificacións).

■ **Valoración de datos.** A diferenza entre o aumento interanual de 2019 (reflexo de recuperación tras a folga funcional do ano anterior) e o descenso de 2020 atopa explicación moi probable no impacto negativo da crise pandémica deste último ano.

■ **Referencia á evaporación ou volatilización de delitos (diferenza entre delitos incoados e cualificados).**

Como xa comentamos na Memoria relativa ao exercicio de 2014, *parece indubidable a efectividade das solucións extraprocesuais (SE) como medio alternativo de resolución de conflitos no proceso penal de menores.* Así queda reflectido, de forma pormenorizada, na seguinte táboa explicativa esta, referida ao período comprendido entre 2008 (ano de constitución desta Fiscalía autonómica) e o pasado 2019. Nela recóllense as cifras absolutas de SE e de expedientes de reforma tramitados (ERT) e o grao de eficacia das SE medido a través das súas porcentaxes respecto dos ERT (fórmula SE/ERT).



ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – REFORMA DE MENORES EFICACIA DE SOLUCIÓNS EXTRAPROCESUAIS (SE) RESPECTO EXPEDIENTES. REFORMA TRAMITADOS (ERT) PERÍODO 2008-2020 – DATOS TOTAIS DE GALICIA				
	CIFRA SE	CIFRA ERT	% SE/ERT	OBSERVACIÓNS
2008	292	1.333	21,90%	Punto álxido do período; coa maior porcentaxe de eficacia (SE/ERT)
2009	248	1.842	17,33%	
2010	265	1.239	21,39%	Porcentaxe alta
2011	175	1.413	12,38%	Comezo de tendencia de descenso
2012	185	1.270	14,57%	
2013	168	1.377	12,20%	
2014	156	1.227	12,71%	
2015	193	1.135	17,00%	Clara recuperación
2016	139	1.062	13,09%	Comezo de nova tendencia de descenso
2017	138	1.237	11,16%	
2018	139	1.266	10,98%	
2019	102	1.394	7,32%	Punto máis baixo do período (en termos absolutos e en % respecto de ERT)
2020	99	966	10,25%	Punto máis baixo do período en termos absolutos, aínda que se recupera en termos relativos (ES/ERT)
VARIACIÓN INTERANUAL 2019-2020	-3 (-2,94%)	-428 (-30,70%)		
CIFRAS MEDIAS PERÍODO	176,85	1.289	13,72%	Obxectivo desexable: alcanzar porcentaxe mínima de 20%/25% Instrumento: potenciación e mellora de medios para os equipos técnicos

Como pode observarse, en relación co período 2008-2020 consta unha cifra media anual de 176,85 SE, cunha porcentaxe media do 14,02% na media anual de ERT (1.289). Con todo, como se deixou indicado en memorias anteriores, un obxectivo desexable e alcanzable sería chegar a unha porcentaxe dun 20 ou 25%. Para iso, *cómpre potenciar os medios* (persoais, materiais, organizativos e tecnolóxicos), *dos equipos técnicos* que asisten os xulgados de menores e o MF, posto que unha das súas funcións é a relativa á mediación entre o menor e a vítima ou prexudicado (arts. 19.3 LORRPM e 4.1 do seu Regulamento, aprobado por RD 1774/2004). Por tanto, a lei outórgalle ao Equipo Técnico a función de mediación como terceiro neutral entre dúas partes.

Convén insistir nos *efectos beneficiosos destas vías alternativas de resolución de conflito*, empiricamente constatados na práctica observada nas fiscalías de menores, aínda que a porcentaxe da súa aplicación aínda non alcanzou as cifras doutros países da nosa contorna xurídica cultural.



No ámbito da Unión Europea veuse promovendo a mediación no marco do proceso penal como medio para o logro de acordos entre a vítima e o inculpado. Así o fixo a *Decisión Marco 2001/220/JAI*<sup>16</sup>, substituída logo pola *Directiva 2012/29/UE*<sup>17</sup>, trasposta ao noso ordenamento xurídico mediante o novo *Estatuto da vítima do delito (EVD)*, aprobado por Lei 4/2015, do 27 de abril. Este último, no seu art. 15, recoñécelle ás vítimas o *dereito para acceder a servizo de xustiza restaurativa* para obter unha adecuada reparación material e moral dos prexuízos derivados do delito; con indicación dos requisitos (un deles, que non estea prohibida por lei para o tipo de delito cometido) e o procedemento para seguir.

Polo que se refire ao ámbito do Dereito interno, a *lexislación de reforma de menores* (LORRPM e o seu regulamento), ademais da posibilidade do arquivo das actuacións prevista no art.16 (cando os feitos non constitúan delito ou non teñan autor coñecido), *contempla as alternativas desjudicializadoras no artigo 18* (desistencia da incoación do expediente por corrección no ámbito educativo e familiar), *o artigo 19* (sobresemento do expediente por conciliación ou reparación entre o menor e a vítima) e, mesmo, no *artigo 27.4* (non continuación da tramitación do procedemento en interese do menor, por proposta do equipo técnico).

Son indubidables as *vantaxes da mediación no ámbito da xustiza xuvenil*, como medio de conciliación ou reparación, postas de manifesto polos fiscais de menores da nosa comunidade autónoma:

- *Aceleración da resolución dos procedementos*. Co consecuente beneficio tanto para as vítimas —que ven resarcidos rapidamente os danos causados— como para os propios menores, que obteñen a vantaxe da inmediatez da resposta penal.
- *Economía procesual (aforro de tempo, traballo e custos)*. De non haber solución desjudicializadora, o tempo investido desde a inicialización ata a finalización do expediente podería ser superior a dous anos.
- *Alta eficacia da mediación*. Poucos menores volven a reincidir na infracción. O “cara a cara” coa vítima produce frecuentemente o efecto disuasorio no comportamento do menor infractor. De forma similar, a realización dunha actividade educativa ou reparadora polo menor, en beneficio da vítima ou da sociedade, produce o efecto de interiorizar no menor infractor valores cívico-educativos.
- *Producción dos efectos beneficios recoñecidos xeralmente á xustiza restaurativa*. Preténdese restablecer a confianza perdida, mediante a reparación do prexuízo sufrido e a transformación das relacións entre os suxeitos implicados, que crea oportunidades de diálogo, directo ou indirecto, entre vítimas e infractores para que a mesma situación non se volva repetir.
- Realmente *poderían levar a cabo moitas mediacións con menores se houbo un equipo dedicado á súa realización con carácter preferente ou exclusivo*. Este equipo non



tería que ser, necesariamente, un equipo técnico do tipo dos actualmente existentes. Neste sentido, tanto o art. 27.6 da LORRPM como o art. 5.3 do seu regulamento admiten a posibilidade de que as entidades públicas poidan “poñer ao dispor do MF e dos xulgados de menores, de ser o caso, os programas necesarios para realizar as funcións de mediación”

## § 2.7. MEDIDAS (EXECUCIÓN)

### EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA REFORMA DE MENORES MEDIDAS (EXECUCIÓN) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.
EXPEDIENTES DE EXECUCIÓN	330	102	96	156	684	809	-125 (-15,45%)
NATUREZA DAS MEDIDAS							
INTERNAMENTOS	PECHADO	8	3	0	1	12	16 -4 (-25,00%)
	SEMIABERTO	46	24	13	10	93	140 -47 (-33,57%)
	ABERTO	4	0	3	0	7	2 5 (250,00%)
	TERAPÉUTICO	14	7	2	1	24	27 -3 (-11,111%)
	TOTAL INTERNAMENTOS	72	34	18	12	136	185 -49 (-26,49%)
PERMANENCIA DE FIN DE SEMANA	0	0	5	0	5	15 10 (150,00%)	
LIBERDADE VIXIADA	198	53	58	64	373	397 -24 (-6,05%)	
PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE	9	3	4	1	17	73 -56 (-76,71%)	
PRIVACIÓN DE PERMISOS E LICENZAS	0	0	1	0	1	1 =	
AMOESTACIÓNS	2	5	0	2	9	6 3 (50,00%)	
CONVIVENCIA FAMILAR/ EDUCATIVA	1	0	0	2	3	1 -2 (-200%)	
OUTRAS MEDIDAS	48	20	9	67	144	173 -29 (-16,76%)	
TOTAL MEDIDAS (INCLUÍDOS INTERNAMENTOS, PERMANENCIA F/ SEMANA E RESTO)	330	115	95	148	688	851 -163 (-19,15%)	

Continúa na páxina seguinte



TRANSFORMACIÓN DAS MEDIDAS	REDUCIÓNS E SUBSTITUCIÓNS (ARTS. 13 E 51)	30	3	13	25	71	113	-42 (-37,17%)
	POR QUEBRANTAMENTO ART. 50.2	7	1	4	12	24	49	-25 (-51,02%)
	CANCELACIÓNS ANTICIPADAS	0	2	1	25	28	15	13 (86,67%)
	TRASLADO A CENTROS PENAIS	0	0	0	0	0	0	=
	CONVERSIÓN INTERNAMENTOS EN PECHADOS (ARTS. 51.2)	0	0	0	1	1	1	=
	TOTAL TRANSFORMACIÓNS	37	6	18	63	124	178	-54 (-30,34%)

## ANÁLISE DE DATOS


### ■ Expedientes de execución (EX)

- Consta a cifra total de 684 EX, con descenso interanual de -125 (-15,45%) e unha ratio 1,01 medidas por cada EX (688 medidas/684 EX).

### ■ Medidas de execución impostas

-Datos totais do período 2015-2020

REFORMA DE MENORES - MEDIDAS DE EXECUCIÓN  
GALICIA - PERÍODO 2015-2020



■ *Datos do ano 2020*

- *Datos xerais.* A cifra total de medidas de execución é de 688, con descenso interanual de -238 (-25,70%). Dentro desa cifra total compréndense un total de 136 internamentos, con descenso interanual de -102 (-42,85%) e a seguinte distribución (por orde cuantitativa): semiaberto, 93 (68,38% do total); 24 terapéutico (17,65%); 12 pechado (8,82%); e aberto, 7 (5,15%)

- *Datos particulares de medidas de execución*

<b>RELACIÓN DAS MEDIDAS SEGUNDO A SÚA MAIOR APLICACIÓN DURANTE O ANO 2020</b>		
<b>TIPO DE MEDIDA</b>	<b>CIFRAS</b>	<b>% 2020</b>
CIFRA TOTAL DE MEDIDAS	688	100%
LIBERDADE VIXIADA	373	54,22%
INTERNAMENTO EN ESTABLECEMENTO SEMIABERTO	93	13,52%
INTERNAMENTO EN CENTRO TERAPÉUTICO	24	3,49%
TOTAL TRES PRIMEIRAS MEDIDAS	490	71,22%
PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE	17	2,47%
INTERNAMENTO EN ESTABLECEMENTO PECHADO	12	1,74%
AMOESTACIÓNS	9	1,31%
INTERNAMENTO EN ESTABLECEMENTO ABERTO	7	1,02%
PERMANENCIA FIN DE SEMANA	5	0,73%
CONVIVENCIA FAMILIAR/EDUCATIVA	3	0,44%
PRIVACIÓN DE PERMISOS E LICENZAS	1	0,15%
OUTRAS MEDIDAS (SEN ESPECIFICAR)	144	20,93%





### § 3. PROTECCIÓN DE MENORES

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA - PROTECCIÓN DE MENORES DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
EXPEDIENTES DE TUTELA AUTOMÁTICA INCOADOS TRAS COMUNICACIÓN DA ENTIDAD PÚBLICA		107	21	34	377
EXPEDIENTES DE GARDA INCOADOS TRAS COMUNICACIÓN DA ENTIDADE PÚBLICA		58	25	33	112
EXPEDIENTES DE PROTECCIÓN ABERTOS A MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO		671	58	319	499
PROCEDEMENTOS DE IMPUGNACIÓN DE MEDIDAS ACORDADAS POLAS ENTIDADES PÚBLICAS	POR INSTANCIA DO FISCAL	20	0	1	0
	POR INSTANCIA DE PARTICULARES	0	10	18	22
	TOTAL	20	10	19	22
INTERVENCIÓN EN PROCESOS XUDICIAIS RELATIVOS A ACOLLEMENTOS		0	1	40	0
INTERVENCIÓN EN ADOPCIÓNS		15	17	18	34
INTERVENCIÓN EN PROCESOS EN DEFENSA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS		0	0	1	0
VISITAS DE INSPECCIÓN A CENTROS DE PROTECCIÓN DE MENORES		28	0	35	16
PROCESOS SOBRE SUBTRACCIÓN INTERNACIONAL DE MENORES		2	1	0	0
EXPEDIENTES SOBRE ENSAIOS CLÍNICOS		0	0	0	0

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.		
539	945	-42,69%	EXPEDIENTES DE TUTELA AUTOMÁTICA INCOADOS TRAS COMUNICACIÓN DA ENENTIDAD PÚBLICA ENTIDADE PÚBLICA	
228	1.098	-79,23%	EXPEDIENTES DE GARDA INCOADOS TRAS COMUNICACIÓN DA ENTIDADE PÚBLICA	
1.547	1.640	-5,67%	EXPEDIENTES DE PROTECCIÓN ABERTOS A MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO	
21	1	2000%	PROCEDEMENTOS DE IMPUGNACIÓN	POR INSTANCIA. DO FISCAL
50	75	-33,33%	DE MEDIDAS ACORDADAS POLAS ENTIDADES PÚBLICAS	POR INSTANCIA DE PARTICULARES
71	76	-6,57%		TOTAL
41	466	-91,20%	INTERVENCIÓN EN PROCESOS XUDICIAIS RELATIVOS A ACOLLEMENTOS	
84	122	-31,14%	INTERVENCIÓN EN ADOPCIÓNS	
1	52	-98,07%	INTERVENCIÓN EN PROCESOS EN DEFENSA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS	
79	143	-44,75%	VISITAS DE INSPECCIÓN A CENTROS DE PROTECCIÓN DE MENORES	
3	6	-50%	PROCESOS SOBRE SUBTRACCIÓN INTERNACIONAL DE MENORES	
0	0	0	EXPEDIENTES SOBRE ENSAIOS CLÍNICOS	



## SECCIÓN 2.7. ÁREA ESPECIALIZADA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL

§ 1. INTRODUCCIÓN: REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

§ 2. INFORMACIÓN DESTACADA DE FISCALÍAS PROVINCIAIS

### § 1. INTRODUCCIÓN: REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

Conforme as instrucións recibidas da fiscalía de sala coordinadora da FXE, as memorias das catro fiscalías provinciais de Galicia abordaron a temática da cooperación internacional, área que, de acordo coa súa normativa específica (particularmente, Instrucións 2/2003 e 1/2011 de FXE) abarca os ámbitos da actividade internacional. Desta forma, trátanse temas relativos ao auxilio xudicial internacional (comisións rogatorias, redes internacionais como Rede Xudicial Europea e Iber-Rede, Rede interna de Fiscais de Cooperación Internacional); as relacións internacionais e a cooperación ao desenvolvemento.

FISCAIS DELEGADOS E DE ENLACE EN ÁREA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL	
<b>FISCAIS DELEGADOS</b>	
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. <sup>a</sup> <b>Aránzazu San José Gonzáles</b> , fiscalía delegada provincial, destinada en Fiscalía de Área de Santiago
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. <sup>a</sup> <b>Belén Quintela López</b> , fiscalía delegada provincial, destinada na sede principal desa fiscalía
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. <b>José-Manuel Ucha López</b> , fiscal delegado provincial, destinado na sede principal desa fiscalía
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. <sup>a</sup> <b>Elena Souto Taboada</b> , fiscalía delegada provincial, destinada na sede principal desa fiscalía
<b>FISCAIS DE ENLACE</b>	
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. <b>Santiago Aba Garrote</b> , fiscal de enlace
FISCALÍA DE ÁREA FERROL	D. <b>Daniel Jove Martínez</b> , fiscal de enlace
FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO	D. <sup>a</sup> <b>María Ramos Canosa</b> , fiscalía de enlace



## § 2. INFORMACIÓN DESTACADA DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

A seguir, facemos unha descrición resumida da información na materia facilitada polas fiscalías provinciais nas súas respectivas memorias anuais relativas ao ano 2020

### FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA

Fai constar unha cifra total de 95 *expedientes de cooperación internacional tramitados en 2020*, con só un lixeiro descenso (a pesar da pandemia do coronavirus) de -4 (-4,04%). Todos os expedientes foron tramitados desde a Fiscalía de Santiago de Compostela, onde ten destino a fiscalía delegada provincial na materia. Segundo indica esta, a actividade desenvolta centrouse en atender as peticións de cooperación dirixidas desde outros países a órganos xudiciais da provincia ou á propia Fiscalía; así como en dar a debida información e asesoramento tanto a membros da carreira fiscal como da xudicial, sobre as peticións que desde esa delegación provincial se poidan cursar solicitando a cooperación dunha autoridade xudicial estranxeira. Desa cifra total de 95 expedientes, cabe destacar os de cooperación pasiva (relacionados con comisións rogatorias) e os referentes á Orde Europea de Investigación (OEI).

*Expedientes de cooperación pasiva (relacionados con comisións rogatorias).* Son 14 expedientes; 13 de países europeos e 1 dun país iberoamericano. Destacan os 5 expedientes de Suíza, así como os 4 do veciño país de Portugal. A maioría das comisións rogatorias recibidas de países da UE tiñan por obxecto a práctica de notificacións, ao ser excluída esta forma de cooperación da Orde Europea de Investigación (OEI). Recibíronse 3 denuncias oficiais (ao abeiro do art. 50 do Convenio de 1959), de Polonia, Bélxica e Suíza. Tras o rexistro e incoación dos correspondentes expedientes, estas denuncias foron remitidas ao xulgado de garda correspondente ao lugar do domicilio do posible autor dos feitos, para a súa tramitación e investigación.

*Expedientes relativos á Orde Europea de Investigación (OEI).* Constitúe o instrumento xurídico básico para a obtención de proba penal transfronteiriza entre Estados membros da UE, con fundamento no principio de recoñecemento mutuo. E está regulada pola Directiva europea 2013/41/CE, do 3 de abril de 2014, que foi obxecto de transposición no noso Dereito interno mediante a Lei 3/2018, do 11 de xuño, que modifica a Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais da UE. O número destes expedientes da OEI na provincia da Coruña foron un total de 63 (frente aos 67 do ano anterior); dos que destacan os 28 do veciño Portugal e os 16 de Alemaña.

*Asuntos de especial interese.* A fiscalía delegada provincial fai breve recensión de varios expedientes tramitados relativos a asuntos que considera de especial interese:

- Ordes Europeas de Investigación (OEI) números 4, 7 e 9 de 2020, remitidas desde distintos tribunais italianos para realizar videoconferencias con Norbert Feher, coñecido



polo alcume de “Igor, O Ruso”. Tratábase dun caso de repercusión mediática, referido ao mencionado, interno no Centro Penitenciario da Lama (Pontevedra). En todos os casos, tratábase de delitos de homicidio ou asasinato cometidos polo referido interno, con motivo da súa actuación como sicario, en Italia. O obxecto das OEI era a celebración de varios xuízos pendentes do referido interno, o que se verificou por medio do sistema de videoconferencia, garantíndose o dereito de defensa e extremando as oportunas medidas de seguridade, ao tratarse dun preso de extremo risco.

-Comisión Rogatoria 6/2020, remitida desde Marrocos, para dar curso a unha denuncia relativa a un posible delito de estafa a través dun cheque sen fondos. Facíase responsable do delito a unha persoa domiciliada na Coruña; aínda que, posteriormente, se puido pescudar que residía no propio Marrocos, o que foi comunicado a este país.

-Comisión Rogatoria 8/2020, procedente de Suíza, na cal solicitaba asumir a investigación dunha suposta agresión sexual dunha menor de idade, cometida por parte dun familiar próximo. O suposto agresor tiña domicilio en España, concretamente na Coruña; polo que os feitos foron denunciados ante o xulgado de instrución da Coruña, por ser o competente para o seu coñecemento, o que deu lugar á incoación dunhas dilixencias previas, en trámite.

-Orde Europea de Investigación 435/2020, procedente de Finlandia, país pouco habitual neste tipo de expedientes, relativa a un accidente laboral ocorrido nese país e do cal presuntamente resulta responsable unha sociedade con domicilio na Coruña.

*Relacións con Eurojust e maxistrados de enlace.* Brevemente, cómpre indicar que, segundo a fiscalía delegada provincial, como en anos anteriores, é destacable o feito de que tanto Eurojust como os maxistrados de enlace tiveron unha actuación fundamental entre as autoridades xudiciais estranxeiras e a propia delegada para a tramitación de determinados expedientes.

## FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO

Refire esta fiscalía na súa memoria anual relativa a 2020 que se cubriron 2 comisións rogatorias, 6 ordes europeas de investigación (OEI), e 3 ditames de servizo. Xudicializouse a OEI número 1/2020, en que se solicitaba unha intervención telefónica, a cal se denegou ao non constar a súa necesidade e urxencia, nin un relato completo de feitos.

Non existe unha discrepancia na numeración correlativa referente ás comisións, entre o rexistro informático e o manual, e existe plena correspondencia entre ambos os rexistros. De tal xeito que a correspondencia é a seguinte:

Todas as comisións rogatorias e as OEI incóanse o día que chegan e despáchanse con moita brevidade, dependendo do tempo que se tarde en practicar a citación; xa que, nalgúns casos, o



domicilio facilitado non é o correcto, polo que se oficia á Policía Xudicial para a súa investigación e a citación.

Todas as OEI e comisións rogatorias pasivas xestiónanse desde a capital, e non existe delegación en seccións territoriais da provincia.

## FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE

Salientamos a seguinte información contida na memoria anual desta fiscalía referida ao ano 2020:

### *Rexistro de asuntos de Cooperación Xudicial Internacional.*

Durante ao ano 2020 tramitáronse 9 ordes europeas de investigación; 9 comisións rogatorias pasivas e 5 comisións rogatorias activas, xa que logo, un total de 14 comisións rogatorias; realizouse 1 seguimento pasivo e rexistráronse 58 ditames de servizo, todo o cal consta debidamente documentado no CRIS.

### *Execución das ordes europeas de investigación (OEI)*

Tramitáronse 9 comisións rogatorias pasivas, das cales 4 foron remitidas polas autoridades xudiciais portuguesas, 2 foron remitidas polas autoridades xudiciais alemás; 1 polas autoridades xudiciais arxentinas; 1 das autoridades francesas, e 1 polas autoridades xudiciais de Croacia. O medio utilizado para remitilas foi preferentemente a vía directa por correo certificado ou por correo electrónico. A través da UCIF remitíronnos 2 comisións rogatorias: a procedente de Arxentina e a procedente de Francia.

As actuacións solicitadas polas autoridades xudiciais portuguesas foron a práctica de notificacións, requirimentos, cubrir o denominado “termo de identidade e residencia” previsto no artigo 196 do Código do Proceso Penal Portugués; declaracións en calidade de investigado e declaracións testemuñais; envío de documental bancaria e de empresa e a declaración testemuñal mediante videoconferencia. Do total das comisións rogatorias tramitadas, remitidas pola autoridade xudicial portuguesa, en ningunha delas se nos advertiu do carácter secreto das actuacións.

Tivemos que solicitarlles ás autoridades portuguesas requirentes que cubran na debida forma o punto G da OEI co fin de que realicen unha exposición máis concreta dos feitos que amparan a práctica das dilixencias solicitadas, máxime cando algunha delas supón afectación de dereitos fundamentais polo que teñen que ser acordadas pola autoridade xudicial tras o ditame do Ministerio Fiscal.

### *Execución das comisións rogatorias pasivas*

Tramitáronse 9 comisións rogatorias pasivas, igual número que as tramitadas no ano 2019. O medio utilizado preferentemente para a remisión foi a vía directa por correo certificado ou por correo electrónico.



En 4 delas a autoridade xudicial requirente foi a portuguesa, 2 menos que no ano 2019 en que foron 6. As actuacións solicitadas polas autoridades xudiciais portuguesas reitéranse ano tras ano, en especial as relativas á práctica de notificacións, requirimentos, cubrir o denominado “termo de identidade e residencia” previsto no artigo 196 do Código do Proceso Penal Portugués; declaracións en calidade de imputado e declaracións testemuñais; envío de documental bancaria e de empresa. Do total das comisións rogatorias tramitadas, remitidas pola autoridade xudicial portuguesa, en ningunha delas se nos advertiu do carácter secreto das actuacións.

Continuamos recibindo, como expuxemos en anteriores memorias, comisións rogatorias onde a autoridade portuguesa nos solicita que citemos persoas concretas e determinadas, das cales dispoñen de todos os datos de filiación, así como dos seus domicilios en Ourense, para que comparezan nunha data determinada ante a autoridade xudicial portuguesa para a celebración dun acto de xuízo ou para a práctica de calquera outra actuación xudicial que se teña que realizar en Portugal. Neste servizo procedemos ao seu inmediato cumprimento, sen prexuízo de que a autoridade portuguesa debese proceder nos termos previstos no artigo 5.2 do Convenio 2000 con remisión directa ao interesado sen prexuízo das excepcións previstas no propio artigo.

Das autoridades xudiciais alemás recibimos 2 comisións rogatorias en que se nos solicitou por unha banda que non é necesaria a execución dunha OEI tras a detención en Alemaña do investigado e unha comisión rogatoria na cal nos solicitaron a notificación dun procedemento de infracción administrativa

As autoridades xudiciais arxentinas solicitáronnos a remisión e traslado dunha sentenza ditada nas dilixencias previas número 4319/2007 polo xulgado de instrución número 3 de Ourense. As autoridades xudiciais croatas solicitáronnos información sobre os procedementos penais tramitados na nosa provincia respecto dunha persoa determinada.

As autoridades xudiciais francesas remítennos un intercambio espontáneo de información por un presunto delito de maltrato no ámbito familiar para a súa investigación na nosa circunscrición, que deu lugar á incoación de dilixencias de investigación penal.

Neste ano non recibimos comisións rogatorias procedentes de Suíza, Bélxica, Polonia, República Checa, Austria, Romanía, Estonia, Italia, Reino Unido, Hungría, Países Baixos, a diferenza dos anos anteriores.

Vía de INTERPOL, de EUROJUS tampouco recibimos ningunha comisión rogatoria do mesmo xeito que nos anos precedentes.

No ano 2020 a diferenza dos anos precedentes, non se recibiu denuncia oficial conforme o artigo 21 do Convenio europeo de asistencia xudicial en materia penal de 1959.



De OLAF non se recibiu ningunha comisión rogatoria, a diferenza do ocorrida no ano 2014 cando se nos solicitaba realizar un informe sobre o estado das dilixencias previas número 419/2009 seguidas no Xulgado de Instrución número 2 de Ourense que teñen a súa orixe nunha investigación realizada por OLAF.

#### *Execución das comisións rogatorias activas*

Tramitáronse 5 comisións rogatorias activas, igual número que as tramitadas no ano 2019. No ano 2020 non se formulou denuncia oficial ningunha conforme ao establecido no artigo 21 do Convenio europeo de asistencia xudicial en materia penal de 1959.

Tampouco se formulou denuncia ningunha ante outras autoridades doutros países, como ocorreu no ano 2019 cando se presentara unha denuncia ante as autoridades colombianas por un delito de trata de seres humanos e de ameazas con base no Convenio de Cooperación xudicial en materia penal entre España e Colombia do 17 de novembro de 2000.

Todas as comisións rogatorias activas tramitadas tiveron por obxecto a remisión ás autoridades xudiciais estranxeiras de testemuños de dilixencias previas tramitadas polos xulgados de instrución da provincia de Ourense que estaban arquivadas por falta de xurisdición das autoridades xudiciais españolas, por delitos de maltrato no ámbito familiar, lesións, lesións por imprudencia, roubo e furto de uso, roubo con forza e estafa. As remisións efectuáronse con base no establecido no artigo 7 do Convenio do 29 de maio de 2000 relativo á asistencia xudicial en materia penal entre os Estados membros da Unión Europea, texto aprobado polo Consello o 30 de novembro de 2000.

As autoridades xudiciais requiridas no ano 2020 foron en todos os supostos as portuguesas. O medio utilizado para a remisión foi: a vía directa por correo certificado desde esta Fiscalía á autoridade xudicial requirida salvo a denuncia formulada en Colombia remitida vía do Ministerio de Xustiza de España.

#### *Seguimentos pasivos*

Incoouse 1 expediente de seguimento pasivo, procedente de Francia, en que se acreditou documentalmente, mediante copia de notificacións de recepcións internacionais, que unha comisión rogatoria fora debidamente cuberta e remitida á autoridade requirente.

#### *Ditames de servizo*

Rexistráronse en 2020 un total de 58 destes ditames de servizo (fronte aos 48 do ano anterior). Tamén se rexistraron 2 comisións rogatorias procedentes de EE.UU., nas cales se solicitaba a práctica de dilixencias relativas a servizos de servidores informáticos, rexistros relacionados con direccións de IP, así como autorización para a execución das ditas intervencións dun axente do FBI. Ditas comisións rogatorias foron remitidas aos Xulgados de Instrución do Barco de Valdeorras, previo rexistro e informe como ditame de servizo e coordinación policial da súa execución.





Déuselles entrada a 5 OEI, nas cales se solicitaban dilixencias que supoñían afectación de dereitos fundamentais; concretamente, entradas e rexistros, intervencións telefónicas, rexistro de conexións IP, que foron xudicializadas, previo informe favorable.

Foron informadas favorablemente varias executorias, con transmisión ás autoridades xudiciais portuguesas de sentenzas, para o seu cumprimento no país veciño.

Informouse favorablemente a emisión de 5 OEI emitidas polos xulgados de instrución, xulgados do penal e Audiencia Provincial de Ourense. Igualmente, informouse favorablemente a emisión de 2 ordes europeas de protección para a súa adopción en Portugal.

En materia de extradición, informouse a favor da elevación de proposta de extradición, a través do Ministerio de Xustiza, ás autoridades suízas, no seo dunha executoria seguida ante a Sección Segunda da Audiencia provincial de Ourense. Informouse favorablemente a ampliación dunha petición de extradición dirixida ás autoridades suízas co fin de respectar o principio de especialidade e poder axuizar a un investigado que foi entregado a España e ingresado nun centro penitenciario por un delito diferente ao que deu lugar a súa extradición.

Aplicación do *principio non bis in ídem*: interesouse sobresemento libre e arquivamento dun procedemento abreviado ao ter noticia da existencia dun proceso penal sobre os mesmos feitos pendente de celebración ante o tribunal da comarca de Porto Leste de Portugal.

#### *Outros informes e actuacións*

- Informe favorable ao traslado a Brasil dunha persoa condenada pola Audiencia Provincial de Ourense, para cumprir a condena no seu país de orixe.
- Tramitáronse polos xulgados do penal de Ourense 15 sancións pecuniarias, 14 procedentes de Portugal e 1 procedente de Países Baixos.
- Informe favorable nun procedemento para emitir unha resolución de embargo e aseguramento de proba.
- Informes relativos á remisión de varias comisións rogatorias para a práctica de dilixencias de instrución, principalmente en Portugal, Francia e Marrocos
- Informe para a celebración por videoconferencia da vista oral, ante os Xulgados do Penal de Ourense.
- Informe sobre a violación do principio especialidade invocado polas autoridades romanesas, polo axuizamento dun cidadán romanés en España por un delito posterior diferente ao que motivou a súa entrega.

## FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Ante todo, a delegación desta fiscalía territorial *durante 2020 mantivo substancialmente a actividade relativa a cooperación xudicial internacional*. Só se observou un descenso no



anterior ritmo de crecemento na recepción de solicitudes de cooperación internacional nos meses que a pandemia da COVID-19 supuxo retardación da actividade xudicial.

Aínda así, *tramitáronse en 2020 un total de 133 expedientes de cooperación internacional*, cun descenso interanual de -17 asuntos (-11,33%); coa seguinte distribución: 67 ordes europeas de investigación (OEI), 4 expedientes de seguimento pasivo, 39 comisións rogatorias pasivas; así como 20 ditames de servizo referidos a cuestións reguladas na Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea; e 2 ditames de servizo emitidos en expedientes de cooperación xudicial executados por xulgados de instrución da provincia.

En relación cos expedientes da OEI, o descenso foi mínimo xa que se rexistraron os 67 mencionados cunha diminución de só -3 (-4,29%).

Pola contra, as comisións rogatorias aumentaron ata unha cifra de 39, con incremento interanual de 12 (4,44%). Tamén houbo descenso en canto aos outros instrumentos de recoñecemento mutuo, distintos á OEI, recoñecidos na referida Lei 23/2014 (un total de 20).

Polo que se refire aos *países solicitantes da cooperación xudicial internacional*, os primeiros lugares seguen estando ocupados polo veciño Portugal e por Alemaña. Dos 133 expedientes tramitados 88 (o 66,17%) tiñan a Portugal como país requirente; e 16 (12,03%) a Alemaña.



## SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS INFORMÁTICOS

§ 1. INTRODUCCIÓN: TIC E DELINCUENCIA. REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS

§ 2. ESTATÍSTICA

§ 3. TEMAS E CUESTIÓN DE INTERESE

### § 1. INTRODUCCIÓN: TIC E DELINCUENCIA. REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS

#### § 1.1. TIC E DELINCUENCIA. PROBA TECNOLÓXICA

O incesante desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC) creou un novo escenario xerador de conflitos de gran transcendencia pola dimensión constitucional e legal dos bens e intereses en xogo, que esixen dos operadores xurídicos o exercicio da debida ponderación. Fronte ao exercicio da liberdade en xeral con garantía de seguridade e privacidade, existe un interese público orientado cara á salvagarda doutros bens igualmente relevantes. Debe subliñarse o dobre impacto producido polas TIC no ámbito das tipoloxías delituosas. Por unha banda, constitúen un medio para executar *novas formas de comisión de "delitos clásicos"* (como estafas, ameazas, injurias ou calumnias etc.); e, por outro, propiciaron o *xurdimento de novas figuras delituosas* (como o ataque a sistemas informáticos, danos informáticos, a interceptación da transmisión de datos etc.).

■ A *Instrución 2/2011 da FXE*, do 11 de outubro, ocupouse desta delincuencia informática ou *ciberdelincuencia*, que se caracteriza esencialmente por englobar unha ampla gama de comportamentos ilícitos cun *factor común tecnolóxico*, a utilización das TIC, dotadas dunha capacidade exponencial de crecemento e modificación. Debido á súa variada tipoloxía, outra das características dos *delitos informáticos* é que *non se atopan sistematizados no Código penal*, senón que se achan dispersos en diferentes títulos do seu parte especial. A mencionada Instrución refírese aos *delitos que integran o ámbito obxectivo da área de criminalidade informática* e realiza un "catálogo inicial de delitos" aos que se estende o marco competencia da área, e que estrutura en tres bloques, dentro dos que se inclúen os tipos delituosos concretos que logo se recollen no apartado de "estadística fiscal":

■ A idiosincrasia da *ciberdelincuencia* ou *delincuencia informática* vén dada por algúns trazos específicos, entre os que poden sinalarse: a) a facilidade comisiva; b) o posible carácter transfronteirizo; c) as dificultades para a súa prevención, investigación e represión, que require da implicación ou colaboración de diversas entidades públicas ou privadas; d) o alto grao de impunidade; e) a potencial produción, nos casos máis graves, de danos de gran magnitude con repercusión nos ámbitos económico e tecnolóxico.





Así as cousas, o fenómeno tecnolóxico require un tratamento xurídico específico, acorde coa súa propia idiosincrasia, que permita a actuación preventiva e represiva dos poderes públicos, deixando de lado as utópicas teses abstencionistas que conciben Internet como un espazo libre de toda intervención pública. A denominada *proba electrónica* é esencial para a investigación e persecución das diversas modalidades de cibercrime por parte dos órganos xudiciais, fiscalías, e forzas e corpos de seguridade, dada a insuficiencia dos medios tradicionais para lograr ese obxectivo. Neste sentido, a reforma da LACrim operada polo 13/2015, do 5 de outubro, para o fortalecemento das garantías procesuais e a regulación das medidas de investigación tecnolóxica, veu proporcionar novos instrumentos para afrontar estes novos retos da ciberdelincuencia, co debido respecto a dereitos fundamentais e garantías mediante control xudicial: “ciberintervención” (intervención das comunicacións a través das TIC); “ciberpatrullaxe” (rastrexo das redes polos corpos policiais) e “axente encuberto informático”; “ciberregistro” (registro de sistemas e dispositivos informáticos) etc.

■ Particularmente salientable é a incidencia das TIC en determinados ámbitos delituosos, mesmo de forma interrelacionada, como os delitos patrimoniais e socioeconómicos, delitos contra a liberdade inxurias, calumnias, ameazas), delitos de odio e discriminación contra grupos vulnerables (como mulleres, colectivo LGTBI, menores, maiores, discapaces, estranxeiros etc.); ou os delitos cometidos por menores a través das redes informáticas (ciberacoso, violencia de xénero). Sen esquecer a utilización das TIC como medio delituoso por parte de grupos e organizacións criminais (tráfico de drogas, armas ou seres humanos, ciberterrorismo etc.).

## § 1.1. TIC E DELINCUENCIA. PROBA TECNOLÓXICA

REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS DE GALICIA EN ÁREA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA	
<b>FISCAIS DELEGADOS</b>	
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. Luís Vázquez Seco, fiscal delegado, destinado na sede principal desa fiscalía
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. José-Luís Álvarez García, fiscal delegado, destinado na sede principal desa fiscalía
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. Miguel-Ángel Ruíz Sanz, fiscal delegado, destinado na sede principal desa fiscalía
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. <sup>a</sup> Rebeca Cordeiro Villar, fiscal delegada, destina en Fiscalía de Área de Vigo
<b>FISCAIS DE ENLACE</b>	
FISCALÍA DE ÁREA FERROL	D. <sup>a</sup> María Elena Gándara Álvarez
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	D. <sup>a</sup> Blanca-Iris Hernández Cerdeira
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. <sup>a</sup> Rebeca Rodríguez Suárez

## § 2. ESTATÍSTICA

A estatística propia da Fiscalía recolle datos e información en materia de delincuencia informática durante o ano 2020 a partir das estatísticas anuais das fiscalías provinciais de Galicia. A efectos de exposición sistematizada, distinguimos entre datos da actividade fiscal (diligencias de investigación penal e cualificacións) e datos da actividade xudicial (procedementos e sentenzas).

### § 2.1. RESUMO XERAL

*O grupo delituoso de delitos informáticos patrimoniais segue sendo o máis representativo cuantitativamente.* Rexistrou en 2020 a cifra de 961 ilícitos incoados nos procedementos xudiciais, cunha elevada porcentaxe do 88,57% da cifra total de delitos informáticos incoados (1.085); así como outro do 69,35% da totalidade dos cualificados (124) e de 54,13% da totalidade dos sentenciados (109).

*A estafa informática, é dicir, a cometida a través das TIC (arts. 248 e 249 CP) continúa sendo o tipo delituoso concreto máis numeroso.* Este delito sumou un total de 953 delitos incoados nos procedementos xudiciais, cunha elevada porcentaxe do 87,83% da totalidade de delitos informáticos incoados (1.085); así como do 58,06% de todos os cualificados (124) e do 36,70% dos sentenciados (109).



Aínda que con menor peso cuantitativo na estatística, si teñen moita relevancia criminolóxica e social outros delitos: o delito de *ciberstalking* ou acoso a través das TIC (art. 172 CP); en particular o *ciberstalking* ou acoso a menores de 16 anos a través da TIC, configurado tamén como *online child grooming*, delito de preparación *online* de menores con fins sexuais (art. 183 ter CP); ou o delito de pornografía *relativo a menores ou persoas discapacitadas* cometidos a través das TIC (art. 189 CP).

## § 2.2. RESUMO DA ACTIVIDADE FISCAL (DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL E CUALIFICACIÓNS)

### DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)

■ **DIP incoadas e terminadas por arquivamento ou xudicialización** A estatística fiscal reflicte unha cifra total de 10 incoadas en 2020, con descenso interanual de -18 (-64,29%), e unha porcentaxe do 1,24% no total de DIP incoadas no conxunto das fiscalías provinciais de Galicia (806). Constan terminadas 2, con descenso de -24 (-92,31%): a) 0, por arquivo, con descenso de -8 (-100%); e b) 2, por xudicialización (mediante denuncia ou querela fiscal), ambas na provincia de Pontevedra, con descenso de -16 (-88,89%). Distribución provincial de DIP incoadas: 8 na Coruña (80%); e 2 en Pontevedra (20%).

■ **Delitos incoados en DIP** (delitos asociados a incoación)

- *Datos xerais*. Consta unha cifra total de 10 delitos incoados en DIP (1 delito por cada DIP), con descenso interanual de -16 (-61,54%), e unha porcentaxe do 1,16% na cifra total de delitos incoados en DIP das fiscalías provinciais galegas (859).

- *Datos particulares por provincias*: A Coruña, 8 (80%); e Pontevedra, 2 (20%).

- *Datos particulares por tipos delituosos*: 8 delitos estafa informática (cometida a través de TIC), con descenso de -9 (-52,94%); 1 delito contra liberdade sexual cometido a través de TIC (incremento de 1=100%); e 1 delito de discriminación mediante TIC (aumento de 1=100%).

### CUALIFICACIÓNS FISCAIS: DELITOS CUALIFICADOS (DELITOS ASOCIADOS A CUALIFICACIÓN)

- *Datos xerais*. A estatística de 2020 reflicte unha cifra total de 124 delitos informáticos cualificados, con descenso interanual de -9 (-6,77%), e unha porcentaxe do 11,43% en relación coa cifra correlativa de delitos informáticos incoados no mesmo ano (1.085); así como de 0,164% da cifra total de delitos incoados en Galicia (75.524).

- *Datos particulares por provincias*: A Coruña, 75 (60,48%); Lugo, 4 (3,23%); Ourense, 3 (2,42%); e Pontevedra, 42 (33,87%).



- *Datos particulares por grupos de delitos (por orde cuantitativa)*

**1º** Delitos patrimoniais: 86 ilícitos cualificados, con descenso interanual de -10 (-10,42%) e unha alta porcentaxe do 69,35% da cifra total de delitos informáticos cualificados no ano (124), así como de 8,94% respecto da cifra de incoación do propio grupo de delitos informáticos patrimoniais (961). Ademais, eses 86 ilícitos representan o 3,67% da cifra total de delitos patrimoniais cualificados en Galicia (2.344)

**2º** Delitos contra a liberdade sexual: 26 ilícitos cualificados, con incremento de 2 (8,33%), e unha porcentaxe do 20,97% da cifra total de delitos informáticos cualificados, así como do 32,01% respecto da cifra de incoación do propio grupo de delitos informáticos sexuais (81).

**3º** Delitos contra a liberdade: 5 ilícitos cualificados, con aumento de 1 (25%).

**4º** Resto de grupos delituosos: 7 (5,65% de cifra total).

- *Datos particulares por tipos delituosos concretos (por orde cuantitativa)*

**1º** Delito de estafa informática (a cometida a través de TIC): 72 ilícitos cualificados, con aumento interanual de 18 (33,33%) e unha porcentaxe do 83,72% do grupo de delitos patrimoniais cualificados (86), así como de 58,06% do total de delitos informáticos cualificados no ano (124). Ademais, representa o 7,56% da cifra correlativa de delitos de estafa informática incoados (953).

**2º** Outros delitos contra a liberdade sexual cometidos mediante TIC: 12 ilícitos cualificados, con incremento de 4 (50%) e unha porcentaxe do 9,68% da cifra total de delitos informáticos cualificados (124).

**3º** Delito contra propiedade intelectual en sociedade da información: 12 ilícitos cualificados, con descenso de -17 (-58,62%) e porcentaxe do 9,67% do total de delitos informáticos cualificados.

**4º** Resto de tipos delituosos cualificados: 14 (11,29% de total cualificados)

---

## § 2.3. RESUMO DA ACTIVIDADE XUDICIAL (PROCEDEMENTOS E SENTENZAS)

---

### PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS (DELITOS INCOADOS)

- *Datos xerais.* A cifra total é de 1.085 delitos incoados (asociados a incoación procedemental), con elevado aumento interanual de 462, equivalente ao 74,16%; o que contrasta claramente co apreciable descenso na cifra total de delitos incoados en 2020, que foi do -36,36% (segundo



o xa exposto na sección 1.1.2 deste capítulo II). Este contraste parece indicar que *a pandemia do coronavirus e os seus efectos restritivos de mobilidade puidese motivar unha especie de “transvasamento” desde a “delincuencia tradicional” á “delincuencia informática”*. Este efecto pode observarse particularmente no delito incoado máis numeroso, que segue sendo a estafa informática (arts. 248 e 249 CP), que en 2020 situouse na cifra de 953 e experimentou un elevado incremento do 135,31% respecto ao ano anterior. Dato que contrasta fronte á cifra xeral de todas as estafas (incluída a informática) que rexistrou un apreciable descenso de -24,85%; descenso que sería aínda maior, concretamente de 36,60%, se da cifra xeral de estafas (5.296) restásemos a concreta de modalidade informática (953).

- *Datos particulares por provincias:* A Coruña, 405 delitos incoados (37,33% de total); Lugo, 23 (2,12%); Ourense, 100 (9,22%); e Pontevedra, 557 (51,34%).

- *Datos particulares de grupos delituosos (por orde cuantitativa)*

**1º** Delitos contra o patrimonio: 961 ilícitos incoados, con elevado aumento interanual de 546, equivalente a 131,57% (moi superior ao incremento do 20,48% do ano anterior) e unha alta porcentaxe do 88,57% da cifra total de delitos informáticos incoados no ano (1.085). Case toda a cifra de delitos informáticos patrimoniais, concretamente 953, son estafas informáticas (99,17% de total).

**2º** Delitos contra a liberdade sexual: 81 ilícitos incoados con incremento interanual de 8 (10,96%) e unha porcentaxe do 7,47% da cifra total de delitos informáticos incoados.

**3º** Delitos contra a liberdade: 22 ilícitos incoados, con descenso de -4 (-15,38%)

**4º** Resto de grupos delituosos: 21 (1,94% de cifra total)

- *Datos particulares de tipos delituosos (por orde cuantitativa)*

**1º** Delito de estafa informática (a cometida a través de TIC): 953 ilícitos incoados, con elevado aumento interanual de 548, equivalente a 135,31% e unha porcentaxe do 99,17% do grupo de delitos patrimoniais, así como de 87,83% da cifra total delitos informáticos incoados no ano (1.085).

**2º** Outros delitos contra a liberdade sexual cometidos mediante TIC: 54 ilícitos incoados, con elevado incremento interanual de 32, equivalente ao 145,45% e unha porcentaxe do 4,98% da cifra total de delitos informáticos incoados.

**3º** Ameazas e coaccións a través de TIC: 16 ilícitos incoados, con aumento interanual de 9 (36%).

**4º** Acoso cometido a través de TIC: 6 ilícitos incoados, con incremento de 5 (500%)





5º) Ataques a sistemas informáticos/interceptación de transmisión de datos: 6 ilícitos incoados, con aumento de 4 (200%).

6º) Resto de delitos incoados: 50 (4,61% de cifra total).

## SENTENZAS DITADAS

Constan 93 sentenzas ditadas en 2020, con aumento interanual de 5 (5,68%); distribuída entre 81 condenatorias (87,10% do total) e 13 absolutorias (12,90%). Dentro das condenatorias, 54 (o 66,67%) son con conformidade do acusado, con aumento interanual de 12 (28,57%) e unha elevada porcentaxe do 87,10% na cifra total de sentenzas; sen conformidade do acusado son 27 (33,33%), con incremento de 6 (18,18%).

Distribución provincial de sentenzas ditadas: A Coruña, 46 (49,46% de total); Lugo, 1 (1,08%); Ourense, 2 (2,15%); e Pontevedra, 44 (47,31%).

## SUXEITOS ACUSADOS E CONDENADOS

En canto a acusados, consta un total de 224, con descenso interanual de -35 (-13,51%); e esta distribución provincial: A Coruña, 147 (65,63% de total); Lugo, 15 (6,70%); Ourense, 11 (4,91%); e Pontevedra, 51 (22,77%).

Polo que se refire aos condenados, a cifra total é de 61, con descenso de -2 (-3,17%) e unha porcentaxe do 27,23% respecto da cifra de acusados; así como a seguinte distribución provincial: A Coruña, 38 (62,30% de total); Lugo e Ourense, 1 cada unha (1,64%); e Pontevedra, 21 (34,42%).

## DELITOS SENTENCIADOS (ASOCIADOS A SENTENZAS CONDENATORIAS)

- *Datos xerais.* A cifra total é de 109 delitos sentenciados, con elevado aumento interanual de 38, equivalente ao 53,52%; o que contrasta claramente co apreciable descenso na cifra total de delitos sentenciados en 2020, que foi do -34,94% (segundo o xa indicado na sección 1.1.2 deste capítulo II). A *ratio* de delito/sentenza condenatoria é de 1,35% (109 delitos/81 sentenzas).

- *Datos particulares por provincias:* A Coruña, 59 delitos sentenciados (54,13% do total); Lugo, 2 (1,83%); Ourense, 1(0,92%); e Pontevedra, 47 (43,12%)



- *Datos particulares de grupos delituosos (por orde cuantitativa)*

**1º** Delitos contra o patrimonio: 59 ilícitos sentenciados, con elevado aumento interanual de 22 (59,46%) e unha porcentaxe do 54,13% da totalidade de delitos informáticos sentenciados no ano (109). A maior parte (67,80%) son estafas informáticas, concretamente 40.

**2º** Delitos contra a liberdade sexual: 29 ilícitos sentenciados, con incremento de 15 (107,14%) e unha porcentaxe do 26,61% en cifra total de delitos informáticos sentenciados.

**3º** Delitos contra a liberdade: 10 ilícitos sentenciados, con aumento interanual de 2 (25%) e porcentaxe do 9,17%.

**4º** Resto de grupos delituosos: 11 ilícitos sentenciados (10,09% de cifra total).

- *Datos particulares de tipos delituosos (por orde cuantitativa)*

**1º** Delito de estafa informática (a cometida a través de TIC): 40 ilícitos sentenciados, con aumento interanual de 13 (48,15%) e unha porcentaxe do 36,70% da totalidade de delitos informáticos sentenciados (109).

**2º** Outros delitos contra a liberdade sexual: 25 ilícitos sentenciados, con incremento de 21 (525%) e unha porcentaxe de 22,94%.

**3º** Delito contra servizos de radiodifusión e interactivos: 13 ilícitos sentenciados, con aumento interanual de 12 (1.200%) e porcentaxe do 11,93%.

**4º** Delito de ameazas e coaccións informáticas (a través de TIC): 6 ilícitos sentenciados, con descenso interanual de -1 (-14,28%) e porcentaxe do 5,50% en totalidade de delitos informáticos sentenciados (109).

**5º** Delito de falsificación a través de TIC: 5 ilícitos sentenciados, con aumento de 3 (150%) e porcentaxe do 4,59%.

**6º** Resto de delitos informáticos sentenciados: 20 (1,83% de cifra total).



## § 2.4. EXAME DETALLADO

### § 2.4.1. ESTATÍSTICA DA ACTIVIDADE FISCAL: DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL E CUALIFICACIÓNS

#### DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)

ESTATÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) -DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2020	GALICIA 2019	(V.I.)
DIP INCOADAS	8	0	0	2	10	28	-18 (64,29%)
DIP TERMINADAS	0	0	0	2	2	26	-24 (-92,31%)
DIP TERMINADAS POR ARQUIVAMENTO	0	0	0	0	0	8	8 (-100%)
DIP TERMINADAS POR XUDICIALIZACIÓN (DENUNCIA OU QUERELA FISCAL)	0	0	0	2	2	18	-16 (-88,89%)

#### DELITOS ASOCIADOS A INCOACIÓN DE DIP

ESTATÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA DIP INCOADAS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS Á SÚA INCOACIÓN) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN DE DIP		A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS CONTRA LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓNS A TRAVÉS de TIC. (ARTS. 169 E SS 172 E SS CP)	0	0	0	0	0	1	-100%	
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS de TIC (ART. 172 TER C P)	0	0	0	0	0	0	=	
DELITOS CONTRA INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 173 CP)	0	0	0	0	0	0	=	

Continúa na páxina seguinte



ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA DIP INCOADAS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS Á SÚA INCOACIÓN) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN DE DIP		A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 189 CP)	0	0	0	0	0	4	-400%	
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 183 TER CP)	0	0	0	0	0	1	-100%	
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DE TIC	1	0	0	0	1	0	100%	10%
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER CP)	0	0	0	0	0	0	=	
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 197 CP)	0	0	0	0	0	1	=	
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DE TIC (ART. 215 CP)	0	0	0	0	0	0	0	

Continúa na páxina seguinte



ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA DIP INCOADAS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS Á SÚA INCOACIÓN) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN DE DIP		A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 248 E 249 CP)	7	0	0	1	8	17	-52,94%	80%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS CP)	0	0	0	0	0	0	=	
	DELITOS CONTRA SERVIZOS RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286 CP)	0	0	0	0	0	0	=	
	DELITOS DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER CP)	0	0	0	0	0	0	=	
	DELITOS CONTRA PROPIEDAD INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ART. 270 E SS CP)	0	0	0	0	0	0	=	
DELITOS CONTRA FALSIDADE									
	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DE TIC	0	0	0	0	0	1	-100%	
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN									
	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 510 CP)	0	0	0	1	1	0	100%	10%
CIFRA TOTAL		8	0	0	2	10	26	-16 (-61,54%)	
% PORCENTAXE		80%	0%	0%	20%	100%			



## CUALIFICACIÓNS FISCAIS (DELITOS ASOCIADOS)

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA CUALIFICACIÓNS FISCAIS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A CUALIFICACIÓNS		A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓNS A TRAVÉS DE TIC. (ARTS. 169 E SS 172 E SS CP)	1	0	1	0	2	3	-33,33%	1,61%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 172 TER CP)	1	0	0	2	3	1	200%	2,42%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 173 CP)	0	0	0	1	1	3	-66,66%	0,81%
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 189 CP)	10	0	0	3	13	14	-7,14%	10,48%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 183 TER CP)	0	0	0	1	1	2	-50%	0,81%
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DE TIC	9	0	1	2	12	8	50%	9,68%
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER CP)	0	0	0	0	0	1	-100%	
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 197 CP)	2	0	0	2	4	4	=	3,22%

Continúa na páxina seguinte



ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA CUALIFICACIÓNS FISCAIS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A CUALIFICACIÓNS		A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/ INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DE TIC (ART. 215 CP)	1	0	0	0	1	0	100%	0,81%
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 248 E 249 CP)	39	4	0	29	72	54	18 (33,33%)	58,06%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS CP)	0	0	0	0	0	1	-100%	
	DELITOS CONTRA SERVIZOS RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286 CP)	0	0	0	0	0	12	-100%	
	DELITOS DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER CP)	0	0	1	1	2	0	100%	1,61%
	DELITOS CONTRA PROPIEDAD INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ART. 270 E SS CP)	11	0	0	1	12	29	-58,62%	9,67%
DELITOS FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DE TIC	1	0	0	0	1	1	=	0,81%
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 510 CP)	0	0	0	0	0	0	=	
CIFRA TOTAL		75	4	3	42	124	133	-9 (6,77%)	
% PORCENTAXE		60,48%	3,23%	2,42%	33,87%	100%			



## § 2.4.2. ESTATÍSTICA DA ACTIVIDADE XUDICIAL: PROCEDEMENTOS XUDICIAIS E SENTENZAS

### PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS (DELITOS ASOCIADOS)

ESTATÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN PROCEDEMENTAL		A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓN A TRAVÉS DE TIC. (ARTS. 169 E SS 172 E SS CP)	1	0	2	13	16	25	-36%	1,47%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 172 TER CP)	0	0	0	6	6	1	500%	0,55%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 173 CP)	0	0	0	0	0	1	-100%	
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 189 CP)	12	0	2	7	21	41	-48,78%	1,93%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 183 TER CP)	0	0	0	6	6	10	-40%	0,55%
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA A LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DE TIC	12	0	1	41	54	22	145,45%	4,97%

Continúa na páxina seguinte





ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN PROCEDEMENTAL		A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER CP)	2	0	0	4	6	2	200%	0,55%
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 197 CP)	5	0	2	4	11	10	10%	1,47%
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/ INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DE TIC (ART. 215 CP)	1	0	0	3	4	5	-20%	1,01%
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 248 E 249 CP)	368	23	92	470	953	405	548 (135,31%)	87,83%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS CP)	1	0	0	0	1	2	-50%	
	DELITOS CONTRA SERVIZOS RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286 CP)	0	0	0	0	0	6	-100%	0,55%
	DELITOS DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER CP)	2	0	0	1	3	8	-62,50%%	
	DELITOS CONTRA PROPIEDAD INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ART. 270 E SS CP)	0	0	0	0	0	85	-100%	0,27%

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN PROCEDEMENTAL		A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DE TIC	1	0	1	2	4	0	100%	
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 510 CP)	0	0	0	0	0	0	=	
CIFRA TOTAL		405	23	100	557	1.085	623	462 (74,16%)	
% PORCENTAXE		37,33%	2,12%	9,22%	51,34%	100%			

## SENTENZAS DITADAS

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA SENTENZAS DITADAS - DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
	A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
SENTENZAS CONDENATORIAS SEN CONFORMIDADE ACUSADO	11	0	0	16	27	33	6 (18,18%)	29,03%
SENTENZAS CONDENATORIAS CON CONFORMIDADE ACUSADO	31	1	1	21	54	42	12 (28,57%)	58,06%
TOTAL SENTENZAS CONDENATORIAS	42	1	1	37	81	75	6 (8,00%)	87,10%
TOTAL SENTENZAS ABSOLUTORIAS	4	0	1	7	12	13	-1 (-7,69%)	12,90%
TOTAL SENTENZAS	46	1	2	44	93	88	5 (5,68%)	100%
% PORCENTAXE	49,46%	1,08%	2,15%	47,31%	100%			



SENTENZAS CONDENATORIAS (DELITOS ASOCIADOS)

ESTADÍSTICA 2020 FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA SENTENZAS CONDENATORIAS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A SENTENZA CONDENATORIA		A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓNS A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 169 E SS 172 E SS CP)	4	0	1	1	6	7	-14,28%	5,50%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 172 TER C P)	2	0	0	2	4	1	300%	3,67%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 173 CP)	0	0	0	0	0	2	-200%	
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 189 CP)	2	0	0	2	4	10	-60%	3,67%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 183 TER CP)	0	0	0	1	1	0	100%	0,92%
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DE TIC	16	0	0	9	25	4	525%	22,94%
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER CP)	0	0	0	0	0	0	=	
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 197 CP)	2	0	0	3	5	7	-28,57%	4,59%

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

ESTADÍSTICA 2020 FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA SENTENZAS CONDENATORIAS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A SENTENZA CONDENATORIA		A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/ INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DE TIC (ART. 215 CP)	0	0	0	0	0	0	=	
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 248 E 249 CP)	20	2	0	18	40	27	48,14%	36,70%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS CP)	0	0	0	0	0	6	-100%	
	DELITOS CONTRA SERVIZOS RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286 CP)	5	0	0	8	13	1	1.200%	11,93%
	DELITOS DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER CP)	0	0	0	1	1	0	100%	0,92%
	DELITOS CONTRA PROPIEDAD INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ART. 270 E SS CP)	3	0	0	2	5	4	25%	4,59%
DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DE TIC	5	0	0	0	5	2	150%	4,59%
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 510 CP)	0	0	0	0	0	0	=	
CIFRA TOTAL		59	2	1	47	109	71	38 (53,52%)	
% PORCENTAXE		54,13%	1,83%	0,92%	43,12%	100%			



## SUXEITOS (ACUSADOS E CONDENADOS)

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – DELINCUENCIA INFORMÁTICA SUXEITOS (ACUSADOS E CONDENADOS) - DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
	A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
ACUSADOS	147	15	11	51	224	259	-35 (-13,51%)	78,60%
% PORCENTAXE	65,63%	6,70%	4,91%	22,77%	100%			
CONDENADOS	38	1	1	21	61	63	-2 (-3,17%)	21,40%
% PORCENTAXE	62,30%	1,64%	1,64%	34,42%	100%			

### § 3. TEMAS E CUESTIÓNS DE INTERESE

#### ESTADÍSTICA ADMINISTRATIVA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA

O Ministerio da Interior conta cun portal web estatístico de criminalidade, no que recolle unha minuciosa estatística de cibercriminalidade <sup>18</sup>. Os últimos datos publicados son os do ano 2019, que resumimos a continuación.

DELITOS RELATIVOS A CIBERCRIMINALIDADE EN 2019 DATOS TOTAIS DE ESPAÑA E PARTICULARES DE GALICIA (PORTAL ESTADÍSTICO DO MINISTERIO DO INTERIOR)							
	ESPAÑA			GALICIA			% GALICIA EN ESPAÑA
	CIFRAS	VARIACIÓN INTERANUAL	% PORCENTAXE	CIFRAS	VARIACIÓN INTERANUAL	% PORCENTAXE	
FEITOS COÑECIDOS	218.302	57.573 (35,82%)	100%	11.631	3.267 (39,06%)	100%	5,33%
FEITOS ESCLARECIDOS	30.841	3.468 (12,70%)	14,13%	1.901	199 (11,69%)	16,34%	6,16%
DETENCIÓNS/ INVESTIGACIÓNS	8.914	1.937 (27,76%)	4,08%	414	142 (52,21%)	2,56%	4,64%
VITIMIZACIÓNS	166.152	44.916 (37,05%)		9.904	3.285 (-49,63%)		



**SECCIÓN 2.9.****ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL**

§ 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

§ 2. REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

§ 3. ACTUACIÓNS DA FISCALÍA DE GALICIA

**§ 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS. ATENCIÓN INTEGRAL ÁS VÍTIMAS (VITIMOASISTENCIA E OAVD)**

Os efectos negativos que o feito delituoso supón para a vítima non só son de índole económico, senón que tamén repercuten noutros ámbitos, como o moral, o psicolóxico, o social ou o familiar. Esta pluridimensionalidade prexudicial do delito fai necesaria a articulación dun sistema específico que garanta a *atención integral e interdisciplinar á vítima de calquera tipo de delito*. Neste sentido, a denominada *vitimoasistencia* foi definida como o conxunto de accións en favor da vítima do delito realizadas por unha serie de profesionais coa finalidade de reparar os prexuízos causados, da forma máis rápida, eficaz e menos traumática, así como de tentar a evitación ou minimización, mediante a prevención, dos riscos dunha nova vitimización. Unha das principais manifestacións da *vitimoasistencia* constitúeo a creación e implantación das *Oficinas de Atención ás Víctimas do Delito (OAVD)*.

Segundo deixamos dito en memorias anteriores, ben pode dicirse que *o ano 2015 foi o ano das vítimas*, en canto á aprobación e entrada en vigor das respectivas leis nacionais de transposición de toda a normativa da Unión Europea sobre vítimas. A partir dese momento, fóronse desenvolvendo distintas actuacións a nivel estatal e autonómico de Galicia.

A nivel da UE, constituíu un fito fundamental a *Directiva 2012/29/UE* do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos. A nivel estatal de España, a transposición desta importante directiva realizouse mediante o *Estatuto da vítima do delito (EVD)*, aprobado por Lei 4/2015, do 7 de abril (con entrada en vigor o 28/10/2015). Sen dúbida, o novo EVD constituíu, un auténtico fito normativo no noso ordenamento xurídico, nesta materia específica e transversal. De maneira expresa e detallada implementa unha especial protección do colectivo das vítimas dos delitos mediante a incorporación dun completo catálogo de medidas e dereitos específicos, tanto procesuais como extraprocesuais.

Posteriormente, a nivel regulamentario, ditouse o RD 1109/205, do 11 de decembro, polo que se desenvolve o EVD e se regulan as *OAVD*. O art. 15 deste RD e o art. 31 EVD outorgan ao Goberno e ás CC.AA. con competencias transferidas (como é o caso de Galicia) a facultade para determinar a organización, dirección e control das *OAVD*, así como para aprobar os *protocolos* que resulten necesarios para a protección das vítimas.



A configuración xurídica das OAVD no EVD vira ao redor dun modelo de xestión pública incardinado, como unidades administrativas, integradas na estrutura orgánica da Administración de Xustiza (modelo que rexe tamén noutros países da nosa contorna, como Bélxica). Artículanse como un servizo multidisciplinar de atención ás necesidades da vítima, de carácter público e gratuíto (art. 15.1 RD 1109/2015). A pesar diso cómpre ter en conta que o modelo de xestión privada (predominante en Europa e nos países de tradición anglosaxoa) está a incorporarse tamén a través das asociacións de vítimas; algunhas delas, mesmo, ofrecen servizos de axuda especializada. Este modelo alternativo e complementario do público viuse reforzado coa previsión legal da posibilidade de celebración de convenios de colaboración entre a Administración competente e as entidades privadas, sen ánimo de lucro, para a prestación desta asistencia (art. 27.2 EVD). Esta vía de convenios de colaboración pode supoñer un gran apoio ás políticas públicas de asistencia ás vítimas, a través de entidades do denominado “terceiro sector”; é dicir, aquelas que, sen formar parte do sector público ou do privado empresarial, constitúen organizacións non gobernamentais (ONG), sen ánimo de lucro, que realizan diversas actividades voluntarias de interese social, financiadas en parte polo sector público.

## §.2. REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

<b>FISCAIS DELEGADOS E DE ENLACE EN ÁREA DE VÍTIMAS DO DELITO</b>	
<b>FISCAIS DELEGADOS</b>	
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. <sup>a</sup> <b>Eugenia López Arias</b> , fiscal delegada provincial, destinada na sede principal desa fiscalía
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D. <sup>a</sup> <b>María Vázquez Gómez</b> , fiscal delegada provincial, destinada na sede principal
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D. <sup>a</sup> <b>Eva Regueiro Rodríguez</b> , fiscal delegada provincial e fiscal xefe
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. <b>Juan-Carlos Aladro Fernández</b> , fiscal delegado provincial e fiscal xefe
<b>FISCAIS DE ENLACE</b>	
FISCALÍA DE ÁREA DE FERROL	D. <b>Miguel Armenteros León</b> , fiscal de enlace e fiscal xefe desa fiscalía
FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO	D. <sup>a</sup> <b>Pilar Fernández Pérez</b> , fiscal de enlace
FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO	D. <sup>a</sup> <b>Rita Ruíz Barcia</b> , fiscal de enlace



### § 3. ACTUACIÓNS DA FISCALÍA DE GALICIA EN MATERIA DE VÍTIMAS DO DELITO

Desde o primeiro momento, a temática do novo EVD e, particularmente, a posta en marcha das referidas OAVD foi obxecto de especial atención por parte da Fiscalía, tanto a nivel central da FXE como das fiscalías territoriais; entre elas, as de Galicia, baixo a dirección e coordinación desta fiscalía autonómica en colaboración coa FXE e o Goberno autonómico.

En memorias anteriores xa se deu conta das actuacións realizadas ata 2019. A partir delas, facemos agora un balance sintético das accións desenvoltas no ano 2020, forzosamente limitadas polo impacto negativo da crise pandémica.

No ano 2019 intensificouse a colaboración na Administración autonómica e a Fiscalía de Galicia, de forma particular no marco da “Comisión Mixta”. Especialmente en relación co proceso de creación e implantación do novo modelo das OAVD. Como dicíamos na memoria do ano anterior, antes de implantar o novo modelo de OAVD, a Xunta de Galicia articulara unha solución provisional ou intermedia, consistente na incorporación dun psicólogo e un traballador social para asistencia ás vítimas en cada un dos actuais Servizos de Atención ás Vítimas e á Cidadanía (adscritas aos decanatos xudiciais). Tamén se apuntou que estaban avanzados os traballos do protocolo para a creación e posta en marcha do novo modelo de OAVD, así como o protocolo de asistencia psicolóxica nelas. Para isto último, a Fiscalía de Galicia ten senllos fiscais representantes nas respectivas comisións ou equipos de traballo, designados polo fiscal superior.

Polo que se refire ao ano 2020, as actuacións na materia concretáronse no finalmente tratado e acordado no marco da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia. Na reunión da devandita comisión celebrada o día 16 de decembro dese ano, foi obxecto de tratamento específico o tema das OAVD, a súa situación actual e previsións para o ano 2021. As cuestións tratadas sobre esta temática foron esencialmente as seguintes:

- 1) Estrutura das OAVD en Galicia.** Segundo o explicado en reunións anteriores do ano 2019 (14 de xuño e 2 de decembro), o novo modelo das OAVD enmárcase nos servizos comúns actualmente dependentes dos decanatos xudiciais das principais cidades de Galicia (as catro capitais de provincia, máis Santiago, Ferrol e Vigo). Estarán integradas por dous/dúas funcionarios/as da Administración de Xustiza (corpos de xestión e tramitación), así como por un/ha psicólogo/a (persoal laboral incorporado en RPT de Vicepresidencia de Xunta de Galicia) e un/ha traballador/a social.
- 2) Achegas da Fiscalía de Galicia ao borrador do protocolo de actuación das OAVD.** A Administración autonómica tomou en consideración a maior parte desas achegas. Non foron incorporadas outras debido a varias razóns: a) foron xa contempladas desde outra perspectiva (como o caso de protocolos de actuación específica para vítimas de determinados delitos, que se están acometendo no marco do Consello Asesor de





Asistencia ás Vítimas, conformado polo MXU, as CC.AA. con competencias na materia, o CXPX, a FXE, o Ministerio do Interior etc.); b) xa estaban previstas pola vía de anexos acompañados ao propio protocolo; ou c) porque eran cuestións para valorar máis adiante, tras a experiencia que proporcione a posta en marcha das OAVD.

**3)** Características do protocolo de actuación das OAVD. A representación da Xunta de Galicia destacou que se trata dun protocolo *inicial* destinado a que tanto os órganos xudiciais como as propias fiscalías coñezan unha fórmula de relacionarse coas OAVD. Con todo, non se aspira en principio a que sexa un catálogo exhaustivo de funcións. Unha vez posto en marcha o novo modelo, a práctica e a experiencia irán mostrando os axustes que sexa necesario realizar para adaptalo ás necesidades que resulten oportunas.

**4)** Dotación orzamentaria específica para as OAVD. Nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2021 está prevista unha partida específica para a informatización das OAVD a través do deseño e implantación dunha aplicación propia de xestión (100.000 €).

**5)** Fluxograma previsto pola Xunta de Galicia para o procedemento de asistencia ás vítimas. Está enfocado para a asistencia a vítimas de violencia de xénero, así como a vítimas especialmente vulnerables e a vítimas de delitos violentos. Dáse intervención inicial a varios organismos: Forzas e Corpos de Seguridade (denuncia/valoración policial de risco), xulgado de violencia de xénero/de garda/de instrución (denuncia/atestado/parte de lesións); e Fiscalía (denuncia/atestado policial). O trámite inicial na OAV é a comparecencia directa da vítima, que dá lugar á apertura do correspondente expediente. A partir de aí, o procedemento de asistencia segue estes pasos: a) derivación á intervención psicolóxica e á intervención social (incorporación ao expediente de datos psicosociais); b) derivación a outros recursos (servizos sociais e de saúde); c) derivación aos equipos técnicos do menor da Xunta de Galicia.



## SECCIÓN 2.10. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA

§ 1. INTRODUCCIÓN. REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

§ 2. ESTATÍSTICA

§ 3. TEMAS E CUESTIÓNS DE INTERESE

### § 1. INTRODUCCIÓN. REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

#### § 1.1. MINISTERIO FISCAL E ADMINISTRACIÓN PENITENCIARIA

*Unha das funcións esenciais encomendadas constitucional e legalmente ao MF é controlar a execución do cumprimento das penas e medidas privativas de liberdade e, ao mesmo tempo, a protección dos dereitos das persoas afectadas por elas en virtude de condena xudicial firme. En cumprimento desta misión e funcións, a Fiscalía debe relacionarse tanto cos órganos xudiciais especializados (os xulgados de vixilancia penitenciaria) como coa propia Administración penitenciaria.*

A institución penitenciaria dun Estado de dereito é instrumento indispensable para a aplicación das políticas de seguridade e intervención social. Constitucional e legalmente ten asignada como principal misión e función a de prestación do servizo público de execución das penas e medidas penais, con orientación da súa actividade ao tratamento, reeducación e rehabilitación das persoas condenadas, e a promoción e cumprimento de medidas alternativas á prisión.

En base ao art. 25. 2 da CE e 1 da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria (LOXP), os *fins da Administración penitenciaria* poden concretarse en: a) reeducación e reinserción social dos sentenciados a penas e medidas penais privativas de liberdade; b) a retención e custodia de detidos, presos e penados; e c) a asistencia e axuda a internos e liberados. Para o cumprimento de tales fins, a dita Administración haberá de rexer a súa actuación por principios preestablecidos, como: o principio de legalidade (arts. 103 CE, 3.1 LOXP e 3.1 do seu regulamento); o principio de conservación dos dereitos fundamentais (agás limitacións legais ou xudicialmente acordadas); e c) o principio de control xurisdiccional da actividade penal, a cal é exercida por uns órganos xudiciais especializados, que son os xulgados de vixilancia penitenciaria (XVP).



## § 1.2. XULGADOS ESPECIALIZADOS DE VIXILANCIA PENITENCIARIA EN GALICIA

Trátase de órganos xudiciais unipersoais especializados, integrados dentro da orde xurisdiccional penal, cuxa regulación se contén basicamente na referida LOXP e na LOPX. Estes órganos asumen funcións de vixilancia, decisorias e consultivas e encárganse da execución das penas privativas de liberdade, conforme o principio de legalidade. Teñen ao seu cargo, xunto co MF, a fiscalización da actividade penitenciaria, para garantir os dereitos das persoas reclusas, calquera que sexa a súa situación, e que se corrixan, se é o caso, as deficiencias ou abusos que se advirtan no réxime penitenciario.

Polo que se refire á nosa comunidade autónoma, *existen en Galicia tres xulgados de vixilancia penitenciaria (VP)*, que, conforme o acordo adoptado no seu día pola Sala de Goberno do TSX de Galicia, se reparten os asuntos correspondentes aos cinco centros penitenciarios (CP) existentes e os dous centros de integración social (CIS):

- *Xulgado de VP nº 1, con sede na Coruña, que se ocupa dos asuntos do CP de Teixeiro-Curtis (A Coruña), así como os do CIS da Coruña.*
- *Xulgado de VP nº 2, con sede en Pontevedra, que asume os asuntos do CP da Lama (Pontevedra), así como o CIS de Vigo.*
- *Xulgado de VP nº 3, con sede en Lugo, que se ocupa dos asuntos dos CP de Bonxe e Monterroso (ambos en provincia de Lugo) e do Pereiro de Aguiar (Ourense).*

## § 1.3. REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

FISCAIS DELEGADOS EN ÁREA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	<b>D. Antonio Lovera Tejedor</b> , fiscal coordinador, destinado na sede principal desa fiscalía
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	<b>D. Antonio Martínez Fernández</b> , fiscal coordinador e tenente-fiscal, destinado na sede principal
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	Non hai fiscal especializado nesta materia. Ao non existir XVP en Ourense, os asuntos na materia (CP do Pereiro de Aguiar) son derivados á Sección de VP da Fiscalía Provincial de Pontevedra)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	<b>D. Juan-Ignacio Sáiz Martín</b> , fiscal coordinador, destinado na sede principal



---

## § 2. ESTATÍSTICA

---

### § 2.1. ESTATÍSTICA XUDICIAL (RESUMO)

---

Facemos aquí un resumo da estatística xudicial na materia, de elaboración propia a partir dos datos da estatística xudicial obtida do Punto Neutro Xudicial (PNX). Seguidamente, ofrécese un exame máis polo miúdo da nosa propia estatística fiscal en materia de VP.

■ *Procedementos nos xulgados de vixilancia penitenciaria de Galicia*

- *Procedementos tramitados*: consta unha cifra total de 13.199, con descenso interanual de -3.461 (-20,77%) ; cifra que comprende: a) pendentes do ano anterior, 1.829 (descenso de -1.046=-36,38%); e b) incoados no ano, 11.370, que descendieron -2.415 (-17,52%).

- Os procedementos específicos incoados máis representativos cuantitativamente foron os seguintes: 1º Queixas e peticións varias, 1.828 (16,08%); 2º permisos de saída, 1.737 (15,28% do total); 3º TBC, 1.621 (14,26%); 4º sancións disciplinarias, 1.010 (8,88%); 5º clasificación de grao, 926 (8,14%); e 6º refundición de condena, 688 (6,05%). O resto de procedementos incoados alcanzaron a cifra de 3.560 (31,31% do total).

- *Procedementos terminados*: 11.418, con descenso interanual de -3.413 (-23,01%) e unha porcentaxe do 86,51% da cifra total de tramitados (13.199).

- *Procedementos pendentes a final de ano* (tramitados – terminados): 1.781, con descenso interanual de -48 (-2,62%) e porcentaxe do 13,49% no total de tramitados.

- *Resolucións*. - Consta a cifra de 10.048 autos finais ditados no ano 2020, con descenso interanual de -3.046 (-23,26%).

---

## § 2.2. ESTATÍSTICA FISCAL

---


Os datos e información recollidos aquí baséanse nos das estatísticas das fiscalías provinciais de Galicia, e refírense aos procedementos ingresados en Fiscalía (independentemente do ano da súa incoación), así como aos ditames fiscais emitidos sobre eles.



## § 2.2.1. ESTADÍSTICA DE PROCEDIMENTOS

### § 2.2.1.1. PROCEDIMIENTO INGRESADOS EN FISCALIA EN PERÍODO 2015-2020


#### VIXILANCIA PENITENCIARIA - PROCEDIMENTOS INGRESADOS EN FISCALÍA GALICIA - PERÍODO 2015-2020



### § 2.2.1.2. PROCEDIMENTOS INGRESADOS EN FISCALÍA NO AÑO 2020

#### EXPOSICIÓN DE DATOS

#### VIXILANCIA PENITENCIARIA - PROCEDIMENTOS INGRESADOS EN FISCALÍA POR MATERIAS GALICIA AÑO 2020



ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – VIXILANCIA PENITENCIARIA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS - DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
	A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
PERMISOS DE SAÍDA	1.056	914	92	1.198	3.260	4.006	-18,62%	40,34%
CLASIFICACIÓN DE GRAO	139	189	23	330	681	836	-18,54%	8,43%
SANCIÓNS DISCIPLINARIAS	378	205	0	447	1.030	963	6,95%	12,75%
LIBERDADE CONDICIONAL	88	123	0	103	314	379	-17,15%	3,89%
ARRESTO FIN SEMANA (AFS)	0	0	0	1	1	11	-90,90%	0,01%
MEDIDAS DE SEGURIDADE	3	11	0	110	124	231	-46,32%	1,53%
TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE (TBC)	3	19	0	567	589	1.033	-42,98%	7,29%
REDENCIÓNS	0	1	0	0	1	7	-85,71%	0,01%
REFUNDICIÓNS	1	161	0	216	378	410	-7,80%	4,68%
OUTRAS QUEIXAS/PETICIÓNS	186	409	0	626	1.221	1.262	-3,24%	15,11%
COMUNICACIÓNS (INTERVENCIÓN/ RESTRICIÓN/ SUSPENSIÓN)	9	0	0	64	73	116	-37,06%	0,90%
MEDIDAS COERCITIVAS (ART. 72 RP)	3	0	0	379	382	657	-41,85%	4,73%
SUSPENSIÓN EXECUCIÓN PENNA (ART. 60 CP)	0	0	0	0	0	0	0	0
APLICACIÓN RÉXIME XERAL (ART. 36 CP)	2	0	0	0	2	4	-50%	0,02%
ABOAMENTO PREVENTIVA	5	4	0	9	18	46	-60,86%	0,22%
INDULTO PARTICULAR	0	0	0	0	0	0	0	0
VISITAS CENTROS PENITENCIARIOS	5	2	0	0	7	18	-61,11%	0,08%
INGRESO NO CENTRO PEN.	0	0	0	0	0	0	0	0%
ASUNTOS SANITARIOS	0	0	0	0	0	0	0	0%
LIBERDADE DEFINITIVA	0	0	0	0	0	0	0	0%
TOTAL PROCEDEMENTOS	1.878	2.038	115	4.050	8.081	9.979	-1.898 (-19,02%)	100%
% PORCENTAXE	23,24%	25,22%	1,42%	50,12%	100%			

## ANÁLISE DE DATOS

Datos xerais. Conforme a estatística fiscal de 2020 consta a cifra total de 8.081 procedementos de VP ingresados en Fiscalía, con descenso interanual de -1.898 (-19,02%). Pola súa banda, a estatística xudicial, como vimos, ofrece a cifra total de 13.199 procedementos tramitados no ano e 11.370 incoados. Polo que os procedementos ingresados en Fiscalía en 2020 equivalen ao 61,22% e ao 71,07%, respectivamente, dos tramitados e incoados nos xulgados de VP.



■ *Datos particulares por materias*

<b>PROCEDEMENTOS DE VIXILANCIA PENITENCIARIA INGRESADOS EN FISCALIA EN 2020</b>			
<b>DATOS POR MATERIAS</b>			
	<b>MATERIA</b>	<b>CIFRA</b>	<b>% PORCENTAXE</b>
1º	PERMISOS	3.260	40,34%
2º	QUEIXAS/PETICIÓNS	1.221	15,10%
3º	SANCIÓNS DISCIPLINARIAS	1.030	12,74%
4º	CLASIFICACIÓN DE GRAO	681	8,42%
5º	TRABALLOS BENIFICIO COMUNIDADE (TBC)	589	7,28%
6º	MEDIDAS COERCITIVAS	382	4,72%
7º	REFUNDICIÓN CONDENAS	378	4,67%
8º	LIBERDADE CONDICIONAL	314	3,88%
	RESTO MATERIAS	226	2,85%
<b>TOTAL</b>		<b>8.081</b>	<b>100%</b>

■ *Datos particulares por provincias*

<b>PROCEDEMENTOS DE VIXILANCIA PENITENCIARIA INGRESADOS EN FISCALIA EN 2020</b>			
<b>DATOS POR PROVINCIAS</b>			
	<b>PROVINCIA</b>	<b>CIFRA</b>	<b>% PORCENTAXE</b>
1º	PONTEVEDRA	4.050	50,12%
2º	LUGO	2.038	25,22%
3º	A CORUÑA	1.878	23,24%
4º	OURENSE	115	1,42%
<b>TOTAL</b>		<b>8.081</b>	<b>100%</b>



---


**§ 2.2.2. DITAMES FISCAIS EMITIDOS**

---

---

**§ 2.2.2.1. DITAMES FISCAIS EMITIDOS EN PERÍODO 2015-2020**

---

**VIXILANCIA PENITENCIARIA - PROCEDEMENTOS INGRESADOS EN FISCALÍA  
GALICIA - PERÍODO 2015-2020**

\* Cifra media anual en período: 17.548 ditames.






## § 2.2.2.2. DITAMES FISCAIS EMITIDOS NO ANO 2020

### EXPOSICIÓN DE DATOS

ESTADÍSTICA 2020 DA FISCALÍA DE GALICIA – VIXILANCIA PENITENCIARIA DITAMES FISCAIS EMITIDOS - DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
	A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
PERMISOS DE SAÍDA	1.811	1.971	92	1.462	5.336	8.297	-35,68%	44,80%
CLASIFICACIÓN DE GRAO	288	410	23	371	1.092	1.806	-39,53%	9,17%
SANCIÓNS DISCIPLINARIAS	400	444	0	469	1.313	1.742	-34,62%	11,02%
LIBERDADE CONDICIONAL	210	265	0	165	640	988	-35,22%	5,37%
ARRESTO DE FIN DE SEMANA (AFS)	0	0	0	1	1	26	-96,15%	0,008%
MEDIDAS DE SEGURIDADE	4	28	0	119	151	416	-63,70%	1,27%
TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE (TBC)	5	38	0	584	627	3.179	-89,71%	5,26%
REDENCIÓNS	0	2	0	0	2	11	-81,81%	0,017%
REFUNDICIÓNS	0	322	0	227	549	805	-31,80%	4,61%
OUTRAS QUEIXAS/ PETICIÓNS	217	857	0	668	1.742	2.443	-28,69%	14,62%
COMUNICACIÓNS (INTERVENCIÓN/ RESTRICIÓN/SUSPENSIÓN)	13	35	0	28	76	146	-47,94%	0,64%
MEDIDAS COERCITIVAS (ART. 72 RP)	3	258	0	76	337	672	-49,85%	2,83%
SUSPENSIÓN EXECUCIÓN PENNA (ART. 60 CP)	2	0	0	0	2	0	200%	0,01%
APLICACIÓN RÉXIME XERAL (ART. 36 CP)	2	0	0	0	2	7	-71,42%	0,017%
ABOAMENTO PREVENTIVA	7	15	0	13	35	76	-53,94%	0,29%
INDULTO PARTICULAR	0	0	0	0	0	0	0	0
VISITAS CENTROS PENITENCIARIOS	5	2	0	0	7	18	-61,11%	0,06%
INGRESO NO CENTRO PENITENCIARIO	0	0	0	0	0	0	0	0%
LOCALIZACIÓN PERMANENTE	0	0	0	0	0	0	0	0%
ASUNTOS SANITARIOS	0	0	0	0	0	0	0	0%
LIBERDADE DEFINITIVA	0	0	0	0	0	0	0	0%
TOTAL PROCEDEMENTOS	2.967	4.647	115	4.183	11.912	20.632	-8.720 (-42,26%)	100%
% PORCENTAXE	24,91%	39,01%	0,96%	35,12%	100%	100%		100%



### VIXILANCIA PENITENCIARIA DITAMES FISCAIS POR MATERIAS GALICIA ANO 2020



#### ANÁLISE DE DATOS

■ *Datos xerais.* Conforme a estatística fiscal de 2020 constan 11.912 ditames fiscais emitidos en VP, con descenso interanual de -8.720 (-42,26%) e unha porcentaxe de 1,47 ditames por procedemento ingresado no ano (11.912/8.081).

■ *Datos particulares por materias*

DITAMES FISCAIS EMITIDOS EN 2020 EN ÁREA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA DATOS POR MATERIAS			
	MATERIA	CIFRA	% PORCENTAXE
1º	PERMISOS	5.336	44,80%
2º	QUEIXAS/PETICIÓNS	1.742	14,62%
3º	SANCIÓNS DISCIPLINARIAS	1.313	11,02%
4º	CLASIFICACIÓN DE GRAO	1.092	9,17%
5º	LIBERDADE CONDICIONAL	640	5,37%
6º	TRABALLOS BENIFICIO COMUNIDADE (TBC)	627	5,26%
7º	REFUNDICIÓN CONDENAS	549	4,61%
8º	MEDIDAS COERCITIVAS	337	2,83%
	RESTO MATERIAS	276	2,32%
TOTAL		11.912	100%



■ *Datos particulares por provincias*


DITAMES FISCAIS EMITIDOS EN 2020 EN ÁREA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA DATOS POR PROVINCIAS			
	PROVINCIA	CIFRA	% PORCENTAXE
1º	PONTEVEDRA	4.183	35,12%
2º	LUGO	4.647	39,01%
3º	A CORUÑA	2.967	24,91%
4º	OURENSE	115	0,96%
TOTAL		11.912	100%

### § 3. TEMAS E CUESTIÓNS DE INTERESE

#### POBOACIÓN RECLUSA

Os datos e información que segue, referidos a final de cada ano, son de elaboración propia a partir dos datos ofrecidos na “estadística penitenciaria” do apartado de “Administración Penitenciaria” da páxina Web do Ministerio do Interior <sup>19</sup>.

#### POBOACIÓN RECLUSA NO PERÍODO 2015-202



Cifra media anual de poboación reclusa no período: 58.766 en España e 3.265 en Galicia



## POBOACIÓN RECLUSA NO ANO 2020

■ *Datos de España.* A data de decembro de 2020, segundo resulta da estatística da Administración Penitenciaria, a cifra total de poboación reclusa (PR) en España era de 55.180, con levisimo aumento interanual de -3.337 (-5,70%); por sexos, 51.165 homes (92,72% de total) e 4.015 mulleres (7,28%).

POBOACIÓN RECLUSA (PR) ESPAÑA 2020 (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE INSTITUCIÓN PENITENCIARIAS)			
	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL	%
TOTAL	55.180	-3-337 (-5,70%)	100%
HOMES (H)	51.165		92,72%
MULLERES (M)	4.015		7,28%

■ *Datos de Galicia.* Polo que se refire á nosa comunidade autónoma en decembro de 2020 a cifra de poboación reclusa era de 2.961, con descenso interanual de - 263(-8,16%) e por porcentaxe do 5,37% en cifra correlativa estatal (55.180); por sexos, 2.770 homes (93,55% de total) e 191 mulleres (6,45%).

POBOACIÓN RECLUSA (PR) GALICIA 2020 (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE INSTITUCIÓN PENITENCIARIAS)			
	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL	%
TOTAL	2.961	-263 (-8,16%)	100%
HOMES (H)	2.770		93,55%
MULLERES (M)	191		6,45%



## SECCIÓN 2.11. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS ECONÓMICOS

§ 1. INTRODUCCIÓN. REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

§ 2. ESTATÍSTICA

§ 3. TEMAS E CUESTIÓNS DE INTERESE

### § 1. INTRODUCCIÓN. REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

#### § 1.1. A DELICUENCIA ECONÓMICA: DEREITO PENAL E SISTEMA ECONÓMICO

Partimos do feito de que esta área especializada ten por obxecto a denominada *delincuencia socioeconómica*, obxecto esencial do denominado *dereito penal económico*, fóra da que é competencia exclusiva da Fiscalía Especial contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada (art. 19.4 EOMF).

Boa parte desta *delincuencia socioeconómica* vén regulada dentro do Título XIII do Libro II do vixente Código penal (“Delitos contra o patrimonio e o orde socio-económico”), aínda que existen outros delitos, de similar natureza, tipificados noutros títulos do mesmo texto punitivo (como os delitos tributarios e contra a Seguridade Social).

Así como os *delitos estritamente patrimoniais* están orientados á protección do patrimonio individual (*dereitos económicos ligados á propiedade*), os *delitos socio-económicos* teñen como *ben xurídico protexido, de forma especial, os intereses supraindividuais, sociais ou colectivos da vida económica* (desenvolvemento da economía, sistema financeiro, sistema crediticio).

A *natureza da delincuencia económica* (DE) defínese por dúas *notas características*: a) a súa *potencialidade lesiva*, xa que causa elevados danos á sociedade e xeran un número cada vez maior de prexudicados; e b) as *dificultades inherentes á súa investigación e axuizamento*. Neste sentido apunta a Instrución FXE 11/2005, do 10 de novembro, *sobre a instrumentalización efectiva do principio de unidade de actuación establecido no art. 124 da CE* (apartado IV. B 5). Por todo iso, —di a propia instrución— “os sistemas económicos avanzados vense obrigados a establecer un marco xurídico reforzado, que inclúe o establecemento de límites penais ao funcionamento das sociedades mercantís e á actuación individual dos seus administradores”.

Esta reacción *penal específica e reforzada* fronte á DE económica vén dada non só polo incremento cuantitativo e cualitativo da mesma (favorecido pola globalización tecnolóxica e económica do mundo actual); senón tamén por unha nova conciencia e sensibilidade acerca do seu carácter daniño, tanto a nivel social como individual. Pero, sobre todo responde —salienta a instrución— a “esixencias de racionalización dos comportamentos empresariais derivadas do propio sistema económico”, a característica *economía europea de mercado único*, na que resulta fundamental “garantir certos niveis de competencia leal”.



De acordo coas directrices marcadas polo fiscal de sala delegado en materia de delitos económicos, neste apartado correspóndenos *centrar o noso interese no obxecto propio desta área especializada, concretamente os delitos societarios, os delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social e as insolvencias punibles* de determinada importancia, cando non interveña a Fiscalía Anticorrupción. Este ámbito de actuación xa foi establecido pola referida Instrución 11/2005 e lembrado, ultimamente, pola fiscalía xeral do Estado mediante decreto data 11 de decembro, relativo ao impulso da área especializada de delitos económicos.

## § 1.2. REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA EN ÁREA DE DELINCUENCIA ECONÓMICA

FISCAIS DELEGADOS E DE ENLACE EN ÁREA DE DELINCUENCIA ECONÓMICA	
FISCAIS DELEGADOS	
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	<b>D. Román Ruíz Alarcón</b> , fiscal delegado, destinado na sede principal.
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	<b>D.ª María Vázquez Gómez</b> , fiscal delegada provincial, destinada na sede principal.
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	<b>D. Miguel-Ángel Ruíz Sanz</b> , fiscal delegado provincial, destinado na sede principal
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	<b>D. Augusto Santaló Ríos</b> , fiscal delegado provincial, destinado na sede principal FP
FISCAIS DE ENLACE	
FISCALÍA DE ÁREA FERROL	<b>D.ª María Caínzos Suárez</b>
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	<b>D.ª Aránzazu San José González</b>
FISCALÍA DE ÁREA VIGO	<b>D. Juan-Carlos Horro González</b>

## § 2. ESTATÍSTICA

Á diferenza doutras áreas especializadas (violencia de xénero, seguridade viaria, menores etc.) *non existe aínda un sistema ou modelo estatístico específico para esta área de delitos económicos*. E os datos obtidos da información facilitada polas fiscalías territoriais resultan escasos ou de difícil sistematización. Por iso, a seguir faremos unha *breve exposición de datos estatísticos* que, polo menos, nos permita ter unha visión o máis certa posible deste tipo de delincuencia nas provincias de nosa CA. Nas seguintes táboas recóllense datos estatísticos sobre delitos económicos asociados a procedementos xudiciais penais (delitos incoados, cualificados e sentenciados).



## § 2.1. DATOS ESTADÍSTICOS DO PERÍODO 2015-2020

DELITOS ECONÓMICOS – PERÍODO 2015-2020			
DATOS TOTAIS (DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)			
ANO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS
2015	246	101	67
2016	160	72	79
2017	191	107	79
2018	153	56	74
2019	188	52	96
2020	103	28	27
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I)	-85 (-45,21%)	-24 (-46,15%)	-69 (-71,88%)
TOTAL PERÍODO	1.041	416	422
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO	173,50	69,33	70,33

## § 2.2. DATOS ESTADÍSTICOS DO ANO 2020

### DELITOS INCOADOS

DELITOS ECONÓMICOS INCOADOS	A	CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS SOCIECONÓMICOS (TÍTULO XII, LIBRO II CP)	15		4	6	22	47	96	-49 (-51,04%)	45,63%
INSOLVENCIA PUNIBLE	9		3	4	7	23	48	-25 (-52,08%)	22,33%
DELITOS SOCIETARIOS	6		1	2	15	24	48	-24 (-50,00%)	23,30%
DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA E A SEGURIDADE SOCIAL (TÍTULO XIV, LIBRO II CP)	13		20	3	20	56	92	-36 (-39,13%)	54,37%
DEFRAUDACIÓN TRIBUTARIA	1		0	2	15	18	34	-16 (-47,06%)	17,48%
FRAUDES COMUNITARIAS	0		0	0	0	0	1	-1 (-100%)	
CONTRA A SEGURIDADE SOCIAL	8		19	1	5	33	39	-6 (-15,38%)	37,86%
FRAUDE DE SUBVENCIÓNS	4		1	0	0	5	16	-11 (-68,75%)	
DELITO CONTABLE	0		0	0	0	0	2	-2 (-100%)	
TOTAL DELITOS ECONÓMICOS INCOADOS	28		24	9	42	103	188	-85 (-45,21%)	100%
% 2020	27,18%		23,30%	8,74%	40,78%	100%			



## DELITOS CUALIFICADOS

DELITOS ECONÓMICOS CUALIFICADOS	A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS SOCIECONÓMICOS (TÍTULO XII, LIBRO II CP)	10	0	3	1	14	30	-16 (-53,33%)	50,00%
INSOLVENCIA PUNIBLE	10	0	3	1	14	25	-11 (-44,00%)	50,00%
DELITOS SOCIETARIOS	0	0	0	0	0	5	-5 (-100%)	
DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA E A SEGURIDADE SOCIAL (TÍTULO XIV, LIBRO II CP)	3	8	1	2	14	22	-8 (-36,36%)	50,00%
DEFRAUDACIÓN TRIBUTARIA	1	0	1	2	4	10	-6 (-60,00%)	14,29%
FRAUDES COMUNITARIAS	0	0	0	0	0	0	=	
CONTRA A SEGURIDADE SOCIAL	2	8	0	0	10	11	-1 (-9,09%)	35,71%
FRAUDE DE SUBVENCIONS	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	
DELITO CONTABLE	0	0	0	0	0	0	=	
TOTAL DELITOS ECONÓMICOS CUALIFICADOS	13	8	4	3	28	52	-24 (-6,15%)	100%
%	46,43%	28,57%	14,29%	10,71%	100%			





## DELITOS SENTENCIADOS

DELITOS ECONÓMICOS SENTENCIADOS	A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I.	% 2020
DELITOS SOCIECONÓMICOS (TÍTULO XII, LIBRO II CP)	9	0	1	2	12	29	-17(-58,62%)	44,44%
INSOLVENCIA PUNIBLE	8	0	1	2	11	27	-16(-59,26%)	40,74%
DELITOS SOCIETARIOS	1	0	0	0	1	2	-1(-50,00%)	
DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA E A SEGURIDADE SOCIAL (TÍTULO XIV, LIBRO II CP)	7	0	0	8	15	67	-52(-77,61%)	55,56%
DEFRAUDACIÓN TRIBUTARIA	6	0	0	6	12	35	-23(-65,71%)	44,44%
FRAUDES COMUNITARIAS	0	0	0	0	0	20	-20(-100%)	
CONTRA A SEGURIDADE SOCIAL	1	0	0	2	3	0	3 8100%)	
FRAUDE DE SUBVENCIÓNS	0	0	0	0	0	9	-9 (-100%)	
DELITO CONTABLE	0	0	0	0	0	3	-3 (-100%)	
TOTAL DELITOS ECONÓMICOS SENTENCIADOS	16	0	1	10	27	96	-69(-71,88%)	100%
% 2020	59,26%	0%	3,70%	37,04%	100%			

### § 3. TEMAS E CUESTIÓNS DE INTERESE

#### POSIBLE FUTURO FISCAL DELEGADO DE DELITOS ECONÓMICOS EN GALICIA E A SÚA RELACIÓN CON CORRUPCIÓN (EG 17/2019)

Como apuntamos na memoria de 2019, nese ano incoárase expediente gubernativo (nº 17/2019), para abordar un estudo sobre a necesidade e oportunidade da creación da praza de fiscal delegado anticorrupción para Galicia.

Esta Fiscalía autonómica de Galicia veu propoñendo en varias ocasións a necesidade de crear un fiscal especializado autonómico integrado na Fiscalía Especial Anticorrupción. Foi a partir do ano 2011 cando comezou a patentizarse o interese e as consecuentes iniciativas desta Fiscalía autonómica en relación co fenómeno delituoso da corrupción, abordada na súa tripla dimensión política, social e económica. Desde entón, este impulso mantívose e desenvolveuse a través de distintas intervencións, memorias anuais e informes, poñendo en relación a temática da corrupción con outras conexas, como a delincuencia complexa, as seccións especializadas de investigación e a figura do fiscal delegado autonómico da Fiscalía Especial Anticorrupción. De todo iso resulta patente que, en liña coas iniciativas da FXE, a Fiscalía de Galicia ten como



*un obxectivo estratéxico e prioritario a loita contra corrupción (e a delincuencia económica transcendente), na dobre vertente preventiva e represiva.* Esas actuacións da nosa fiscalía autonómica realizáronse en liña coas da Fiscalía de Galicia en liña coas da FXE e o Consello Fiscal e a Xunta de Fiscais Superiores de CC.AA. Convén resaltar que o *Consello Fiscal, en reunión plenaria de 9 e 10 de outubro de 2018*, acordou solicitarlle ao Ministerio de Xustiza a creación dunha praza de fiscal delegado da Fiscalía Especial Anticorrupción en Galicia.

Así as cousas, o fiscal superior de Galicia considerou procedente incoar o mencionado EG 17/2019 para efectuar *un estudo sobre os asuntos de natureza económica que se tramitan na Comunidade Autónoma e identificar, na medida do posible, aqueles máis propios da competencia da Fiscalía Anticorrupción e aqueles outros que, aínda afectando á delincuencia económica, sexan alleos ao limitado elenco de delitos competencia da fiscalía mencionada e acredores, con todo, de integrarse nas competencias da Unidade Especializada da Fiscalía Xeral do Estado en Delincuencia Económica dependente do fiscal de sala delegado de delitos económicos.*

En decreto de conclusión do referido EG 17/2019, o fiscal superior acordou formular a seguinte proposta á FXE (remitida á súa Secretaría Técnica, Inspección e Unidade de Apoio): 1º) Impulsar e activar a opción de que as fiscalías provinciais da Coruña e Pontevedra aborden a posibilidade do nomeamento de fiscais integrados na Fiscalía Anticorrupción; e 2ª) En defecto do anterior, requirir a creación dun *fiscal delegado autonómico da Unidade Especializada de Delitos Económicos* entre os delegados provinciais.

Logo de tramitado o correspondente expediente gubernativo pola Inspección Fiscal (EG 473/2019), en reunión plenaria do 14 de novembro de 2019 o Consello Fiscal valorou positivamente a proposta e acordou iniciar os trámites para a creación de senllas prazas de fiscais *delegados da Fiscalía Especial Anticorrupción nas provinciais da Coruña e Pontevedra.* Tamén valorou positivamente o nomeamento *dun fiscal delegado autonómico de delitos económicos*, que abarque especificamente a delincuencia radicada na Administración Local. A fiscalía xeral do Estado fixo súa a proposta, pero considerou procedente que os respectivos fiscais xefes elaborasen previamente unha listaxe de asuntos exhaustivo e individualizado que puidese xustificar esa creación; sen prexuízo de considerar adecuado e non incompatible que o fiscal superior de Galicia constituíse a figura do fiscal delegado de delitos económicos relacionados coa Administración, que podería dar amparo ás fiscalías de Ourense e Lugo.

A Fiscalía Autonómica solicitou os referidos informes-listaxes ás xefaturas das fiscalías provinciais da Coruña e Pontevedra; tras o cal, o 26 de decembro de 2019, estes informes-listaxes foron remitidos para os fins solicitados á Inspección Fiscal. A final de 2019, estábase pendente da resposta da FXE.

Cabe engadir, finalmente, que en 2020 non tivo avance este tema. Espérase que, unha vez superada a actual situación de crise pandémica, poida ser retomado e que a FXE adopte unha resolución, favorable en liña coa proposta desta Fiscalía Autonómica.



## SECCIÓN 2.12.

### ÁREA ESPECIALIZADA DE TUTELA PENAL DA IGUALDADE E CONTRA A DISCRIMINACIÓN ("DELITOS DE ODIO")

§ 1. INTRODUCCIÓN: REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

§ 2. ESTATÍSTICA

§ 3. TEMAS E CUESTIÓN DE INTERESE

#### § 1. INTRODUCCIÓN: REDE DE FISCAIS ESPECIALISTAS EN GALICIA

FISCAIS DELEGADOS E DE ENLACE EN ÁREA DE DELITOS DE ODIO E DISCRIMINACIÓN	
FISCAIS DELEGADOS	
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	D. <sup>a</sup> M. <sup>a</sup> -Olga Serrano Pedrós, fiscal delegada provincial, destinada na sede principal desa fiscalía
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. <sup>a</sup> Claudia González Fernández, fiscal delegada provincial, destinada en Sección Territorial de Mondoñedo
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D. <sup>a</sup> Eva Regueiro Rodríguez, fiscal xefa e delegada provincial
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D. <sup>a</sup> Rebeca Rodríguez Suárez, fiscal delegada provincial, na sede principal
FISCAIS DE ENLACE	
FISCALÍA DE ÁREA FERROL	D. Miguel Armenteros León (fiscal xefe)
FISCALÍA DE ÁREA SANTIAGO	D. <sup>a</sup> Carolina Goyanes Viviani
FISCALÍA DE ÁREA VIGO	D. <sup>a</sup> Rebeca Cordeiro Villar

#### § 2. ESTATÍSTICA

Como ocorre cos delitos económicos, tamén no ámbito desta delincuencia de odio e discriminación, non existe aínda *un sistema ou modelo estatístico específico* para esta área que permita, coa debida precisión, rexistra e computar os diversos tipos delituosos que integran o amplo catálogo ao que xa fixemos referencia, alén do art. 510 CP.

Os datos e información facilitada polas fiscalías territoriais resulta escasa ou de difícil sistematización. Por tal razón, seguidamente faremos unha *sinéctica exposición de datos estatísticos*, centrada nos dous únicos tipos penais desta área que parecen recollidos no sistema de xestión procesual *Fortuny*. Por unha banda, o *delito de discriminación*, que englobaría aos



distintos tipos básicos e modalidades contempladas nos arts. 510 a 512 CP. Por outro, o delito de discriminación *laboral*.

O primeiro delito é o tipo penal máis xenérico e transversal (como a nova agravante do art. 22.4 CP), a través do cal se protexe a dignidade persoal e o dereito á igualdade e non discriminación (arts. 101. e 14 CE). En canto ao segundo delito (discriminación laboral, art. 314 CP), a súa finalidade é a de ofrecer tutela penal á discriminación no específico ámbito laboral, con base no xenérico dereito de igualdade constitucional (art. 14 CE), así como ao previsto na lexislación laboral, que lles recoñece ás persoas traballadoras o dereito á non discriminación directa ou indirecta para o emprego, ou unha vez empregados, por razóns de sexo, estado civil, idade, raza ou etnia, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación sindical ou lingua (art. 4.2 c) Estatuto dos traballadores, aprobado por RD lexislativo 2/2015).

Nas seguintes táboas recóllense algúns datos estatísticos sobre delitos de odio e discriminación, asociados a incoación, cualificación e sentenza: a) delito de discriminación xenérica (arts. 510 a 512, coas súas distintas modalidades); e b) delito específico de discriminación laboral. A fonte de procedencia son as estatísticas anuais das fiscalías provinciais, con datos rexistrados na aplicación Fortuny.

#### DELITOS INCOADOS

DELITOS INCOADOS DE ODIO E DISCRIMINACIÓN	A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I	% 2020
DELITO DE DISCRIMINACIÓN (ARTS. 510-512 CP)	6	1	0	3	10	9	1 (11,11%)	83,33%
DELITO DISCRIMINACIÓN LABORAL (ART. 314 CP)	0	1	0	1	2	6	-4 (-66,67%)	16,67%
TOTAL DELITOS INCOADOS	6	2	0	4	12	15	-3 (-20,00%)	100%

#### DELITOS CUALIFICADOS

DELITOS CUALIFICADOS DE ODIO E DISCRIMINACIÓN	A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I	% 2020
DELITO DE DISCRIMINACIÓN (ARTS. 510-512 CP)	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)	100%
DELITO DISCRIMINACIÓN LABORAL (ART. 314 CP)	0	0	0	0	0	0	=	0%
TOTAL DELITOS CUALIFICADOS	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)	100%



## DELITOS SENTENCIADOS

DELITOS INCOADOS DE ODIOS E DISCRIMINACIÓN	A CO	LU	OU	PO	GALICIA 2020	GALICIA 2019	V.I	% 2020
DELITO DE DISCRIMINACIÓN (ARTS. 510-512 CP)	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)	0%
DELITO DISCRIMINACIÓN LABORAL (ART. 314 CP)	0	0	1	0	1	1	=	100%
TOTAL DELITOS SENTENCIADOS	0	0	1	0	1	3	-2 (-66,67%)	100%

### § 3. TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE

#### § 3.1. DELITOS DE ODIOS E A SÚA RELACIÓN COAS TIC E A LIBERDADE DE EXPRESIÓN

Trátase dunha cuestión de gran interese e relevancia e moi presente na realidade diaria. Precisamente porque *dous aspectos destacados desta tipoloxía delituosa* son a súa *facilitación e magnificación a través das TIC e as redes sociais (difusión mediática)*, así como a súa *confrontación co exercicio da liberdade de expresión*.

**DIFUSIÓN MEDIÁTICA DOS DELITOS DE ODIOS.** Efectivamente é certo e constatable que co desenvolvemento exponencial dos medios de comunicación, as TIC e as redes sociais, os delitos de odio concéntranse e potencian na súa forma típica do *discurso do odio* (declaracións intimidatorias, hostís ou discriminatorias). Esta utilización instrumental dos medios de comunicación masiva (*mass media*) e a súa enorme potencialidade expansiva supón un maior desvalor á acción e unha maior dificultade na investigación do delito e da identidade do seu autor, o que xustifica unha coherente agravación da pena (tipo agravado do art. 510.3 CP). No contexto de difusión mediática, a fundamentación da agravación radica na proxección, buscada polo seu autor, da mensaxe emitida (así, STS nº 72/2018).

**CONFRONTACIÓN DELITOS DE ODIOS/LIBERDADE DE EXPRESIÓN.** Nesta polémica cuestión a opinión doutrinal maioritaria coincide esencialmente co criterio asentado tanto polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) como polo noso Tribunal Constitucional. E tal criterio non é outro que o dereito fundamental á liberdade de expresión encontra o seu límite nas manifestacións innecesarias e excesivas, é dicir, aquelas que non se limitan ao simple cuestionamento ou crítica teórica do sistema democrático senón que, alén diso, o poñen en situación material de perigo. A maiores, podería dicirse supoñen unha quebra da “orde política e a paz social”, que se fundamenta, segundo o art. 10.1 da CE, na dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade e o respecto á lei e aos dereitos dos demais.

Para apreciar a existencia do delito de odio —matiza a Circular 7/2019— importa non só o teor literal das palabras vertidas na mensaxe, senón tamén o particular sentido ou intención



con que son utilizadas, en liña coa doutrina xurisprudencial do TC e do TS (STC Nº 112/2016 e STS Nº 31/2011). Resulta evidente que a linguaxe admite ordinariamente interpretacións diversas e, igualmente, debe terse en conta o contexto e as circunstancias de cada caso concreto (SSTS nº 299/2011 e 106/2015); así como o xogo do *principio favor libertatis* nos casos dubidosos, ao tratarse do exercicio de dereitos de liberdade de expresión e ideolóxica (arts. 20 e 15 CE), auténticos sinais identitarios dunha sociedade democrática.

Como deixou ben asentado a xa mencionada Circular FXE 7/2019, o *discurso do odio non está amparado pola liberdade de expresión* (art. 20 CE), a cal non pode colocarse nun plano de superioridade fronte á dignidade doutra persoa. A liberdade de expresión é un alicerce básico do Estado democrático, pero non é un dereito absoluto; polo que, en caso de conflito, procederá efectuar unha *adecuada ponderación dos diversos bens xurídicos en conflito*.

Neste sentido, resulta destacable a STS nº 646/2018, referida na mesma circular. Segundo esta, cómpre unha *ponderación dos valores en xogo*, é dicir, *a liberdade de expresión e a agresión a través de expresións xeradoras de odio*. Para o cal hai que partir da *constatación dunha serie de elementos*, que esencialmente son: a) o autor debe seleccionar as súas vítimas, como nos delitos de terrorismo, por motivos de intolerancia dentro os colectivos vulnerables aludidos na norma (os “grupos diana”); b) a conduta non só debe atemorizar a persoa concreta destinataria da mensaxe senón a todo o colectivo ao que pertence; c) as expresións realizadas han de supoñer unha agresión ás normas básicas de convivencia, baseadas no respecto e a tolerancia; d) debe tratarse de mensaxes merecedoras de ser cualificadas como graves e serias para a incitación á comisión de actos terroristas (art. 579 CP) ou para a xeración dun sentimento de odio que lesione a dignidade; e e) debe existir no autor un ánimo de agresión, polo que quedarán excluídas as manifestacións pretendidamente hilarantes e as efectuadas desde a vinganza puntual, desprovistas da necesaria medida.

---

### § 3.2. ESTATÍSTICA ADMINISTRATIVA (RESUMO)

---

Polo menos desde 2013, o Ministerio do Interior vén elaborando datos estatísticos e informes anuais sobre a evolución dos incidentes relacionados cos delitos de odio en España, que poden consultarse na súa web oficial <sup>20</sup>. Nestes informes compútanse como “delitos de odio” os referidos aos seguintes ámbitos: 1) racismo/xenofobia; 2) orientación/identidade sexual; 3) crenzas/prácticas relixiosas; 4) antisemitismo; 5) diversidade funcional; 6) aporofobia; 7) ideoloxía; 8) discriminación por razón de sexo/xénero; ás que se engadiron dúas máis finalmente: 9) discriminación por razón de enfermidade; e 10) discriminación xeracional ou por idade (edadismo, *ageims* anglosaxón)

*Destacamos resumidamente os seguintes datos do último informe anual publicado, referido ao ano 2019:*



**DELITOS DE ODIO- INFORME AÑO 2019 DE MINISTERIO DO INTERIOR  
DATOS TOTAIS DE ESPAÑA E PARTICULARES DE GALICIA**

	ESPAÑA		GALICIA		% de Galicia en España
FEITOS COÑECIDOS	1.706 (aumento interanual 6,76%)	100%	76 (aumento interanual 80,95%)	100%	4,45%
FEITOS ESCLARECIDOS	988 (aumento interanual 11,64%)	57,91%	47 (aumento interanual 128,57)	61,84%	4,76%
DETENCIÓNS/ INVESTIGACIÓNS	590 (aumento interanual 7,66%)	34,58%	47 (aumento interanual 250%)	27,63%	7,97%
VITIMIZACIÓNS	1.684 (aumento interanual 8,16%)		79 (aumento interanual 276,19%)		4,69%





CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# CAPÍTULO III

**TEMA ESPECÍFICO DE OBRIGADO TRATAMENTO: INCIDENCIA DA PANDEMIA  
POR CORONAVIRUS NA ACTIVIDADE ESPECIALIZADA DO MINISTERIO FISCAL**



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

## **PARTICULARIDADES DETECTADAS DURANTE A CRISE SANITARIA NAS DIFERENTES ORDES XURISDICIONAIS E ÁMBITOS DE ACTUACIÓN PROPIOS DOS FISCAIS DE SALA COORDINADORES E DELEGADOS. DISFUNCIÓNS, NOVAS NECESIDADES E PROPOSTAS DE FUTURO PARA MELLORAR O SERVIZO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA, TAMÉN EN CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS**

---

### **§ 1. CONSIDERACIÓNS PRELIMINARES**

---

A aparición e desenvolvemento do coronavirus COVID-19 en todo o planeta durante 2020 determinou unha resposta multiforme, social, económica, sanitaria e política suxeita a estudo e revisión, que aínda continuará polo menos durante 2021. No que a España se refire, motivou, entre outras cousas, a aplicación dun arsenal normativo disperso que comeza coa publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da crise sanitaria. Durante todo o ano diversas cuestións, problemas e solucións foron obxecto de numerosas actuacións nas fiscalías, que baixo a dirección e mando único da Fiscalía Xeral se plasmaron en decretos e comunicados tanto da Excm. Sra. fiscal xeral, como da Inspección Fiscal, Unidade de Apoio, Secretaría Técnica e Unidades Especializadas (Contencioso-Administrativo, Vixilancia Penitenciaria, Civil, Social, Violencia sobre a muller, Medio Ambiente, Estranxeiría, Menores...) que regulaban numerosas cuestións xurídicas e fácticas: servizos esenciais, formularios, informes periódicos (servizos mínimos, seguimento do coronavirus, atestados policiais por delitos contra a orde pública e cibercriminalidade relacionados co estado de alarma, cuestións organizativas e funcionais, incidencias en residencias de persoas maiores, subministración de equipos de protección e EPI, servizos presenciais e dispoñibilidade de fiscais e funcionarios, procedementos xudiciais, dilixencias de investigación penal e preprocesuais relacionadas coas residencias de maiores.), notas de servizo, notas internas, videoconferencias, propostas de medidas para o plan de desescalada na Administración de Xustiza, protocolos, teletraballo, guías de actuación en casos de infección positivas do virus, continuación da actividade xudicial, comparecencias, conciliación familiar etc. Pola súa banda o Ministerio de Xustiza e a Xunta de Galicia ditaron resolucións, decretos e normativa respecto diso no ámbito organizativo.

---

### **§ 2. FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

---

A Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, en coordinación puntual e continua coa Fiscalía Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e a Comisión de Seguimento da Comunidade Autónoma realizou informes, notas de servizo, salvocondutos, videoconferencias, comunicados (telefónicos, mails profesionais e WhatsApp) con todas as Institucións involucradas na xestión da COVID-19, as fiscalías territoriais e fiscais afectados polo virus. Todo iso quedou reflectido no Expediente Gobernativo núm. 7/2020.



Do sucedido durante o ano 2020 parece necesario destacar en primeiro lugar que a pandemia afectou a 8 fiscais e 2 funcionarios das fiscalías territoriais de Galicia que resultaron contaxiados sen necesidade de hospitalización. Iso supuxo o 4,90 % dos fiscais e o 1,51 % de persoal colaborador, sobre un total de 163 fiscais (147 titulares e 16 substitutos) e 132 funcionarios que integraron os respectivos cadros de persoal. En total o 3,38% de fiscais e funcionarios das fiscalías.

<b>PERSOAS AFECTADAS POLA PANDEMIA COVID-19 DURANTE 2020 EN FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA</b>				
	<b>NÚMERO AFECTADOS</b>	<b>CADRO DE PERSOAL</b>	<b>% PORCENTAXE AFECTADOS/ PERSOAL</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
<b>FISCAIS</b>	8	163 (147 TITULARES E 16 SUBSTITUTOS)	4,90%	SEN NECESIDADE DE HOSPITALIZACIÓN
<b>FUNCIONARIADO</b>	2	132	1,51%	SEN NECESIDADE DE HOSPITALIZACIÓN
<b>TOTAL AFECTADOS</b>	10	295	3,38%	SEN NECESIDADE DE HOSPITALIZACIÓN

Por razóns loxísticas, operativas e de eficiencia foi a través da Fiscalía Superior e o seu equipo presencial e en teletraballo desde onde se coordinou o seguimento de todas as incidencias e informes relativos á COVID-19. Os informes, en ocasións diarios, elaborados polo fiscal superior e os fiscais xefes territoriais foron coordinados, ordenados e sistematizados polo fiscal superior e o seu equipo.

Referido exclusivamente á pandemia, durante 2020 a Fiscalía Superior tramitou 9 dilixencias de investigación penal e 4 dilixencias preprocesuais civís propias, a maioría relativas ás residencias de maiores.

No ámbito xudicial, o Tribunal Superior de Xustiza tramitou, relacionadas coa pandemia, varios asuntos xudiciais. A Sala do contencioso administrativo tramitou 32 asuntos relativos a recursos contra actos limitativos de dereitos derivados da pandemia, 28 polo trámite de dereitos fundamentais e 5 en procedemento ordinario. Na Sala do Social foron 3 os asuntos, 1 por despedimento colectivo e 2 de impugnación de convenios colectivos por condicións de traballo modificadas pola pandemia. Na orde penal a Sala do Civil e do Penal tramitou 1 procedemento por delito de omisión do deber de socorro e prevaricación por razóns da pandemia que terminou en arquivo. Na orde civil ningún.



**DILIXENCIAS FISCAIS RELACIONADAS COA PANDEMIA COVID-19  
TRAMITADAS DURANTE 2020 POR FISCALÍA DA CA DE GALICIA**

	Nº	% PORCENTAXE TOTAL DILIXENCIAS	OBSERVACIÓNS
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)	9	16,98% (DE TOTAL 53 DIP INCOADAS)	DILIXENCIAS MAIORITARIAMENTE RELACIONADAS CON RESIDENCIAS DE PERSOAS MAIORES
DILIXENCIAS PREPROCESUAIS (DPP)	4	25% (DE TOTAL 16 DPP INCOADAS)	
TOTAL DILIXENCIAS	13	18,84% (DE TOTAL DE 69 DILIXENCIAS INCOADAS)	

**PROCEDEMENTOS XUDICIAIS RELACIONADOS COA PANDEMIA COVID-19  
TRAMITADOS DURANTE 2020 POR SALAS DE TSX DE GALICIA**

SALA TSX	Nº	MATERIA/OBXECTO
SALA CONTENCIOSO-ADVO.	32	ASUNTOS RELATIVOS A RECURSOS CONTRA ACTOS ADMINISTRATIVOS LIMITATIVOS DE DEREITOS DERIVADOS DA PANDEMIA
	28	ASUNTOS POR TRÁMITE DE DEREITOS FUNDAMENTAIS
	5	ASUNTOS POR TRÁMITE DE PROCEDEMENTO ORDINARIO
	65	TOTAL ASUNTOS CONTENCIOSO-ADVOS.
SALA SOCIAL	1	ASUNTO TRAMITADO POR DESPEDIMENTO COLECTIVO
	2	ASUNTOS TRAMITADOS POR IMPUGNACIÓN DE CONVENIOS COLECTIVOS, POR CONDICIÓN DE TRABAJO MODIFICADAS POLA PANDEMIA
	3	TOTAL ASUNTOS SOCIAIS
SALA CIVIL E PENAL	1	ASUNTO PENAL TRAMITADO POR DELITO DE OMISIÓN DO DEBER DE SOCORRO E PREVARIACIÓN POR RAZÓN PANDEMIA (ARQUIVADO)
	0	ASUNTOS CIVÍS
	1	TOTAL ASUNTOS EN ORDES PENAL E CIVIL
TOTAL ASUNTOS SALAS TSX	69	

A xestión e incidencias nas residencias de maiores provocaron na Fiscalía da Comunidade Autónoma diversas actuacións e dilixencias. Na nosa opinión foi un acerto operativo centralizar os datos e informes a través das fiscalías superiores, e no que á nosa Comunidade se refire así mesmo, a recepción diaria continuada nas fiscalías e en particular na Superior dos datos oficiais fornecidos pola Dirección Xeral de Maiores e Discapaces da Consellaría de Política Social complementados en ocasións polos das propias residencias.

A 31 de decembro de 2020 a pandemia provocara 3.312 residentes maiores contaxiados e 571 falecidos, o que supuxo o 40,99 % do total de persoas falecidas por COVID en Galicia durante o ano. Catro centros concentraron o 43 % dos falecementos (tres de Domus VI de Santiago, Barreiro-Vigo e Aldán-Pontevedra e A nosa Señora da Esperanza de Ourense). Galicia ocupou así o posto 12º de España en mortes por coronavirus.



A Comunidade Autónoma conta con 380 centros residenciais (86 públicos e 294 privados) diferenciados en residencias, fogares residenciais, vivendas comunitarias e apartamentos tutelados). O número total de residentes é de 22.125 e o de traballadores 18.201.

<b>CENTROS RESIDENCIAIS DE PERSOAS MAIORES EN COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b>			
	<b>Nº</b>	<b>% PORCENTAXE</b>	
CENTROS PÚBLICOS	86	22,63%	
CENTROS PRIVADOS	294	77,37%	
TOTAL CENTROS	380	100%	
PERSOAS MAIORES RESIDENTES	22.125	54,87%	RATIO DE 1/1,21 TRABALLADOR/ RESIDENTE MAIOR
PERSOAS TRABALLADORAS	18.201	45,13%	
TOTAL PERSOAS EN CENTROS (SUMA DE MAIORES E TRABALLADORAS)	40.326	100%	

<b>PERSOAS MAIORES RESIDENTES (PMR) AFECTADAS POR PANDEMIA COVID-19 CONTAXIADAS E FALECIDAS EN GALICIA DURANTE 2020</b>		
	<b>Nº</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
PMR CONTAXIADAS	3.312	14,97% DE TOTAL MAIORES RESIDENTES (22.125)
PMR FALECIDAS	571	40,99% DE TOTAL FALECIDOS GALICIA
CONCENTRACIÓN FALECIMENTOS		0 43% DE FALECIMENTOS, CONCENTRADO EN 4 CENTROS: 3 DE "DOMUS VI" (centros de Santiago, Barreiro-Vigo e Aldán-Pontevedra); e 1 DE NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA (Ourense)

### ***Previsión, expectativas e planificación da xestión.***

Consecuencia inexorable da pandemia é a opinión estendida sobre a necesaria revisión do modelo residencial dos maiores.

En España coexisten residencias públicas, privadas e concertadas, de 12, 50 ou 300 prazas... E son máis parecidas a hoteis que a centros hospitalarios.

En Galicia as consellarías de Política Social e Sanidade crearon un Comité Asesor Sociosanitario que propuxo as bases dun novo modelo sobre tres alicerces: o aproveitamento das potencialidades da tecnoloxía que deberá poñerse ao servizo da calidade de vida dos usuarios dos centros residenciais; a procura de melloras estruturais e arquitectónicas nos edificios, e o avance na coordinación entre os servizos sociais e os sanitarios. Tendo en conta estes aspectos o Comité considera necesario abordar unha revisión profunda do sistema residencial, tanto no que se refire a tipoloxía como á carteira de servizos ou á estrutura organizativa do persoal. E



a partir de aí, definir aspectos como o número máximo de usuarios por habitación, o tamaño dos espazos comúns ou o modelo de integración coa atención primaria. Pola súa banda as novas residencias han de ter en conta factores como a poboación e a súa estrutura por idades, ou a elección de emprazamentos que favorezan a integración dos usuarios. Todo iso significa, engadimos nós, un maior orzamento público e máis gasto privado. A calidade hai que melloralala, pero habemos de asumir que hai que pagala. Propúxose por algúns autores a distinción entre centros pequenos e habitables, o máis parecido a unha casa, permeables, integrados na súa comunidade e barrio, onde os concellos provean atención social e xerontolóxica e que o sistema público de saúde proporcione os servizos sanitarios médicos, de enfermería, farmacia, fisioterapia e atención psicolóxica. Doutra banda, os centros grandes dedicados ao dano cerebral dexenerativo, á ortoxeriatria e oncoxeriatria sectorizados en pequenas unidades. Por último, a creación de servizos xeriátricos. Naturalmente todo iso cun período de tempo de acomodación dos centros aos novos requisitos.

Pola súa banda a Fiscalía Superior de Galicia, ademais da irrenunciable función tuitiva do Ministerio Fiscal nos ámbitos de menores, discapaces, maiores e persoas desvalidas, debe atender con especial dilixencia este espazo de tutela, por unha banda, exercitando o pertinente control institucional, por outro colaborando coa Xunta de Galicia e entidades encargadas para elaborar unhas mellores condicións dos maiores e discapaces residentes nos centros da Autonomía. O control concretarase fundamentalmente a través do delegado autonómico de Civil e Discapaces e a coordinación do fiscal superior baixo as directrices da Unidade Especializada de Discapaces da Fiscalía Xeral do Estado. Os plans de continxencia, os de realización de probas para a detección e programas de vacinación, os sistemas de coordinación co Servizo Galego de Saúde (SERGAS) dos centros residenciais, os plans de inspección, ratios de persoal das residencias, coberturas de prazas, son algúns dos parámetros que mensualmente se analizan e estudan. Ademais, efectúase un control periódico mensual sobre as dilixencias abertas e en trámite nas fiscalías territoriais. A colaboración plasmarase nas reunións e contactos coa Consellaría de Política Social da Xunta de Galicia desenvolvendo un labor detallado de iniciativas nesta materia. Todo iso, e o seu devir inmediato require certamente un esforzo de control, colaboración e coordinación da Fiscalía Superior e as territoriais.



## § 2. FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA (COMPENDIO SINTETIZADO DAS SÚAS RESPECTIVAS MEMORIAS ANUAIS)

**FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA.** Reflicte esta Fiscalía na súa Memoria:

- A situación de alerta sanitaria, condicionou de modo extraordinario a actividade das fiscalías.

-Na primeira fase, coa suspensión dos prazos, chegou a paralizar a actividade de vistas e xuízos, e mesmo da tramitación ordinaria do despacho de expedientes, limitada ás actuacións esenciais.

-A presenza nas dependencias da Fiscalía de Fiscais e de Funcionarios de xestión, tramitación e auxilio reduciuse aos niveis mínimos imprescindibles, non soamente polos permisos por circunstancias de conciliación familiar e por situacións de risco, senón pola redución presencial regulamentaria, botándose en falta a posibilidade de organizar quendas de mañá e tarde, xa nos propios órganos xudiciais, e de implementar un sistema regrado de teletraballo nos corpos de xestión e tramitación, o que tería redundado nunha prestación máis satisfactoria para o cidadán deste servizo público, lastrado desde a folga de 2018 de funcionarios de xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia. Para paliar a situación, esta xefatura, durante os tres meses do primeiro estado de alarma, solicitou en varias ocasións á Dirección Xeral de Xustiza (Consellaría de Presidencia e Xustiza da Xunta de Galicia) o establecemento dunhas quendas en xornadas partidas, así como a instalación dos computadores asignados aos funcionarios nos seus domicilios para acometer un teletraballo eficaz. Sobre estas propostas non se recibiu ningunha contestación por parte da Dirección Xeral.

-A prestación dos servizos polos fiscais nas quendas de presenza que se organizaron, nas gardas, e no teletraballo foi satisfactoria respecto de case todo o persoal.

-Na primeira fase xeneralizouse a intervención mediante videoconferencia dos fiscais encargados dos xulgados de fóra da capital, práctica que non se interrompeu co levantamento do estado de alarma e da suspensión dos prazos no mes de xuño, coa que se continuou ou durante o verán e o segundo estado de alarma.

### ■ ***Incidencia da pandemia en violencia de xénero***

- Xulgados de Instrución.

Durante o estado de alarma paralizouse a instrución das causas nesta materia. Con todo, cumpríronse escrupulosamente os servizos esenciais asistindo persoalmente ou por vía telemática ás vistas para a adopción das medidas cautelares, sempre oíndo o fiscal, como mínimo, á vítima e o investigado. Teño que resaltar que nesta materia o número de solicitudes de medidas cautelares é elevado. Tamén houbo supostos que, aínda que a vítima non a solicitaba ou non formulaba denuncia esta Fiscalía instou a celebración da comparecencia,





especialmente no Xulgado de Violencias sobre a Muller núm. 1 da Coruña. En definitiva, tratouse, nunha situación de crise, de dar unha resposta adecuada que garantirá os dereitos da vítima e do investigado. Sen dúbida, os fiscais encargados desta materia, a pesar das dificultades, foron os funcionarios máis implicados e afectados pola situación vivida.

-Existiron problemas nas videoconferencias, sendo nalgunhas o son de moi baixa calidade, con dificultades para entender o que se dicía, defecto que se arrastrou á gravación do acto. En particular, nas celebradas co investigado detido que non era trasladado ao xulgado. Este problema acrecentábase cando a conexión era con varios usuarios.

Procedementos civís, simplemente suspendéronse na súa maioría. Os supostos en que se acudiu á adopción das medidas previstas no artigo 158 foron irrelevantes, pois se adoptaron ao amparo do artigo 544 ter no procedemento penal. O novo procedemento relativo os réximes de visitas, e suspensións das mesmas durante o estado de alarma e posterior compensación e continuación do réxime resultou irrelevante e de escasa ou nula incidencia. Houbo algún suposto illado no que se solicitou a suspensión do réxime de visitas, pero sen consecuencia posterior.

-A paralización da instrución e dos procedementos civís supuxo un atraso considerable nestes xulgados.

-Outra consecuencia que afectou a estes xulgados especializados é que desde mediados de marzo ata mediados de xullo se paralizou a realización das valoracións integrais e dos informes psicosociais, se xa, por si, o atraso era importante pasouse a un incremento de aproximadamente catro meses na demora, de tal ámbito penal sobre un ano e en civil un ano e tres meses, algo intolerable, polas consecuencias que esa demora ten para as partes e menores, e o aumento da conflitividade que provoca.

-Xulgados do Penal.

O xulgado do penal con competencia exclusiva só celebrou durante este período as causas con preso, situación que durou ata mediados de xullo. Porén, non supuxo un atraso relevante pois ao se paralizaren as causas nos xulgados de instrución case non entraron asuntos novos e practicamente non tiña demora antes do estado de alarma.

-Sección Especializada da Audiencia Provincial.

Celebrou, en primeira instancia, as causas con preso.

E paradoxalmente o período de paralización durante o estado de alarma serviu para que se reducise sensiblemente o atraso ao resolver os recursos que tiña pendentes e non entrar un número alto de novas causas.



### ■ ***Incidencia nos delitos de tráfico de drogas***

A pesar das restricións que supuxo para a mobilidade e o transporte o estado de alarma, constatouse que se realizaron operacións de tráfico e de venda polo miúdo, saltándose os consumidores as restricións de mobilidade como claramente resulta das actas de intervención governativa de drogas, non foron raros os supostos de propostas por tenencia destas substancias e por non cumprir as restricións de mobilidade, e do desenvolvemento de operacións policiais.

*Incidencia en seguridade viaria*

A declaración do Estado de Alarma para canalizar as medidas adoptadas co fin de combater a pandemia da COVID-19, provocou un cambio na evolución dos índices da criminalidade no que respecta aos delitos contra a seguridade viaria. En concreto, é de salientar que experimentaron un descenso estatístico, tanto en referencia aos distintos tipos penais, como en materia de celebración de xuízos e falecementos; todo iso, consecuencia directa, por unha banda, da baixa intensidade de circulación e, por outra, aínda que se mantíña a cantidade de controis preventivos, reduciuse o número de probas a realizar en cada un deles.

### ■ ***Incidencia en Vixilancia Penitenciaria***

Ao longo das diferentes páxinas da memoria de vixilancia penitenciaria xa se deslizou como inevitablemente a situación de emerxencia sanitaria afectou ao normal funcionamento do traballo.

Desde un punto de vista sanitario cómpre manifestar que as medidas estritas tomadas pola Dirección do Centro Penitenciario de Teixeira se mostraron moi eficaces, ata o punto de que entre os internos non se detectou ningún caso de infectado polo virus en todo o ano e segundo se nos informa ata a data do 31-12-2020 permaneceron en observación por sospeita de posible contaxio un total de 9 internos e 1 interna.

As medidas, como noutros centros, consistiron esencialmente, en varios períodos de tempo e con distintas intensidades, na suspensión dos permisos de saída, das comunicacións íntimas e familiares e mesmo das comunicacións por locutorios evitando, nalgún momento a entrada total de persoas alleas á actividade do centro penitenciario.

Aínda que a incidencia nos internos foi nula, nos funcionarios durante o ano 2020 detectáronse ata 5 positivos á COVID-19, o que obrigou a tomar as correspondentes medidas de illamento dos compañeiros.

Non se nos facilitaron datos sobre o CIS da Coruña nesta materia aínda que na visita realizada en decembro de 2020, durante as fases máis duras da pandemia potenciouse todo o posible a permanencia no seu domicilio dos condenados que polo seu grao de tratamento puidesen manterse nesa situación e que os casos de internos detectados como positivos ocorreron cando estaban nos seus domicilios polo que non foron necesarias medidas de illamento no CIS para o resto de internos.



En canto á situación xudicial e fiscal durante os meses de confinamento o despacho de papel reduciuse drasticamente.

Cómpre indicar tamén que, malia desta situación de continuas intermitencias na posibilidade de saídas, os internos dos centros penitenciarios baixo o noso territorio competencial mantiveron en liñas xerais un comportamento exemplar sen que se producisen incidencias de convivencia dignas de destacar.

Loxicamente algúns internos elevaron algunhas queixas ao xuíz de vixilancia penitenciaria pola suspensión do goce de permisos xa concedidos, pero non foron un número de queixas excesivas apenas unha ducia, e foron resoltas en todos os casos polo xulgado en sentido negativo. Nas resolucións xudiciais en tal sentido o xuíz considera que a orde de dirección que suspende esas saídas e comunicacións supón unha limitación dos dereitos dos internos en situación de pandemia non prevista na normativa penal pero considera que o xulgado non pode declarar a súa nulidade porque lle corresponde á xurisdición contencioso administrativa (Ar. 9.4 da LOPX) e aínda que se pode deixar de aplicar unha norma en canto sexa contraria á Constitución, á lei ou ao principio de xerarquía normativa (Art. 6 da LOPX), considera que aínda recoñecendo a extralimitación da orde referida, en canto non se reduce a regular cuestións de xestión interna senón que modula algún dos dereitos dos internos para limitalos e en tanto non se decreta a súa nulidade pola Xurisdición competente, estímase que a pesar da dita extralimitación, procede manter as medidas adoptadas en canto as limitacións se establecen ponderando a prevalencia do dereito fundamental á vida e á saúde dos internos que a Administración Penitenciaria ten que salvagardar conforme o Art. 3.4 da LOXP, tomando en conta ademais o Art. 3.2 da LOXP que permite limitar os dereitos dos internos en canto o seu exercicio sexa incompatible co cumprimento da condena, incompatibilidade que ata hoxe non se expuxo no medio penal dada a situación extraordinaria e nova de pandemia mundial por coronavirus que afecta de xeito especialmente grave a España e finalmente que ditas limitacións foron sometidas a control xudicial por vía de queixa (Art. 76-.2-g do Rp) o que permitiu valorar a súa necesidade, idoneidade e proporcionalidade, polo que termina desestimando as queixas.

Sinalar ademais que o cumprimento dos traballos en beneficio da comunidade se viu entorpecido principalmente durante a época do confinamento. A Sección de Vixilancia desta Fiscalía comentou co xuíz de vixilancia a nota de servizo 2/20 do 8-4-2020 na cal se avogaba por dar por cumpridas (nas condicións que se menciona nesa nota) as xornadas de TBC coincidentes coa pandemia. Despois do seu estudo, o xuíz de vixilancia penitenciaria decidiu asumir o criterio desa nota polo que non foi preciso recorrer ningunha decisión contraria a ese criterio. Ademais neste territorio tampouco se presentaron problemas competenciais sobre o órgano xudicial competente para dar por cumpridas as xornadas de TBC coincidentes co estado de alarma, e a dita declaración foi realizada polo xulgado de vixilancia penitenciaria ao que non puxeron problemas ningún dos xulgados ou tribunais encargados das correspondentes executorias polo que ningunha cuestión de competencia debeu exporse respecto diso, como nos consta, tivo que facerse noutros territorios.



Finalmente poñer de manifesto que a situación de pandemia tivo a súa lóxica consecuencia na eliminación das visitas presenciais aos centros penitenciarios, así como á propia redución do número anual desas visitas.

Das 5 visitas realizadas no ano só foron presenciais dous delas e o resto foron telemáticas mediante o uso da videoconferencia. Destacar que non existen queixas de internos nin polo uso da tecnoloxía para estas visitas nin pola falta de entrevistas cos fiscais debido a que sempre que se pediu unha entrevista en ningún caso se deixou de atender, aínda que se acudiu a estes medios telemáticos.

#### ■ ***Incidencia en Delincuencia informática***

Sobre a incidencia da pandemia pola COVID-19 detectouse un aumento en certa actividade delituosa relacionada co confinamento: as estafas por Internet aumentaron un 450% (de 116 a 638 procedementos incoados por dilixencias previas), acoso a través da rede un 900% (de 1 a 10 procedementos) e delitos relacionados coa pornografía infantil un 33% (de 90 a 12 procedementos). Agraváronse tamén as consecuencias da falta de medios persoais e materiais por parte de Policía e Garda Civil á hora de investigar os delitos informáticos (os delitos son cada vez máis sofisticados na súa comisión o que implica un maior esforzo na investigación que se traduce na práctica en que se prolonga no tempo e tamén no prazo para entregar informes técnicos sobre análises de dispositivos). Se hai que sinalar algún aspecto positivo é o descubrimento das posibilidades para o desenvolvemento da nosa actividade das novas tecnoloxías (reunións online, asistencia a dilixencias xudiciais e a xuízos por videoconferencia, teletraballo etc.).

#### ■ ***Incidencia na Sección de Civil***

Nos Xulgados de Familia, con competencia en materia de discapacidade, a primeira e máis visible consecuencia da crise sanitaria do ano 2020, é que se produciu un número elevado de arquivos de tutela por falecemento dos tutelados, e igualmente os procedementos de incapacitación en trámite, tamén se arquivaron por falecemento do presunto incapaz.

Tramitáronse e celebráronse as correspondentes vistas orais, dos procedementos que se regularon de forma específica como consecuencia de tal crise sanitaria, nos que se pedía, a recuperación dos fins de semana non gozados polo proxenitor non custodio e dos días intersemanais igualmente non gozados (en case todos os procedementos destas características chegouse a un acordo polos letrados dos proxenitores).

No mencionado período non se celebraron as habituais reunións periódicas cos representantes dos organismos encargados da defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios debido aos riscos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19.

Na Fiscalía de Área de Santiago resaltan que debemos de sinalar que debido á paralización da actividade xudicial durante a primeira declaración do estado de alarma (marzo-maio de 2020)



demorouse a tramitación das ditas dilixencias preprocesuais de discapacidade, en parte polo propio atraso na práctica e emisión dos informes médicos.

Tras a declaración polo Goberno de España do estado de alarma o día 14 de marzo de 2020 e en cumprimento das instrucións recibidas pola Fiscalía de Sala do Civil do Tribunal Supremo realizáronse as seguintes actuacións:

- contactouse persoalmente con todos/as os/as directores/as de centros residenciais para a remisión vía correo electrónico dos datos solicitados pola dita Fiscalía de Sala.
- a través desta vía mantívose contacto permanente cos centros residenciais, os cales fixeron chegar á Fiscalía problemas de todo tipo: falta de material de protección, problemas de xestión da situación dos residentes, problemas de coordinación entre as consellarías da Xunta de Galicia con competencias nesas materias (especialmente entre Sanidade e Política Social), sanidade mortuoria...
- recibíronse denuncias e queixas sobre a xestión da atención a residentes en concreto nos centros residenciais xestionados por “Domusvi” tanto en Santiago de Compostela (“San Lázaro” e “Fundación Camilo-Otero e Carmela Martínez”) como en Noia e Ribeira

Abríronse dilixencias preprocesuais de carácter civil números 5/2020 e 9/2020, esta última en relación coa xestión da situación dos residentes durante a pandemia por parte do centro “Domusvi-San Lázaro”.

Debido á situación de pandemia por COVID-19 tanto os recoñecementos médicos-forenses como as exploracións xudiciais están a realizarse a través de videoconferencia ou telefonía móbil ou aplicacións tipo Skype coas consecuentes limitacións en canto ao establecemento dunha boa comunicación sobre todo neste campo en que son persoas con discapacidade sensorial, psíquica e intelectual. Ademais, debemos de sinalar que non todas as persoas que se relacionan coa Administración de Xustiza e a Fiscalía dispoñen dos ditos medios de comunicación e contacto.

#### ■ **Incidencia en sinistralidade laboral**

A incidencia da pandemia nos delitos de sinistralidade laboral foi bastante escasa. Houbo algunhas denuncias que foron sobresidas, e figura unha en trámite de dilixencias previas por un delito dos arts. 316 e 318 do Código penal. É unha causa que se segue contra o administrador e xerente da entidade OHL INGESAN da Coruña e outras persoas que puidesen resultar responsables, por canto desde que o 14 de marzo de 2020 se decretou o estado de alarma e considerouse o servizo de axuda a domicilio un servizo esencial, por atender persoas altamente vulnerables e o sector da poboación máis directamente afectado pola COVID (as persoas máis vellas), os traballadores da referida entidade recibiron ordes de desempeñar o seu traballo sen que se lles proporcionasen EPIS para o desempeño do seu labor e, en concreto, máscaras.



### ■ *Incidencia en tutela penal da igualdade, discriminación e odio*

As restricións ocasionadas pola pandemia derivada do SARS-Cov-2 tiveron as súas consecuencias nas reunións e/ou comunicacións persoais de denuncias que se adoitaban levar a cabo por parte das asociacións de protección das vítimas e colectivos tradicionalmente discriminados. O mesmo ocorreu coas reunións con mandos policiais encargados da especialidade, onde o contacto se mantivo vía telefónica á hora de coordinar as actuacións para levar a cabo en investigacións en curso ou de establecer puntos de actuación en relación cos delitos da especialidade. A asistencia das asociacións que teñen por obxecto a defensa de colectivos que habitualmente son obxecto de delitos de odio á sede de Fiscalía viuse anulada, e mantívose o contacto vía telemática

**FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.** Resalta esta Fiscalía na súa Memoria:

-O tremendo impacto da pandemia, subliñando que, porén, non o foi na capacidade de traballo e a resposta fiscal aos requirimentos dos servizos de garda ou actividades orais ou escritas onde se revelou especialmente eficaz a tecnoloxía instalada e a súa utilización eficiente.

-A modificación das formas habituais de traballo reducindo os servizos presenciais, salvo nos servizos esenciais, non así a actividade de resposta a órganos xudiciais ou actividades esenciais onde se mantiveron a presenza, incluída a telemática e non se reduciu un chisco a presión.

-O noso sistema de conformidades funcionou á perfección e numerosas foron as logradas e a celebración inmediata de xuízos posteriores con ratificación de conformidade realizados de forma telemática.

-A fiscalía incrementou a súa actividade en materia de discapacidade e controis de residencias de anciáns, isto supuxo un alto nivel de información que precisou a dedicación case exclusiva á materia dun dos fiscais encargados dela, sendo solicitada información sobre a mesma desde instancias superiores, sen que saibamos a xustificación da devandita información. O certo é que sobre a cuestión foron formuladas numerosas denuncias por desatención das residencias referidas, que foron arquivadas, ao non contar con materia penal para continuar na súa investigación ao non revestir os feitos nin formas dolosas nin imprudentes, sen prexuízo de posibles esixencias de responsabilidade futura da administración supervisora ou no seu caso persoais de determinadas persoas.

-Na orde administrativa as sucesivas modificacións das normas de pandemia esixiron resolucións dos tribunais contenciosos, e por iso informamos en todas elas tras elevar consulta e dación de conta á fiscalía de sala do contencioso. En todos os casos non nos opuxemos ás medidas establecidas polas autoridades administrativas.

-Na orde social tamén se produciron efectos como consecuencia da nova situación



cando se solicitaron medidas e medios no ámbito social e con base niso a adopción de medidas cautelarisimas que instaban ou requirían material anti COVID, sobre a cuestión interviñemos informando en dúas ocasións, unha canalizada cara á orde xurisdiccional contenciosa administrativo e outra que se mantiña na orde social.

-Na orde penal a pandemia reduciu a actividade delituosa, aínda cando, cómpre dicilo, seguramente hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou, así en violencia de xénero e doméstica, onde o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas que a fría estatística non reflicten e que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada, de forma que pronto, entendemos, xurdirá un goteo de procedementos cuxa orixe ou aparición se deriva da pandemia.

-Producíronse tamén rexistros sorprendentes noutras materias, como é o caso do tráfico de drogas, onde baixou a presión do *menudeo*, pero a pandemia foi con todo utilizada polas grandes organizacións e os niveis de aprehensión producidos neste exercicio foron enormes, tanto polas cantidades como polos medios utilizados para entrar no noso territorio, sendo para ese efecto ilustrativo o uso dun semisumexible con forma de submarino co que se pretendía introducir gran cantidade de cocaína.

-En materia de delitos patrimoniais as cifras baixaron, pero o certo é que destacaron as novas formas de execución mediante o uso dos medios telemáticos. Non queremos dicir con isto que nos atopemos ante delitos informáticos *strictu sensu*, pero é certo que a situación xerada pola COVID supuxo a adquisición de bens usando sistema de envío a domicilio, selección do ben a través de plataformas e pagos posteriores usando as tarxetas de crédito con códigos seguros de verificación e en ocasións estas fórmulas debidamente alteradas xeraron certo número de incidencias delituosas nesta materia.

-Outra forma de delito foi unha modalidade específica de desobediencia, xerada sobre todo por persoas indixentes ou sen teito as cales neste período foron recluídas en centros sociais e prohibíuselles a saída destes salvo para os efectos permitidos. Nestes períodos foron reiteradamente atopados fóra dos centros de acollida, malia as ordes expresadas da policía que unha vez os localizaban procedía a reintegralos no centro. Foi preciso facer todo un construto do delito de desobediencia ás ordes da autoridade para poder facer efectiva a súa estancia e cómpre dicir: que nin así se logrou reter a estas persoas nos seus centros, o que xerou unha tensión nos corpos de seguridade do estado, que se vían impotentes para reter e que eran conscientes de que a imposición de multas administrativas non tiña ningún obxecto ante a indubidable perspectiva de falta de pagamento. Como dicimos, foi construída unha fórmula para habilitar a desobediencia, con requirimentos concretos e advertencia de poder incorrer nun ilícito penal para poder atallar estes incumprimentos. A fórmula será revisada nos órganos xudiciais proximamente, pero pensamos que con dubidosas posibilidades de éxito.



*A Fiscalía de Área de Vigo incorpora máis puntos de relevo:*

-Continuación e non interrupción da actividade xudicial e fiscal.

A Fiscalía de Área tivo posibilidade real de despachar papel e seguir coa tramitación ordinaria dos procedementos de forma virtual (motivo polo que se considera desproporcionada a paralización da actividade xudicial).

Igualmente, os funcionarios da oficina puideron continuar coa tramitación ordinaria das causas ao asumir voluntariamente a conexión en remoto cos seus terminais de uso persoal. (Por este motivo considérase esencial a existencia de stock de material informático, así como innecesaria a interrupción da actividade das oficinas xudiciais). A atención e asistencia a xulgados de garda —especialmente en relación os xulgados afastados da sede en Vigo— púidose levar a cabo conectándonos en remoto a través da aplicación cisco meeting. Igualmente, e aínda cando a conexión virtual non fose posible, estimamos que a presenza física e celebración de xuízos de forma ordenada, restrinxida e con espazos e marxes amplos, fose totalmente asumible. De feito, a situación epidemiolóxica en Galicia na actualidade é moito peor que no mes de marzo e continuamos coa nosa actividade habitual. A interrupción das Actividade xudicial supuxo unha vulneración do dereito ao acceso á xustiza daqueles cidadáns afectados por decisións administrativas restritivas de dereitos.

-Adopción de medidas sanitarias eficaces.

Tales como a restrición de acceso dos cidadáns e profesionais segundo previa cita. A instauración de quendas na oficina combinando a xornada presencial co teletraballo. A organización da súa axenda por parte de cada fiscal de forma que compatibilicen a súa situación e necesidades familiares co despacho de papel, asistencia a xuízos e entrevistas na sede da fiscalía, sen necesidade de acudir diariamente á sede. Mantemento de distancias e ventilación suficiente.

-Activación sección de conformidades

Desde que se decretou a activación da xustiza potenciouse con todos os fiscais de persoal o impulso das conformidades, repartíronse en proporción os xuízos suspendidos ao longo dos meses de marzo, abril e maio e adoptáronse medidas sanitarias seguras para evitar a trasfega de profesionais pola sede de fiscalía, mantivéronse por vías telemáticas conversacións ata chegar a acordos. Ditáronse un total de 535 sentenzas de conformidade ao longo do ano 2020, a maior porcentaxe corresponde ao último semestre do ano.

-Estreito seguimento de sectores vulnerables (residencias de anciáns, menores, discapacitados)

Tendo en conta que moitas residencias estiveron en situacións de colapso e de crise, e precisaron dunha intervención por parte da Xunta de Galicia, desde a Fiscalía procurouse coñecer as súas necesidades e as súas carencias. Mantivéronse contactos tamén cos servizos sanitarios cando se estimou pertinente ante situacións que nos parecían alarmantes.





Concretamente incoouse un expediente de dilixencias civís por cada residencia, ao que se lle ían unindo os partes diarios remitidos polas residencias.

-Anticipación na transmisión de instrucións desde a Fiscalía Xeral do Estado para unha actuación unificada do Ministerio Fiscal

Tanto nos meses de confinamento como na etapa de desescalada, como na actualidade en que as cifras son nalgunhas CC.AA., particularmente en Galicia, mesmo máis alarmantes que no mes de marzo, producíronse certas vacilacións na actuación dos Ilmos. Sres. Fiscais en relación con moitas cuestións e que ao noso xuízo se evitaron impartindo instrucións ou notas internas (como as emitidas en materia de internamento de estranxeiros ou de vixilancia penitenciaria en canto ao cumprimento de TBC):

Instrucións ou ditames sobre a interpretación da legalidade vixente en cada momento segundo as diferentes fases para facilitar unha unificación de criterios en determinadas materias como a posibilidade de formular escritos de acusación por desobediencia do estado de alarma etc... Estas dúbidas permanecen vixentes na actualidade de acordo coa normativa estatal e autonómica segundo a situación sanitaria de cada comunidade e as correspondentes restricións de dereitos fundamentais.

Unificación de criterios sobre os informes enviados ao MF polos xulgados de garda no caso de adopción de medidas colectivas de confinamento en municipios por parte das autoridades sanitarias.

Unificación de criterios en materia de vacinación de incapaces ou persoas privadas da súa capacidade de emitir un consentimento válido.

Unificación de criterios en materia de posible interrupción do dereito de visitas dos menores.

-Petición racional de información ás fiscalías territoriais

Ao longo da pandemia pedíuselles ás fiscalías territoriais información sobre moi variados asuntos respecto da cal descoñecemos a súa finalidade ou utilidade, pero que en todo caso sobrecargaron tanto ao persoal de fiscais como á xefatura, sen que ata a data saibamos ou coñezamos as conclusións ou solucións tomadas en relación aos datos remitidos.

**FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO.** Subliña o seguinte na súa memoria:

■ **Área civil e discapacidade**

É de salientar, en relación coa situación provocada pola pandemia, que na provincia de Lugo, as exploracións xudicial e forense das persoas cuxo internamento se refire, esixidas no artigo 763 LAC, e o mesmo se se trata de presuntos discapaces, por tanto, estas exploracións, como



proba necesaria segundo o artigo 759 LAC, realízanse telematicamente, co que consideramos que existe unha diminución evidente dos dereitos das persoas de cuxo internamento ou discapacidade se trata, por moi ben que funcione o sistema telemático (por certo en Lugo non funciona especialmente ben, dependendo do día con numerosos fallos no sistema de videoconferencia) a inmediatez que requiren as exploracións non se atopa garantida na súa totalidade.

Como consecuencia evidente tamén da pandemia, este ano na provincia de Lugo non se realizaron visitas de inspección ás residencias e centros de atención das persoas maiores. Na nosa provincia existen 158 centros de maiores e discapacitados, incluídos tamén os centros de día, e os fiscais por razóns de restricións impostas polas administracións correspondentes para salvagardar a saúde dos residentes non acudiron a realizar as visitas que de non ter sido así se realizarían (aínda que é de salientar que en Lugo o limitado do persoal e a ausencia dunha exclusividade, por tanto, no desempeño dos labores no servizo de discapacidades fai inviable a visita a todos os centros de forma regular). Pero o feito de non realizar visitas non significa que a Fiscalía estivese ausente do control da situación nas residencias da nosa provincia, incoándose dilixencias preprocesuais tanto de natureza civil como penal na nosa provincia derivadas de denuncias ou situacións nas residencias das que tiñamos coñecemento. Así se incoaron:

- Catro dilixencias preprocesuais civís: 1/2020; 2/2020; 5/2020; 6/2020. Por contaxios de residentes e denuncias por supostos abusos sobre familiares nalgunhas residencias da provincia.
- Tres dilixencias preprocesuais civís: 10/2020; 11/2020; 12/2020, tamén por positivos en residencias.
- Unhas dilixencias de investigación penal: 39/2020, por denuncia de falecementos en residencias.

Todas estas dilixencias están arquivadas por non resultaren indicios de incumprimentos legais nas circunstancias denunciadas, malia tratarse de situacións evidentemente lamentables pero derivadas da excepcionalidade da situación que nos sobreveu a todos os niveis no ano 2020.

No ámbito da discapacidade e protección das persoas maiores, evidentemente a pandemia afectou de forma especialmente cruel, e puxo de manifesto a nula existencia de protocolos de urxencia derivados dun eventual acontecemento de saúde pública que afecte os maiores e especialmente os maiores que se atopan en residencias e centros, e desde logo unha total desconexión entre o Estado e as Comunidades autónomas, cuestión que debería ser abordada para o efecto e como previsión de futuro. E é unha cuestión que a cidadanía non entende, a situación de desamparo en que se viron as persoas maiores nas residencias e sen poder ter relación cos seus familiares, aos cales non se lles daba a posibilidade de acceder a ver os seus parentes, evidentemente por razóns de saúde, pero quizais sería procedente acordar un protocolo ou unha normativa xeral para toda España sobre criterios básicos para actuar en



caso de pandemia ou situación excepcional nos centros residenciais de persoas maiores, que son os máis vulnerables e os máis necesitados de protección.

#### ■ **Área contenciosa-administrativa**

En relación coa incidencia por coronavirus no ámbito desta xurisdición temos que sinalar a ausencia de incidencias relevantes. En relación coa ratificación de medidas acordadas polas sucesivas ordes sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, cómpre sinalar que o número de procedementos informados foron os seguintes:

Do Xulgado do Contencioso número 1, os procedementos Núm. 14/20, 15/20, 16/20, 17/20, 121/20, 122/20, 128/20 e 174/20.

Do Xulgado do Contencioso número 2, os procedementos con número 111/20, 123/20, 156/20, 161/20 e 179/20.

#### ■ **Área social**

Da análise dos datos estatísticos solicitados, así como en consideración á actividade desenvolta pola Fiscalía ao longo do exercicio 2020, non cabe deducir, no que concirne á actividade sobre a materia, unha especial incidencia da situación de alarma sanitaria decretada por razón da pandemia pola COVID-19.

Do mesmo xeito que ocorre con carácter xeral en todas as xurisdicións, si se produciu unha evidente demora ou retardación na tramitación procedemental no ámbito xudicial como consecuencia das restricións impostas por razóns de seguridade e saúde pública, tales como a situación de confinamento da poboación, diminución do persoal, problemática derivada da interrelación con outros organismos, institucións ou entidades públicas ou privadas igualmente afectadas pola situación, ou a suspensión ou cancelación de múltiples actos procesuais de tramitación ou axuízamento por imposibilidade de ser levados a cabo. Con todo, estes efectos negativos non resultaron tan acusados no ámbito de actuación do Ministerio Fiscal nesta xurisdición, tendo en conta que se centra naqueles procedementos nos cales se expón a vulneración de dereitos fundamentais e, conseguintemente, gozan dunha maior celeridade e preferencia na súa tramitación e resolución.

A circunstancia máis destacada e nova respecto de exercicios anteriores radica na presentación de catro demandas que deron lugar á incoación dos correspondentes procedementos xudiciais ante a xurisdición social, nos cales, xunto coa pretensión sobre o fondo, pola cal se pretende a condena da parte demandada, solicitábase a adopción de medidas cautelarisimas *inaudita parte* en materia de dereitos fundamentais para a protección do dereito á vida e á integridade física e prevención de riscos laborais, todas elas vinculadas coa situación excepcional provocada pola COVID-19, e solicitábase en todos os casos, de forma moi xenérica e inconcreta, ben a corrección dos métodos ou condicións de traballo ou a realización de test de detección de anticorpos.



### ***Especialidade de violencia de xénero***

Se hai algo que marcou este ano, foi a crise sanitaria provocada polo coronavirus-SARS-CoV-2. Durante o estado de alarma acordado por RD 463/2020 do 14 de marzo, as denuncias en materia de violencia de xénero e doméstica diminuíron notablemente respecto de anos anteriores. A partir de maio as denuncias foron aumentando e en xuño de 2020 o número de denuncias alcanzaba as cifras chegadas antes da declaración do estado de alarma.

A pandemia provocou que deban observarse certas precaucións para evitar posibles contaxios, o que se traduce nun atraso na tramitación dos procedementos. Ao tratar de evitarse o contacto entre os profesionais, funcionarios, cidadáns, o número de dilixencias que se practican no xulgado nun día é menor. A videoconferencia aínda cando facilita a práctica das declaracións, está condicionada á existencia dunha sala libre, ao seren as salas de vistas compartidas polo menos con outro órgano xudicial. Outra das dificultades que expón e que xera atrasos e que non sempre se ten boa conexión coa persoa que ten que declarar por videoconferencia. E en ocasións os fiscais encargados da tramitación dos asuntos atopámonos con que a gravación das declaracións de denunciante, investigado ou testemuña, non se entenden, o que supón ter que solicitar a súa repetición ante a imposibilidade de despachar o procedemento.

### ***Especialidade de medio ambiente e urbanismo***

Non se observou que a pandemia por coronavirus tivese unha incidencia especial nos delitos propios da especialidade, aínda que, por suposto si tivo incidencia, (malia que non poida constatarase que sexa debida ás características dos delitos que nos ocupan), a paralización da actividade co confinamento, os casos activos e as restricións impostas por razóns de seguridade e saúde pública, nunha menor celeridade na práctica de dilixencias necesarias para o esclarecemento dos feitos dalgúns procedementos e nas suspensións dalgúns xuízos orais.

### ***Especialidade de Sinistralidade laboral***

Resulta indiscutible o feito de que a situación de alarma sanitaria decretada por razón da pandemia pola COVID-19 sufrida ao longo deste exercicio levou consigo, xunto cun prolongado confinamento da poboación, unha paralización ou diminución da actividade laboral e a consecuente crise económica en amplos sectores sociais. Aínda que esta inactividade ou redución laboral, nomeadamente naqueles ámbitos máis proclives, por razón da natureza propia da súa actividade, a dar lugar a posibles situacións de risco para a vida ou integridade física dos traballadores, puidese presupoñerse que tivese a súa correspondente repercusión nunha menor existencia de situacións de risco ou de efectivos resultados lesivos, o certo é que os datos estatísticos derivados da aplicación informática non son o suficientemente concluíntes como para corroborar esta idea. Así mesmo, como xa se apuntou anteriormente, podería considerarse que a redución no número de procedementos xudiciais ou dilixencias de investigación penal do Ministerio Fiscal incoados durante o ano 2020 obedece tamén e de forma significativa ao atraso sufrido na tramitación administrativa e na actividade dos organismos encargados de fornecer a *notitia criminis*. Así mesmo, o incremento na pendencia de asuntos sobre a materia ou a diminución de resolucións xudiciais, deberse ao atraso padecido en maior



ou menor medida na instrución sumarial dos procedementos derivada de múltiples factores derivados das restricións impostas por razóns de seguridade e saúde pública, como a situación de confinamento, diminución do persoal, problemática da interrelación con outros organismos, institucións ou entidades públicas ou privadas igualmente afectadas pola situación, suspensión ou cancelación de múltiples actos procesuais de tramitación, investigación ou axuizamento por imposibilidade de seren levados a cabo etc.

### ***Especialidade de seguridade viaria***

Canto á incidencia da pandemia por coronavirus na actividade especializada do Ministerio Fiscal e ás particularidades detectadas durante a crise sanitaria detectouse un atraso na tramitación de todos os procedementos que se seguen como dilixencias previas de procedemento abreviado con carácter xeral e que afectou por tanto tamén aos procedementos en materia de seguridade viaria, e no mesmo sentido, a crise sanitaria tamén provocou a suspensión de comparecencias de conformidade nos xulgados do penal e de sinalamentos de xuízos previstos nestes xulgados.

Fóra do atraso na tramitación da instrución ou da suspensión de sinalamentos non se detectou unha concreta incidencia da crise sanitaria na tramitación para a instrución destes delitos.

### ***Especialidade de menores***

En relación coa incidencia da pandemia por coronavirus na xurisdición de menores, sen prexuízo do xa indicado en apartados anteriores desta memoria, cabe destacar as seguintes cuestións:

Por mor da declaración do estado de alarma o 14 de marzo de 2020 suspendéronse as declaracións presenciais de investigados e testemuñas na sede da Fiscalía e non se renovaron ata mediados do mes de xuño. Nos supostos nos que un menor debía ser posto ao dispor da Fiscalía de Menores, as declaracións dos mesmos efectuáronse polo sistema de videoconferencia do que dispoñían a Comisaría de Policía Nacional de Lugo e a Comandancia da Garda Civil de Lugo. Producíronse supostos nos cales a detención dos menores se levou a cabo nun posto da Garda Civil que non dispoñía de sistema de videoconferencia e os menores foron trasladados á capital para a súa declaración e posterior celebración da medida cautelar que se ía solicitar, xa que o Xulgado de Menores tamén celebraba a comparecencia do art. 28 da LORPM por videoconferencia tanto coa sede policial como coa fiscalía de menores. No xulgado unicamente estaban presentes, a xuíza, a letrada da Administración de Xustiza, o representante do equipo técnico e a persoa de auxilio xudicial. A entrevista previa á cautelar que mantiña o equipo técnico co menor e a súa familia efectuábase tamén por videoconferencia. Normalmente o avogado da defensa atopábase nas dependencias policiais co menor e o seu representante legal. Como na Fiscalía non se dispón de sistema de gravación, xa se informaba diso con carácter previo, indicando que tras a declaración ía ler o fiscal a acta da dita declaración que asinaría só o fiscal presente e se lle remitiría ao letrado por correo electrónico.



Débase dicir que sempre existiu unha plena colaboración e coordinación entre policía/garda civil, letrados, xulgado, fiscalía, entidade pública e os propios menores e os seus proxenitores.

A celebración das audiencias de menores tamén se viu afectada pola declaración do estado de alarma e malia a este fóronse celebrando as audiencias que se consideraron máis urxentes ao estaren os menores cumprindo unha medida cautelar de internamento. Así o día 29-4-20, ao estar próximo o cumprimento do prazo de 6 meses de internamento cautelar en centro terapéutico en réxime pechado no EXR núm. 95/20 seguido polo homicidio cometido por un menor na persoa da súa nai, convocáronse as partes para unha posible conformidade, que finalmente se alcanzou.

Como se consideraba que este sinalamento para posibles conformidades era un mecanismo que permitía celebrar audiencias sen que fose preciso a participación dun número elevado de persoas, ao compareceren por videoconferencia tanto o menor desde o centro ou, se for o caso, desde o seu domicilio, o letrado desde o seu despacho, o representante da entidade pública desde a súa sede e o fiscal tamén desde a sede da Fiscalía, fóronse sucedendo diversos sinalamentos, así o 11-5-20 celebráronse dúas audiencias e xa desde o dous de xuño de 2020, todos os martes fóronse sinalando diversas audiencias para conformidades, mantendo sempre con carácter previo conversación o fiscal, en primeiro lugar, co equipo técnico para valorar cal era a medida para expor para a conformidade á vista das circunstancias actualizadas do menor e con posterioridade o fiscal falaba co letrado da defensa e negociábase a conformidade. Inicialmente cada fiscal celebraba as audiencias dos expedientes que cualificara pero con posterioridade xa non se considerou preciso este criterio, salvo que as circunstancias do feito o esixisen. Nos escasos supostos en que non se producía a conformidade, entón sinalábase para outro día a nova data de audiencia con citación xa das testemuñas e/ou peritos, declarando algúns destes tamén por videoconferencia.

Desde o 14 de marzo de 2020, a intervención do fiscal perante o xulgado de menores foi sempre por videoconferencia, tanto para a celebración de audiencias como para as comparecencias de medidas cautelares, salvo no suposto dalgún xuízo concreto en que o fiscal estimou que era mellor a súa presenza na sede xudicial. O representante da entidade pública sempre interveu tamén por videoconferencia. Ademais, con anterioridade á pandemia, estaban presentes no acto de audiencia todos os integrantes do equipo técnico pero desde marzo de 2020 só o fai un deles. Todo iso vén motivado polas dimensións da sala de vistas que non permiten unhas distancias de seguridade entre todos os intervinientes.

Desde setembro de 2020, cando se foi normalizando un pouco máis a situación e o xulgado estimou que era máis educativo para os menores expedientados a súa comparecencia na sede xudicial para celebrar a audiencia, o menor debía acudir ao xulgado asistido polo seu letrado, de non ser así algúns participaron por videoconferencia desde o seu domicilio e en ocasións desde o despacho do seu letrado. En todos os supostos en que o menor e o seu letrado non se atopaban no mesmo espazo, ofrecíaseles a posibilidade a eles de realizar unha entrevista reservada antes do inicio do auto de audiencia a través do sistema de videoconferencia.



Desde o 14 de marzo de 2020, durante o período de confinamento máis estrito, a presenza na sede da Fiscalía non era diaria e en todo caso só acudía o fiscal que estaba en funcións de garda, a garda ordinaria realizábase desde o domicilio e a comunicación co xulgado para as notificacións ordinarias e para realizar os informes nos expedientes de execución era vía correo electrónico, existindo un fluído contacto telefónico entre a xuíza de menores, a LAX e o fiscal. O certo é que a finais de abril xa se produciu unha presenza máis continua na sede da fiscalía e en maio xa se desenvolveu de forma diaria.

Facilitou que puidese traballar o fiscal desde o seu domicilio o feito de habilitar unha conexión remota co computador da sala de declaracións e cos computadores de cada un dos fiscais da sección, o que permitía acceder á aplicación Minerva e traballar sen problemas nas dilixencias preliminares e expedientes de reforma. Vantaxe esta da cal nos podemos aproveitar desde ese momento.

Desde a declaración do primeiro estado de alarma suspendéronse tamén as visitas presenciais aos centros de menores, e renováronse con posterioridade a través do sistema de videoconferencia, sen prexuízo dos contactos telefónicos que puidesen ter lugar para abordar cuestións puntuais durante o período de confinamento máis severo.

Esta situación creada pola pandemia e a necesidade de utilizar dunha maneira máis habitual os medios telemáticos como son a videoconferencia, tanto para declaracións como para entrevistas cos centros, puxo de manifesto a necesidade de que na sala de declaracións da sección de menores se dispoña dun aparello de videoconferencia, xa que se ten que utilizar o aparello da biblioteca da fiscalía para as declaracións dos detidos usando así o fiscal o seu portátil con acceso remoto ao computador da sala de declaracións, tamén revelouse fundamental dispoñer dun sistema de gravación. Isto motivou que o fiscal xefe de Lugo, tras falar cos fiscais da Sección, o expuxese na Comisión Mixta de Coordinación entre o Ministerio Fiscal e a Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia celebrada o 16-12-20, e se solicitase aparello de videoconferencia para a sala de declaracións, así como poder dispoñer dun sistema de gravación.

O feito de que pola situación de pandemia se tivesen que paralizar durante o tempo máis estrito do confinamento as declaracións ordinarias de investigados e testemuñas tivo como consecuencia a prescrición dalgúns procedementos por delitos leves dado o breve prazo de tres meses que fixa a lei para este tipo de ilícitos e, nalgún caso de escasa relevancia, visto o tempo transcorrido desde a comisión do feito e tendo en conta cando se podería ter por concluído un expediente e celebrada a audiencia, se non existían responsabilidades civís ou se resarciron, fíxose uso da figura da desistencia de incoación de expediente, quizá dunha maneira máis frecuente que en anos anteriores.

Esta situación derivada da pandemia repercutiu tamén no tipo de medidas a impoñer aos menores, así unicamente se impuxeron tres medidas de prestacións en beneficio da comunidade, dúas con anterioridade á declaración do estado de alarma e unha con posterioridade nunha sentenza



ditada en setembro de 2020. Tamén foi o motivo polo que se impuxeron cinco medidas de amoestación en supostos de escasa entidade, para así executar de forma inmediata a medida. Durante a situación de pandemia máis severa, as medidas de liberdade vixiada e tarefas socioeducativas foron obxecto de seguimento telemático e mesmo telefónico por parte da entidade encargada da execución deste tipo de medidas sen que se producise ningunha incidencia de relevancia.

Consta que se deixou sen efecto unha medida de prestacións en beneficio da comunidade que se iniciou con anterioridade ao 14 de marzo de 2020 á vista de que o período cumprido con anterioridade ao estado de alarma o fora de xeito satisfactorio e o menor estaba a cumprir ademais outras medidas de menores de forma favorable.

### ***Especialidade de delitos informáticos***

Da análise dos datos estatísticos solicitados, así como en consideración á actividade desenvolta pola Fiscalía ao longo do exercicio 2020, non cabe deducir unha especial incidencia da situación de alarma sanitaria decretada por razón da pandemia pola COVID-19 no que concirne á actividade criminal sobre a materia, non se detectou un aumento na comisión de delitos a través dos diversos medios tecnolóxicos, nin casos que respondan ou sexan froito especificamente da dita excepcional situación.

Porén, do mesmo xeito que ocorre con carácter xeral en todas as xurisdicións, si se produciu unha evidente demora ou retardación na tramitación procedemental no ámbito xudicial como consecuencia das restricións impostas por razóns de seguridade e saúde pública, tales como a situación de confinamento da poboación, diminución do persoal, problemática derivada da interrelación con outros organismos, institucións ou entidades públicas ou privadas igualmente afectadas pola situación ou a suspensión ou cancelación de múltiples actos procesuais de tramitación, investigación ou axuízamento por imposibilidade de ser levados a cabo.

### ***Especialidade de vixilancia penitenciaria***

En relación coa incidencia do coronavirus nesta materia é de sinalar que a pandemia afectou dunha forma importante. Así se suspenderon as visitas aos centros penitenciarios aínda que se mantivo o contacto cos centros por vía telefónica, coa dirección dos centros e membros da Xunta de Tratamento así como polo sistema de videoconferencia con todos aqueles internos que o solicitaron, a última celebrouse o 19 de febreiro deste ano 2021.

Aínda que ao principio só se despacharon os asuntos esenciais, ao pouco tempo empezouse a despachar todo tipo de asuntos co fin de evitar atrasos ou acumulacións posteriores.

Por parte dos centros adoptáronse medidas co fin de paliar na medida do posible os efectos do coronavirus en relación cos internos, así se ampliaron o número de chamadas e facilitóuselles aos internos a realización de videochamadas aínda que entendemos que sería necesario a





ampliación de medios para a súa realización.

É de sinalar a ausencia de positivos entre os internos así como un bo comportamento pola súa parte durante a pandemia.

En relación coa incidencia en determinados asuntos cómpre sinalar que o estado de pandemia si influíu nos supostos de cumprimento da liberdade condicional no seu país de orixe dada a cancelación de voos.

**FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE.** Esta Fiscalía pon de relevo:

A declaración do estado de alarma (*RD 463/2020, do 14 de marzo*) determinou a paralización da Administración de Xustiza, coa única excepción dos servizos considerados esenciais. A incidencia da pandemia pola COVID nos procesos xudiciais en curso supuxo a suspensión de todos os prazos procesuais, así como a suspensión dos prazos de suspensión e caducidade de todo tipo de accións. O Acordo da Comisión Permanente do CGPX do 18 de marzo de 2020 estableceu que durante a vixencia do período de suspensión dos prazos procesuais non procederá en ningún caso a presentación de escritos procesuais de maneira presencial, limitándose a forma telemática a aqueles que teñan por obxecto única e exclusivamente actuacións procesuais declaradas urxentes e inaprazables.

Os *efectos negativos* da pandemia no ámbito da actuación do Ministerio Fiscal:

-A inexistencia dun Servizo de Prevención de Riscos Laborais na Carreira Fiscal.

As competencias en materia de prevención laboral están atribuídas ao Ministerio de Xustiza con base no RD 453/2020, do 10 de marzo. O artigo 4.1.f atribúelle á Dirección Xeral para o Servizo Público de Xustiza, baixo a dirección da Secretaría Xeral para a Innovación e Calidade do Servizo Público de Xustiza a coordinación da prevención de riscos laborais.

-A suspensión temporal de visitas e inspeccións a residencias de maiores, persoas con discapacidade e centros de protección e reforma de menores.

A Fiscalía de Menores de Ourense realizou as visitas e inspeccións a través de videoconferencia pola posibilidade de entrevistarse cos menores internados nos centros de reforma e de protección e a dispoñibilidade nos mesmos de medios telemáticos.

Non foi posible realizalas nos centros residenciais de maiores dadas as características das patoloxías dos residentes.

-Outro dos efectos da pandemia foi o efecto devastador da COVID-19 nas residencias de maiores. Na Fiscalía Provincial de Ourense incoáronse 6 dilixencias de investigación penal para a investigación dos falecementos e contaxios pola COVID-19 nas residencias de maiores:



- As 35/2020 que se arquivaron o 28 de novembro de 2020.
- As 36/2020 que se atopan en primeira prórroga ata o 20 de abril de 2020.
- As 37/2020 que se arquivaron o 26 de novembro de 2020.
- As 38/2020 que se arquivaron o 12 de novembro de 2020.
- As 39/2020 que se acumularon o 20 de abril de 2020 ás 35/2020.
- As 99/2020 que se arquivaron o 20 de outubro de 2020 por estaren xudicializadas nas DPA 1929/2020 do Xulgado de Instrución número 3 de Ourense.

Estas dilixencias poñen de manifesto que durante a primeira onda existiu falta de protección do persoal (sen equipos de protección individual —EPI— nin acceso a tests PCR, escaseza de recursos e mínima asistencia médico-sanitaria, exclusión xeneralizada da derivación hospitalaria e illamento dos residentes durante semanas enteiras sen apenas comunicación coas súas familias nin co mundo exterior.

- A pandemia supuxo un aumento de litixiosidade que se sumou á situación de saturación existente nos xulgados: ERE, ERTE, despedimentos, crises matrimoniais, réxime de visitas e custodia de menores, modificación de medidas, execución forzosa en familia etc.

Cando se renovou a actividade xurisdiccional o incremento de conflitos derivados do confinamento sumado aos que xa estaban en curso e pendentes de resolución traducíronse nun maior tempo de resposta e sería necesaria a creación de mecanismos áxiles para a resolución de conflitos (mediación).

Todo iso supuxo un aumento da carga de traballo dos fiscais e da oficina fiscal.

Os *efectos positivos* da pandemia no ámbito da actuación do Ministerio Fiscal:

-A posta en marcha do teletraballo, que incrementou o uso das ferramentas telemáticas polos fiscais e supón un impulso para a implantación da fiscalía dixital.

-A potenciación do uso de medios telemáticos (videoconferencias).

-A apertura de xanelas no edificio xudicial para garantir a adecuada ventilación das instalacións, que era unha demanda de todos os colectivos desde a súa inauguración.





CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# CAPÍTULO IV

## PROPOSTAS DE REFORMAS LEXISLATIVAS



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

---

## § 1. FISCALÍA SUPERIOR DE GALICIA

---

### **Sobre a tipificación penal relacionada cos supostos de usurpación de bens inmoables a modo de reflexión**

O Código penal de 1995 introduciu a tipificación dun delito de ocupación de bens inmoables non constitutivos de morada no artigo 245:

- 1.** Ao que con violencia ou intimidación nas persoas ocupase unha cousa inmoable ou usurpase un dereito real inmobiliario de pertenza allea, impoñeráselle, ademais das penas en que incorrese polas violencias exercidas, unha multa de seis a dezoito meses, que se fixará tendo en conta a utilidade obtida e o dano causado.
- 2.** O que ocupar, sen autorización debida, un inmoable, vivenda ou edificio alleos que non constitúan morada, ou se mantiver neles contra a vontade do seu titular, será castigado coa pena de multa de tres a seis meses.

Naquel momento a doutrina penal maioritaria entendeu que para os supostos de ocupación pacífica destes inmoables era suficiente co recurso ao dereito civil resultando improcedente o penal, a pesar diso a variedade de supostos durante estes anos xeraron a aplicación do precepto con normalidade nos tribunais. Na actualidade, con todo, unha crecente corrente social aspira a unha remodelación dos tipos penais e a súa correspondente modificación do procedemento penal aplicable tendo en conta o considerable incremento de casos e a súa repercusión social e económica. De entre as propostas de autores e diversas entidades sociais, apúntanse como dignas de estudo:

-Unha reforma do artigo 245.2 do CP que leve consigo a incorporación de condutas no tipo penal respecto dos que realicen actos de mediación ou intervención para que outras persoas ocupen sen xusto título unha vivenda, inmoable ou local alleos, e en todo caso un incremento de pena, en concreto unha pena de prisión ata 1 ano, como ocorre nas lexislacións da nosa contorna, por exemplo no CP alemán no seu § 123.

-O establecemento dun tipo atenuado castigado con traballos en beneficio da comunidade nos casos en que o ocupante restituía de forma plena, directa ou indirecta, o inmoable nun prazo de 48 horas; ou cando se trate de persoas vulnerables.

-A previsión de supostos agravados impoñendo a pena superior en grao cando a ocupación se prolongue máis aló de 15 días; cando se desenvolva no inmoable ocupado unha actividade delituosa; e cando o autor ou autores formen parte dun grupo ou organización criminal.

-No ámbito procesual a inclusión nos supostos do artigo 795 LACrim dos delitos de usurpación do artigo 245 do CP, para a súa tramitación por xuízo rápido e a posible adopción de medidas cautelares na instrución sobre a base dunha pena privativa de liberdade.



---

## § 2. RESUMO DAS ACHEGAS DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA NAS SÚAS RESPECTIVAS MEMORIAS

---

### FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA.

O informe da Fiscalía de Área de Santiago de Compostela formula as seguintes propostas:

**1) Urxente necesidade de regulación específica do ingreso de persoas en centros de carácter residencial**, con expresa previsión da afectación non só ao dereito fundamental á liberdade persoal senón a outros dereitos fundamentais (liberdade e secreto das comunicacións, dignidade, intimidade...)

Urxente necesidade de regulación desde a perspectiva da adecuada protección dos seus dereitos humanos das restricións e limitacións aos dereitos fundamentais das persoas residentes en centros ben de atención á discapacidade como a persoas maiores con ou sen dependencias especialmente do dereito á protección da súa vida privada, á protección á súa saúde, á protección á súa intimidade e á súa dignidade, ao seu dereito á comunicación e á súa liberdade de expresión, dereito de relación cos seus familiares e achegados.

**2) En materia de violencia de xénero, sinala que sería conveniente impulsar unha modificación legislativa en relación á pena dos delitos de quebrantamento de condena continuados do artigo 468 pº 2 e 3 do CP.** A gravidade e a posta en perigo que representa para a vítima o incumprimento reiterado das medidas acordadas ou das penas impostas, dada a escasa gravidade da pena máxima prevista para este tipo penal, dificulta a petición da medida cautelar de prisión provisional ou o agravamento da medida no seu día acordada.

**3) Finalmente, insiste na necesidade de reformar a tipificación penal que o artigo 181 apartado segundo do Código penal fai dos casos contra a liberdade sexual baixo os efectos das chamadas drogas de submisión química**, e a necesidade de que o legislador contemple a posibilidade de que, nestes casos, se os agresores empregan para a execución destes feitos unha violencia extrema ou mesmo para os casos en que o agresor se prevale da situación da vítima ata o punto de anular completamente a súa capacidade de defensa, sexan tipificados os mesmos como constitutivos dun delito de agresión sexual e non só de abuso sexual, ao considerar que nestes casos o reproche penal que debe dárselle á conduta do autor é maior, dada a circunstancias nas que se producen os feitos ou nas que se deixa a vítima dos mesmos.

### FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

**Vinculación do precedente no proceso penal.** Despois de desenvolver diversas consideracións xurídicas sobre a cousa xulgada material, a cousa xulgada formal e a doutrina xurisprudencial respecto diso, advirte: “Do exposto infírese que existe por parte dos nosos





tribunais, especialmente do Tribunal Supremo e do Constitucional un serio intento de “racionalizar” que non se dean polos tribunais pronunciamentos contraditorios ou antitéticos sobre as mesmas cuestións, e iso porque por moito que se tenten xustificar as contradicións sobre a base da independencia na valoración e interpretación por cada órgano xudicial, o certo é que escapa á comprensión xeral do cidadán o feito de que este sexa negro ou branco segundo o xuíz que o vexa. Porén, este intento “racionalizador” choca cunha poderosa tradición xurídica contraria e un esquema de pensamento que dificultan enormemente os pasos que poidan darse nese sentido. Por iso, ao meu xuízo, sería conveniente darlle un impulso legislativo á cuestión exposta, impulso que viría completar a través da lexislación procesual penal os distintos preceptos xa mencionados neste artigo que veñen asentando a senda da vinculación do precedente xudicial. Neste sentido na LACrim poderíase regular que non se admitirá no mesmo procedemento, ou en procedementos derivados (pezas) do orixinal, a formulación de cuestións xurídicas xa resoltas por un órgano xudicial igual ou superior ao que coñeza do asunto, salvo que na formulación se acheguen novos argumentos ou razóns non considerados na resolución precedente, ou que se achegue novo material probatorio que incida sobre a cuestión. Respecto dos elementos fácticos, poderíase establecer o principio de que o xuíz se aterá á narración de feitos probados de sentenza xa firme, agás que da nova proba resulte unha valoración destes distinta, o que debe levar consigo, para o suposto de que os feitos primeiramente declarados sexan prexudiciais para o reo, a revisión da primeira sentenza (este suposto de revisión está previsto no artigo 954.4 da Ceci, trataríase dunha proposición de oficio). En canto á vinculación das sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE, do Tribunal de Dereitos Humanos, do Tribunal Constitucional xa constan preceptos na nosa lexislación que impoñer a súa observancia, e en canto ao Tribunal Supremo, aínda que o novo precepto en interese casacional vén reforzar a súa posición, non “sobraría” un pronunciamento máis claro en relación co carácter vinculante das súas sentenzas.

## FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE

**1) Reforma do artigo 416 da LACrim que exclúa as vítimas da violencia machista da dispensa a declarar e asegurar que as decisións non dependan da interpretación que faga determinado tribunal ou xuíz.** Desde 2007, viñeron recaendo sentenzas do Tribunal Supremo en que limitaba o alcance da dispensa da obriga de declarar como testemuña a parellas que no momento da declaración se atopaban en vigor. Esta forma de actuar foi recollida pola Fiscalía mediante a Circular 6/2011, do 2 de novembro, que establecía como criterio para as exparellas, o de ter que atender á súa vixencia no momento de prestar declaración. Con todo, as sentenzas do Tribunal Supremo non foron uniformes e as que se mostraron conformes a manter a dispensa do artigo 146.1 da LACrim a exparellas baseáronse na protección da intimidade familiar.

O Acordo de Pleno Non Xurisdiccional do 24/04/2013 dispoñía que *“A exención da obriga de declarar prevista no artigo 416.1 da LACrim alcanza as persoas que están ou estiveron unidas por algún dos vínculos a que se refire o precepto. Exceptúanse: a) A declaración por feitos*



*acaecidos con posterioridade á disolución do matrimonio ou cesamento definitivo da situación análoga de afecto. B) Supostos en que a testemuña compareza como acusación no proceso".* O Acordo de Pleno Non Xurisdiccional do 23/01/2018 trata o alcance da dispensa cando o familiar cesou na acusación particular, e a consideración de testemuñais en instrución, mesmo probas preconstituídas, cando se produce o acollemento da dispensa no acto do xuízo oral.

O Pleno da Sala Segunda do Tribunal Supremo cambia a súa xurisprudencia o día 10/07/2020 e senta o criterio de que as vítimas, unha vez constituídas en acusación particular, non recuperan o dereito á dispensa de declarar contra a súa parella ou determinados familiares se renuncian a exercer esta posición procesual.

## **2) A regulación a nivel estatal e/ou autonómico do uso de suxeicións físicas e farmacolóxicas nos centros residenciais da terceira idade e discapacidade; así como nos servizos diúrnos e no ámbito da enfermidade mental.**

Neste ámbito destaca o Decreto foral 221/2011, do 28 de setembro, polo que se regula o uso de suxeicións físicas e farmacolóxicas no ámbito dos servizos sociais residenciais da Comunidade Foral de Navarra; a Orde foral 186/2014, do 02 de abril, do Conselleiro de Políticas Sociais, pola que se aproba o protocolo para o uso de suxeicións nos centros residenciais de terceira idade e discapacidade e o proxecto de decreto foral polo que se modifica o Decreto foral 221/2011, do 28 de setembro, que amplía a regulación de suxeicións á área da enfermidade mental e ao ámbito dos servizos de atención diúrna e actualización da regulación á metodoloxía de atención centrada na persoa.

Esta regulación utilízase na Sección de Protección de Persoas con Discapacidade da Fiscalía de Ourense como guía á hora de supervisar as medidas de suxeición física e farmacolóxica nas visitas de inspección aos centros residenciais de maiores, persoas con discapacidade e persoas con trastornos mentais graves.

## **3) A revisión da regulación dos internamentos involuntarios** a propósito da declaración de inconstitucionalidade do artigo 763, parágrafo primeiro da LAC en virtude de sentenza do Tribunal Constitucional núm. 132/2010, do 2 de decembro, e tendo en conta os distintos colectivos aos que afecta (persoas con demencia, persoas con discapacidade psíquica e persoas con trastornos mentais graves) así como a Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade. No ámbito da saúde mental sería conveniente promover unha política de saúde mental, centrada nas persoas e en dotarlle os apoios necesarios para que poida consentir libremente sobre os seus coidados de saúde e integrarse plenamente na comunidade.





CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# ANEXO

## ABREVIATURAS E NOTAS



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

## ALGUNHAS ABREVIATURAS UTILIZADAS

**Amtega:** Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia.

**CA:** Comunidade Autónoma

**CXPA:** Corpo de xestión procesual e administrativa da Administración de Xustiza

**CPAPX:** Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

**CTPA:** Corpo de tramitación procesual e administrativa da Administración de Xustiza

**DI:** Dilixencias informativas

**DIP:** Dilixencias de investigación penal

**DU:** Dilixencias urxentes de xuízo rápido (XR)

**DP:** Dilixencias previas de procedemento abreviado (PA)

**DU:** Dilixencias urxentes de xuízo rápido

**XDL:** Xuízo por delito leve

**XR:** Xuízo rápido

**LOPD:** LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

**LOPDGDD:** LO 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**LPACAP:** Lei 39/2016, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**MXU:** Ministerio de Xustiza

**NOF:** Nova Oficina Fiscal

**PA:** Procedemento abreviado

**PX:** Procedemento do Tribunal do Xurado

**PNX:** Punto Neutro Xudicial

**PO:** Procedemento ordinario

**SL:** Sinistralidade laboral

**SP:** Sobresemento provisional

**SIMF:** Sistema de Información do Ministerio Fiscal

**SU:** sumario, fase de instrución preliminar do procedemento ordinario penal (PO)

**VCPAPX:** Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

**V.I.:** Variación interanual (diferenza de datos entre un ano e o anterior).





CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## NOTAS

- 1.** Sen contar os XDL, o total de procedementos tramitados en Galicia en 2020 é 105.535 (126.443-20.908), con descenso interanual de -14.022 (-11,73%). Tendo en conta esa cifra, entre 2015 e 2020 a cifra total de procedementos rexistraría un descenso acumulado de -110.166 (-50,07%).
- 2.** Sen contar os XDL, a cifra total de procedementos incoados en Galicia en 2020 é 74.702(90.378-15.676), con descenso interanual de -15.595 (-17,27%). Tendo en conta esa cifra, entre 2015 e 2020 o total de procedementos incoados experimentarían un descenso acumulado de -108.484 (-59,22%).
- 3.** Na cifra total de Galicia inclúense os datos das DP do TSX (25 tramitadas e 17 incoadas). Os datos provinciais recollen os datos dos órganos xudiciais provinciais.
- 4.** Na cifra total de Galicia inclúense os datos das DP terminadas no TSX (18). Os datos provinciais recollen os datos dos órganos xudiciais provinciais.
- 5.** Na cifra total de Galicia inclúense os datos das DP terminadas por arquivo no TSX (18). Os datos provinciais recollen os datos dos órganos xudiciais provinciais.
- 6.** Datos obtidos da estatística xudicial (PNX).
- 7.** Datos obtidos de estatística xudicial (PNX).
- 8.** <https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/publico/portalestadistico/>
- 9.** Esta cifra inclúe a de 17 DP incoadas no TSX de Galicia.
- 10.** Esta cifra inclúe a de 17 DP incoadas no TSX de Galicia.
- 11.** Esta cifra inclúe a de 17 DP incoadas no TSX de Galicia.
- 12.** Portal estatístico da DXVX (Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero), adscrita ao Ministerio de Igualdade:  
<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaencifras/victimasmortales/home.htm>
- 13.** Polo que se refire a lesións imprudentes no ámbito laboral, segundo resulta do balance provisional publicado polo Ministerio de Traballo, no ano 2020 consta a cifra total de 22.297 accidentes de traballo en xornada laboral, con descenso interanual de -6.867 (-23,55%).
- 14.** <https://violenciagenero.igualdade.gob.es/institucións/delegacionGobierno/home.htm>



15. <https://www.mites.gob.es/estadisticas/eat/welcome.htm>
16. Decisión Marco 2001/220/JAI do Consello, do 15 de marzo de 2001, relativa ao estatuto da vítima no proceso penal.
17. Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e o Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúe a Decisión Marco 2001/220/JAI
18. <https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es>
19. <https://www.institucionpenitenciaria.es/es/web/home/fondo-documental/estadistica-penal>
20. <https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/dynPx/inebase/index.htm?type=pcaxis&path=/Datos6/&file=pcaxis>






CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Fiscalía Superior  
da Comunidade Autónoma de Galicia**

CSV: BOPGDSPG-0eU8ULMAS-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

